

# Memoria

## Curso 2016-2017



Ceip Condessa de Fenosa  
Cod. 32015116  
O Barco de Valdeorras  
(Ourense)

## Índice de contidos

MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO.....	5
a) Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e o impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa..	5
b) Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.....	5
c) Organización de actividades extra-escolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno.....	7
d) Disponibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.....	7
e) Impulso e posta en marcha de programas de iniciativas de innovación e formación que mellore o funcionamento do centro.....	8
f) Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidades educativas especiais.....	9
g) Outros.....	9
MEMORIA FINAL DO CICLO DE ENSINO INFANTIL.....	11
Agrupamentos do alumnado e mestres/as integrantes do ciclo.....	11
Plan de adaptación:.....	11
Calendario das reunións de ciclo e temas tratados:.....	12
Consecución dos obxectivos xerais do ciclo:.....	13
Aproveitamento dos recursos humanos e materiais:.....	13
Actividades realizadas:.....	14
Outras actividades complementarias e extraescolares:.....	16
Dificultades atopadas neste curso, necesidades para o curso que vén e propostas de mellora:.....	16
MEMORIA DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA.....	18
Compoñentes do ciclo.....	18
Reunións e temas tratados.....	18
Actividades dentro do centro.....	19
Actividades fóra do colexio.....	20
Aproveitamento dos medios e recursos.....	20
Nivel de consecución dos obxectivos.....	21
Avaliación dos apoios e educación especial.....	21
<i>Valoración das actividades conxuntas ciclo inicial e ed. infantil.</i> .....	22
MEMORIA DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA.....	24
Compoñentes do ciclo.....	24
Calendarios de reunións e temas tratados.....	24
Actividades.....	24
Aproveitamento de medios e recursos.....	26
Traballo por proxectos.....	26
Nivel de consecución dos obxectivos.....	26
Lectura silenciosa.....	27
Dificultades atopadas.....	27
Avaliación dos apoios.....	27
Necesidades materiais.....	28
Actividades de reforzo cara o verán.....	28
Medidas correctoras de cara ao curso que vén.....	28
MEMORIA DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA.....	30
Compoñentes do ciclo:.....	30
Calendario de reunións e temas tratados:.....	30
Actividades dentro da aula ou centro:.....	30

Actividades fóra da aula:.....	31
Aproveitamento dos medios e recursos:.....	32
Nivel de consecución dos obxectivos:.....	32
Dificultades atopadas.....	32
Actividades de reforzo cara o verán:.....	32
MEMORIA DO DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN.....	34
Compoñentes do Departamento.....	34
Reunións e temas tratados.....	34
Marco de actuación.....	35
Aproveitamento de medios e recursos.....	36
Valoración da consecución dos obxectivos programados para o presente curso e das accións prioritarias.....	36
Dificultades atopadas. Propostas cara o vindeiro curso.....	38
MEMORIA DE AUDIÇÃO E LINGUAXE.....	40
Alumnado con N.E.A.E.....	40
Organización do alumnado.....	40
Organización do profesorado.....	40
Modelo de intervención.....	40
Obxectivos.....	41
Intervención de A.L.....	41
Avaliación.....	41
Coordinación co profesorado e reunións cos pais e nais.....	42
Melloras na aula de A.L.....	42
Propostas de mellora.....	42
MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	43
Alumnos/as con N.E.A.E.....	43
Organización do profesorado.....	43
Organización do alumnado.....	43
Modelo de intervención.....	44
Obxectivos.....	44
Metodoloxía.....	45
Actividades.....	45
Avaliación.....	47
Propostas de mellora.....	47
MEMORIA DE LINGUA INGLESA.....	49
Persoal.....	49
Actuacións.....	49
Libros de texto:.....	50
Avaliación.....	51
MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	53
Consecución de obxectivos.....	53
Educación Física e Saúde.....	54
Melloras e necesidades da Área de E.F.....	54
Actividades Extraescolares e Complementarias de E.F.....	55
Estatísticas de peso no alumnado de 6º a 3º de Primaria.....	56
MEMORIA DA AULA DE EDUCACIÓN MUSICAL.....	57
Mestres que interviñeron.....	57
Actividades realizadas e recursos.....	57
Melloras necesarias de cara ao curso que vén.....	57
MEMORIA DE RELIXIÓN.....	58

Educación infantil.....	58
Educación primaria.....	58
Valoración xeral.....	59
MEMORIA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.....	60
MEMORIA DA AXENDA 21.....	61
Comité Ambiental.....	61
Actividades.....	61
Avaliación.....	63
Aspectos a considerar para o curso que vén.....	63
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	64
Concursos.....	64
Actos solidarios.....	64
Charlas, actuacións, exposicións e proxeccións.....	65
Celebracións, saídas e excursións.....	66
COMEDOR ESCOLAR.....	70
Persoal.....	70
Funcionamento.....	70
Balance dos obxectivos.....	70
Melloras realizadas:.....	72
Anexos.....	73

## **MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO**

### **a) Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e o impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa.**

Os equipos de coordinación docente, agrupados por razóns prácticas en ciclos, reuníronse cunha periodicidade semanal, agás nalgunha ocasión especial na que se substituíu a reunión de ciclos por unha reunión xeral de carácter informativo ou para a coordinación de actividades complementarias.

Co gallo de unificar os temas das reunións e o tratamento das mesmas, facilítaselles aos coordinadores un guión (cos puntos acordados na Comisión de Coordinación Pedagóxica) dos temas a tratar, anuncios dos distintos equipos e de Actividades Complementarias, así como notas informativas, que permiten que se teña un coñecemento similar dos procesos que se realizan no colexio por parte de todos os ciclos.

Ao longo do curso tratáronse distintos temas, pero en todas as reunións houbo un tempo para acordar elementos comúns ás programacións de aula segundo o modelo de traballo achegado dende a inspección educativa. O resultado destes debates será subido á web do centro para incrementar a información do proceso do ensino ás familias.

Como órgano que pon en común as achegas dos ciclos aos distintos temas tratados e que determina as liñas de actuación unitarias está a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Este órgano reúnese os luns, agás, do mesmo xeito que os ciclos, cando se substitúe a súa reunión pola convocatoria dunha reunión xeral.

Tamén o departamento de orientación se reúne cunha periodicidade cando menos trimestral, aínda que na realidade por mor dos asuntos a tratar reúnese mensualmente.

No tocante a outros órganos, como é o claustro ou o consello escolar de centro, reúnense cando é preceptivo e cando os asuntos pendentes así o requiren.

### **b) Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.**

Hai catro eixos sobre os que xira unha boa parte do traballo no noso centro: a normalización lingüística, o coidado do medio ambiente, a atención á diversidade e as tarefas relacionadas coa Biblioteca Escolar (promoción da lectura, formacións de usuarios, alfabetización en información...).

Das propostas para o desenvolvemento destes eixos de traballo encárganse os equipos de normalización, da axenda21, departamento de orientación e o equipo de apoio á biblioteca, en bastantes ocasións traballando sobre propostas conxuntas e conseguindo unha implicación practicamente total do profesorado do centro.

Teremos que destacar a total implantación do proxecto Abalar e do proxecto EDIXGAL. Deste xeito as aulas de 5º e 6º curso de primaria contan non só cos medios técnicos para unha educación dixital, senón que a máis diso dispoñen dos libros dixitais do proxecto, enriquecidos coas achegas que fan os propios mestres nas súas áreas respectivas.

Temos que sinalar o malestar xerado nunha das aulas de 5º curso entre o profesorado e as familias pola escasa velocidade de conexión, e as dificultades para abrir os recursos dixitais do portal de EVA. Tras a visita do técnico da xunta o problema remitiu un tanto, pero aínda seguimos tendo problemas na aula, probablemente por un mal funcionamento da wifi desta aula. Teremos que insistir diante da administración educativa para acadar un mellor funcionamento destes equipamentos, xa que non é desexable que por problemas técnicos se cuestione todo un proxecto de innovación educativa.

De cara ao curso que vén seica vai haber unha serie de melloras dentro da plataforma, renovación de equipamentos para o alumnado, cun maior tamaño de pantalla, subministro de portátiles para o persoal, etc...

Con todo, unha das necesidades que temos que cubrir, reside no coñecemento por parte do profesorado de todas as potencialidades desta ferramenta, saber dos programas incluídos na maqueta abalar e os seus usos para tirarlle todo o proveito. Xa sinalabamos esta necesidade de formación na memoria do ano pasado e temos que seguir insistindo nesta, xa que non só se trata de substituír o material analóxico por outro dixital, senón de modificar o noso concepto de educación e do papel do educador, e sobre todo, a modificación do concepto do alumnado como receptor da educación para se converter en artífice do seu propio proceso educativo.

No que atinxe ao resto do centro, este ano adquirimos unha pizarra para a aula de música, co que rematamos a dotación básica para todo o centro deste tipo de dispositivos. Tamén recibimos dous ordenadores de sobremesa como dotación da Consellería. Aínda así non podemos darnos por satisfeitos no que atinxe a este apartado xa que moitos equipos están xa nun estado de deterioro pola súa idade e o moito uso que se lles dá, que resulta necesario pensar na súa substitución.

A aula de ordenadores segue a cumprir a súa función, sendo empregada polas clases sen equipamento Abalar en horas de desdobres, nas clases de iniciación á informática en infantil e nas clases de Alfabetización en Información, así como en actividades extra-escolares organizadas polo concello do Barco.

A sala contaba co sistema operativo MiNiNo Ártabros, pero decidimos cambiar a Xubuntu, xa que tiñamos serios problemas á hora de configurar a rede nos equipamentos que había que restaurar, así que optamos por estoutro sistema, moito máis eficaz neste aspecto. Aínda así teremos que ver se para o ano continuamos con este sistema ou introducimos a maqueta Abalar, xa que isto podería facilitar ao alumnado a preparación para os cursos de 5º e 6º onde traballan co libro dixital en netbooks con este software.

Por último sinalar os traballos de mantemento da aula de recursos para mestres, onde as infeccións por virus (xa que son equipos nos que está instalado Windows) son frecuentes e obrigan a restaurar os sistemas operativos con certa frecuencia, coa conseguinte perda de datos. As causas habituais destas infeccións son malas prácticas, infeccións ao través de memorias USB e correos potencialmente perigosos. Unha solución sería migrar os equipos a Ubuntu, aínda que existe unha certa resistencia por parte do profesorado a esta solución, xa que están, na maior parte dos casos habituados a Windows, e existe unha inercia que lles leva a custarlle dar o paso para habituarse a outros sistemas.

A pesares destes contratemplos a aula segue a ser unha moi importante fonte de recursos e lugar de preparación de materiais para as aulas, aínda que deberemos completar a súa dotación cun escáner xa que os existentes, ao se ter actualizado os ordenadores a Windows 10 deixaron de ter drivers aptos para o seu funcionamento.

Queremos sinalar dun xeito moi especial a participación do centro no plan LIA-2, que supón unha dotación orzamentaria especial para a Biblioteca escolar co fin de que se constituía nun referente cara a educación do futuro.

Este plano supón melloras da infraestrutura da mesma (fiestras, chan, pintura...) dos equipamentos informáticos (ordenadores de sobremesa, tabletas, pantalla dixital interactiva, pantallas multitouch...), diversificación de espazos (recuncho creativo, zona robótica, áreas de lectura distendida...), melloras na sinalización, expurgo en profundidade dos fondos, pero sobre todo debe consistir nun cambio de referentes educativos á hora de entender a función dunha biblioteca nun centro escolar.

Outra dos aspectos innovadores que queremos sinalar é o feito de sermos xa un centro plurilingüe, co que contamos durante este curso cunha lectora nativa, que puido apoiar ao

profesorado de inglés, e poñer en marcha un reading-club dentro das actividades ofertadas pola biblioteca.

A chegada da lectora, xa comezado o curso, supuxo, dadas as súas restricións horarias, ter que refacer o horario do centro para poder ofrecer a todos os cursos a posibilidade de contar coa presenza desta axudante de conversa, cando menos unha hora semanal.

O proxecto de centro plurilingüe, a máis da presenza da axudante de conversa, supón impartir clases de educación artística en inglés, neste curso só en primeiro de primaria, pero para o ano que vén tamén en 2º, o que nos vai obrigar, xa que a profesora que imparte esta materia é a secretaria do centro, cunha redución horaria por este concepto, o que obrigará a que as prazas que se oferten para cubrir no centro de primaria, teñan un perfil de inglés, xa que coa actual dotación de profesorado non teremos horas para asumir as novas clases de plástica que se incorporen ao proxecto.

### **c) Organización de actividades extra-escolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno**

No noso centro están programadas, dende 4º de infantil deica 6º de primaria, unha serie de saídas escolares pola contorna que deberían, ao remate da escolaridade obrigatoria, ter permitido aos nosos alumnos coñecer os lugares e servizos básicos do concello e comarca. Como complemento a estas saídas, e dende o equipo de apoio á biblioteca realizáronse unha serie de miniwebquests co fin de preparar as visitas e que teñan un valor educativo moito maior.

Xa por cuarto ano realizouse neste curso a actividade de “Mochilas pola Lingua”, artellada polo equipo de normalización, que consiste nunha xornada de convivencia nun dos pobos do concello ou dos concellos do redor, para coñecermos costumes, lugares de interese ecolóxico ou histórico, procesos industriais, gandeiros e agrícolas. En anos anteriores visitáronse polo alumnado de 5º e 6º os lugares de Arcos, Viloira, Veigamuíños e Tremiñá, e neste ano fíxose a xornada na barriada das Casas Baratas, visitando o parque arqueolóxico, a Cooperativa, e diversos currunchos deste barrio do Barco.

A xornada de convivencia de Ensino Infantil de Cholo e Nela celebrouse no Ceip Julio Gurriarán e o noso centro, como é habitual, participou dela. É moi interesante ver a implicación das familias nesta actividade, dos obradoiros de pais para preparar materiais, das reunións de preparación da xornada, etc...

Xa dende hai varios anos o colexio participa, no curso de 3º dunha campaña de ensino da natación en colaboración co Concello do Barco, para o que temos unha certa flexibilización do horario escolar que nos permita acudir ao profesor de educación física e máis á titora do curso para xestionar os vestiarios e atender ás necesidades dos nenos e nenas.

### **d) Disponibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.**

Todos os titores e titoras, así como o profesorado especialista, están dispoñibles para atender ás familias os martes en horario de 17:00 a 18:00 h.

A parte o Equipo Directivo ten as súas horas de atención distribuídas de tal xeito que nas mañás hai en todo momento un dispoñible para atender as demandas das familias.

Tamén queremos, e de feito imos acadando un certo suceso neste sentido, que a web do centro se constituía nunha referencia informativa no que atinxe a convocatorias de axudas, prazos de matrícula, menús do comedor escolar...

Novamente queremos facer referencia aos blogs que, aos poucos, vanse incorporando ao traballo das aulas e que constitúen un nexo entre o centro e as familias, que poden observar unha parte da vida escolar reflectidas neles.

Aos blogues, súmase a aula virtual que en breve esperamos sirva, non só de material educativo para o alumnado, senón de punto de encontro coas familias. De feito, e de cara ao curso que vén, o profesorado dos primeiros cursos de primaria ten pensado ir substituíndo algún libro de texto por cursos elaborados na aula virtual, o que significará que os pais e nais terán que acudir a ela para, cos seus fillos, acceder a contidos e recursos educativos, fomentando deste xeito unha comunidade virtual educativa.

Tamén queremos sinalar a existencia da aplicación Abalar Móbil. Durante as reunións informativas aos pais durante o primeiro trimestre explicóuselle aos pais e nais a posibilidade de descargar esta APP no seu dispositivo móbil para estar informado de faltas, notas sobre o comportamento dos fillos, solicitudes de tutoría, etc...

### **e) Impulso e posta en marcha de programas de iniciativas de innovación e formación que mellore o funcionamento do centro.**

Tal e como é habitual no noso centro houbo un intenso traballo de formación ao través dun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado en Centros (PFPPC), que tratou sobre a creación de recursos TIC para o apoio dos proxectos educativos das aulas. Dentro deste proxecto desenvolvéronse distintos proxectos de investigación a nivel de aulas o de ciclo, como por exemplo o que están a levar adiante o alumnado de 1º e 2º curso, a xeito de conto viaxeiro, sobre a longa viaxe dun gran de trigo, que comeza nos procesos de xerminación, seitura, moído, enforado e finalmente a dixestión. Os traballos, dado que este proxecto de formación ten unha duración de dous cursos escolares, aínda están inacabados pero xa están collendo forma na nosa Web.

Queremos destacar a gran implicación do profesorado, que xa ven de vello no centro, no proceso de formación permanente que nos permite ofertar un ensino de calidade, actualizado e innovador.

Como Proxecto documental Integrado, unha vez rematado o proxecto sobre “A Convivencia”, que rematou coa aprobación en referendo dunha Constitución Escolar na que se recollen os dereitos e deberes que o alumnado decidiu, pasamos a traballar sobre A Castaña e o Castiñeiro, recollendo informacións de carácter científico, etnográfico e culinario sobre este produto básico na economía valdeorresa.

Tamén queremos sinalar que solicitamos, e para o ano poñeremos en marcha, o proxecto de Escornabots na Biblioteca Escolar, co que pretendemos ir introducindo a robótica nas prácticas educativas do colexio, xa que consideramos que neste mundo da tecnoloxía, ou se furga nas entrañas dos deseños tecnolóxicos, ou un se converte nun simple escravo dunha tecnoloxía que no canto de abrírnos portas nos pon nas mans de multinacionais interesadas unicamente na nosa faceta de consumidores.

Tamén neste apartado queremos falar dos programas contrato, un para a mellora da escritura, da lectura e do cálculo, e outro de acompañamento escolar fóra do horario lectivo, que se solicitaron no remate do curso pasado.

Os horarios das distintas titorías elaboráronse de acordo a este proxecto e así cada clase dispuxo de dúas horas semanais de apoio neste ámbito, coa idea de, nunha das dúas horas traballar aspectos de lecto-escritura con profesorado de apoio, e outra hora adicala a desdobrar a aula, e mentres un grupo traballa a lecto-escritura dende un ámbito dixital, a outra parte da clase poda traballar na aula con recursos tradicionais.

O programa de acompañamento continúa o labor do PROA que viñamos facendo dende hai anos. A idea que se tenta materializar, lonxe dunhas pasantías tradicionais, é a adquisición por parte do alumnado dunhas rutinas cotiás, de repaso das súas tarefas e dos contidos traballados nas aulas, de orde nos seus hábitos... Neste curso, e dado que non se contou con



profesorado propio do centro para a realización da actividade foi levado adiante por unha profesora externa contratada pola Consellería.

No tocante ás actividades da Biblioteca Escolar achegaremos a información sobre as súas actividades no apartado de anexos.

### **f) Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidades educativas especiais.**

Somos centro de referencia para a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais, e iso para nós constitúe todo un reto para compatibilizar unha atención o máis individualizada posible cos beneficios da inclusión.

Aos alumnos en escolarización combinada tentamos integralos na meirande parte das horas que se pode facer cunha certa expectativa de integración real.

No resto do alumnado procuramos que os apoios, a non ser nos exercicios logopédicos, se realicen no grupo clase, xa que así consideramos que son máis efectivos e non teñen carga negativa algunha. Cando isto, por razóns organizativas, non se pode levar a cabo, dispoñemos de aulas de desdobre onde os grupos de recuperación, agrupados polas características do traballo a realizar con eles, poden realizar as súas tarefas.

Queremos sinalar que non só é o profesorado de PT quen realiza estas tarefas de apoio, senón que calquera hora libre que se atopa nos horarios se adica a apoios, xa que consideramos moi importante o traballo para recuperar na medida do posible o rendemento destes rapaces.

Neste ano continuamos coa atención ao alumnado de altas capacidades, obtendo moi bos resultados e unha moi boa resposta por parte dos rapaces atendidos.

Se ben, como dixemos na memoria do ano pasado, o proxecto Talento 3.0 foi substituído polo programa Piteas e reduciuse e só 8 centros de Galicia, o espírito deste proxecto continuou no centro en aulas de 3º e 4º que traballan esta metodoloxía dun xeito moi motivador para todo o seu alumnado, e non só para o de altas capacidades. Para facilitar este traballo, os horarios destas aulas fan coincidir varias horas seguidas ao profesor titor co seu compañeiro de nivel como apoio, para poder desenvolver con maior éxito estes proxectos. De cara ao ano que vén habería que pensar en participar na liña 5 dos programas contrato, que ben podería substituír ao marco de talento 3.0.

Tamén queremos sinalar a importancia das reunións periódicas do profesorado titor co departamento de orientación. Pensamos que estas reunións, nos casos en que se realizan dun xeito sistemático, facilitan enormemente o traballo na aula e co profesorado de apoio e por iso tentaremos promover que teñan unha periodicidade cando menos trimestral, para acordar as liñas de traballo a seguir polo equipo docente que atende ao alumnado.

### **g) Outros**

A pesares da entrada en vigor da LOMCE onde desaparece a estrutura de ciclos que viña mantendo o noso sistema educativo dende hai ben anos, nós consideramos conveniente continuar traballando con este sistema que nos facilita a coordinación, a achega de propostas innovadoras e que organiza os cursos en grupos con intereses, metodoloxías e contidos afíns.

Sinalar que para o vindeiro curso continuaremos coas materias de libre configuración de 4º e 6º de primaria adicadas a ALFIN (Alfabetización en información), xa que consideramos que son un complemento importante para adquirir hábitos de estudo e investigación por parte do alumnado.

Durante este ano acometeuse unha nova revisión do plan de convivencia, acorde coas liñas marcadas pola inspección, e que xa está a disposición de toda a comunidade escolar dende a páxina Web do colexio, no apartado de Documentos do Centro.

Queremos destacar o importante traballo do profesorado do colexio, nunha época de recortes de todo tipo que afectan ao ensino público, para manter unha oferta educativa de alta calidade, cunha implicación de todos os sectores educativos en manter un servizo público esencial en niveis de excelencia.

Por fin tivemos xa en todo o curso unha administrativa a tempo completo no centro co que esperamos poder levar moito mellor os labores de xestión burocrática que sempre recaían no equipo directivo.

**MEMORIA FINAL DO CICLO DE ENSINO INFANTIL****Agrupamentos do alumnado e mestres/as integrantes do ciclo.**

- **3 anos A** (21 nenos/as): Patricia González Carracedo
- **3 anos B** (19 nenos/as): Sonia González González
- **4 anos A** ( 15 nenos/as): M<sup>a</sup> Mercedes Molina Tato
- **4 anos B** ( 14 nenos/as): María Nieves Alejandre Lorenzo
- **5 anos A** (16 nenos/as): Noelia Maceda Gallego
- **5 anos B** (16 nenos/as): Maria Nieves Escuredo López
- **Apoio á Integración:** Cristina Delgado Delgado
- **Apoio,Psicomotricidade Música:** María Teresa López Guitián

Este curso contamos cun total de 101 nenos e nenas e 8 mestras.

Mestres e mestras especialistas:

- **Orientadora do Centro:** Natacha Longo González
- **Audición e Linguaxe:** Marta Gayoso Ríos. e Gemma Breijo Calvo.
- **Pedagogía Terapéutica:** Manuela Álvarez Lana, Montse Pereiro Arias e Diana Gómez Fernández.
- **Inglés:** María de las Mercedes Gallego Delgado.
- **Relixión:** M<sup>a</sup> del Socorro Robles Castro.

**Plan de adaptación:**

- **Para o alumnado de novo ingreso.**

O plan de Adaptación que temos vixente para o alumnado de **3 anos** atende principalmente a:

- **Coordinación coas familias, antes de comezar o curso escolar, para informar sobre aspectos relativos ao funcionamento do centro, en xeral, e, máis concretamente, da etapa infantil.**

Mantivemos dúas reunións coas familias antes de comezar o curso escolar. A primeira reunión foi **no mes de Xuño**. Estivo guiada polo director do centro e a orientadora, contando tamén coa presenza da coordinadora do ciclo. Esta charla serviunos de toma de contacto para darlles a benvida, explicarlles o funcionamento do transporte e o comedor, comprobar os alumnos/as que serían recollidos polas garderías e os que escolleron Relixión ou Atención Educativa. Tamén lles explicamos algunhas normas básicas do centro e do ciclo, entregándolle información por escrito sobre a importancia deste período, cal debía ser o seu papel, os hábitos que debían ir afianzando durante o verán, así como algunha bibliografía básica de utilidade segundo as necesidades de cada un. Ademais, tratamos de solucionar posibles dúbidas das familias e ofrecémoslle a nosa axuda continuada para favorecer a adaptación ao noso centro. Nesta primeira reunión, invitamos aos nenos/as de novo ingreso e ás familias a vir por primeira vez ao centro o día da festa de fin de curso.

Na segunda reunión, xa no **mes de Setembro**, as familias coñeceron ás titoras de cada grupo e as mestras especialistas, establecéronse os horarios do período de adaptación e as normas acordadas polo equipo de ciclo. Tamén se acordan as reunións coa orientadora. Este ano, preparouse un power point para explicar a base da metodoloxía empregada na etapa: o traballo por proxectos.

- **Establecemento de quendas para os primeiros días da escolarización:**

Este ano, dividimos cada aula pola metade facendo dous grupos. **Pretendemos dar maior tempo e atención para que a adaptación fora o máis personalizada posible.** O horario quedou como segue:

	do 12 ao 26 de setembro	26, ao 30 de setembro	Outubro
Grupo A	10:15h. a 11:45h.	10:00h. a 13:00h. todo o grupo (A+B)	Horario normal, con comedor e transporte: de 10:00h. a 13.30h. e de 15:30h. a 17.00h.
Grupo B	12:00h. a 13:30h.		

- **Entrevistas da orientadora coas familias:**

Aproveitamos eses días antes do comezo do curso para que cada familia tivera unha reunión coa orientadora para recoller datos sobre os nenos e nenas e solucionar posibles dúbidas.

- **Entrevista da titora coas familias:**

As titoras tamén se reuniron con cada familia para obter a información necesaria e favorecer unha resposta educativa axeitada e individualizada.

- **Apoio ao labor das titoras na aula por parte das mestras de apoio do ciclo:**

Durante o mes de setembro, nas horas de apoio, agás música e psicomotricidade, as mestras de apoio colaboraron na atención das aulas de 3 anos.

**Todo o establecido neste plan de adaptación lévase a cabo con calquera neno ou nena que se incorpore durante o curso escolar, sempre que a familia así o desexe.**

**Para o alumnado de 5 anos. Paso a primaria.**

O plan de adaptación para os nenos e nenas de **5 anos** ten como finalidade favorecer o paso a primeiro de Educación Primaria. Para isto:

- **Realízanse actividades co primeiro ciclo** ao longo do curso, como o Samaín ou os festival das Letras Galegas.
- A final de curso, **os nenos e nenas visitan as aulas dos nenos e nenas de primeiro.**
- **Establécese unha reunión coas familias dos nenos e nenas de 5 anos coa Orientadora, a coordinadora de E. Infantil e a coordinadora do primeiro ciclo de educación primaria,** que se realizará a finais do mes de setembro.

**Calendario das reunións de ciclo e temas tratados:**

As reunións do ciclo de infantil foron sempre semanais nesta ocasión por votación, **os mércores no horario de 13:30h a 14:30h.** Tamén houbo algunhas fóra do horario escolar ou en momentos puntuais para resolver asuntos urxentes. Os temas tratados seguen o mesmo guión para todos os ciclos, completándose con outros propios do ciclo:

- Elaboración do **Plan Xeral anual.**
- Achegas ao Proxecto Lingüístico de Centro, especificando as estratexias para garantir o coñecemento das dúas linguas oficiais.
- Actividades propostas polos distintos equipos de traballo do centro: **Axenda 21, Normalización e Dinamización da Lingua Galega e Biblioteca.**
- Propostas e acordos da CCP e do DO.
- O PDI, que este ano seguimos traballando o tema da convivencia coa finalidade de ilustrar as normas de Convivencia acadadas polos diferentes niveis de primaria.
- Organización de **actividades complementarias:** O Magosto, O Samaín, Ciencia en galego, O Apalpador, O Festival de Nadal, O Día da Paz, Educación viaria, O Entroido, O

Mercadiño de intercambio do libro usado, Festival de primavera, Mes das Letras Galegas, Actos solidarios e saídas programadas e non programadas á contorna.

- Avaliación das actividades complementarias e extraescolares.
- Elaboración do **calendario e das normas das avaliacións dos tres trimestres**.
- **Paso a primaria:** Tivemos unha reunión coas titoras do primeiro ciclo de Primaria, a finais do mes de xuño, para establecer puntos comúns e facilitarlle ao alumnado o cambio de etapa educativa.
- Organización da **XX Convivencia de Educación Infantil**.
- Elección dos libros de texto para o curso vindeiro.

### **Consecución dos obxectivos xerais do ciclo:**

Os obxectivos da Educación Infantil fan referencia ás progresións do alumnado cara a adquisicións de capacidades relacionadas con:

- Coñecer o seu corpo e as súas posibilidades e limitacións.
- Formar unha autoimaxe positiva.
- Tomar iniciativa nas actividades habituais (autonomía).
- Adquirir hábitos básicos e actitudes positivas.
- Relacionarse cos demais a través das distintas formas de comunicación e representación.
- Participar na creación dunhas normas que regulen a convivencia.
- Desenvolverse autonomamente na vida en grupo.
- Coñecer a contorna.

Resumimos o que para nós sería a finalidade da etapa de educación infantil en **axudar ao neno/a a conformar a súa propia personalidade e aprender a saber facer (razoar e actuar)**.

Valoramos fundamentalmente o **desenvolvemento da personalidade de cada alumno/a** a partir da **creación dun conxunto de valores** que impregnen a vida na aula, baseados en: o respecto polas diferenzas, a cooperación, a responsabilidade, a autonomía, o diálogo, a axuda, a creación autónoma, a sensibilidade, o goce polas cousas que facemos no día a día e a confianza.

Entendemos a aula como unha microsociedade onde os alumnos/as teñen as súas responsabilidades e teñen que actuar autonomamente nas diferentes rutinas, dándolles o espazo e o tempo necesarios para facelo.

A nosa metodoloxía baséase fundamentalmente no **traballo por proxectos e na implicación e participación das familias** na vida escolar.

### **Aproveitamento dos recursos humanos e materiais:**

- Contamos cunha aula de psicomotricidade e dispoñemos da aula de música do centro para as sesións desta materia. Utilizamos a aula de informática unha sesión semanal con cada grupo de nenos. E a biblioteca e o salón de actos tamén son espazos que utilizamos con frecuencia.
- A maiores, tanto as familias como as mestras, achegamos recursos materiais e persoais concretos a cada núcleo de aprendizaxe. Neste apartado, merece especial atención agradecer ás familias a súa colaboración e presenza en cada escenario de aprendizaxe: aportando os seus coñecementos, participando en obradoiros, aportando materiais, colaborando na confección de materiais específicos...

- Visitas á contorna que, ademais de favorecer unha aprendizaxe concreta, implica a posta en práctica das normas de convivencia en contextos diversos e aumenta as relacións intragrupo.
- Participación en actividades do ciclo, cos outros ciclos e con todo o centro favorecendo que se amplíen as relacións entre o alumnado.
- Achegas doutros mestres e mestras do centro cando se precisa.
- A **colaboración das familias** en todo o que lles solicitamos. Este ano, no festival de Nadal, un grupo de nais representaron, para os nenos e nenas de infantil e do primeiro ciclo de primaria, o musical "Xuntos imos bailar". Ademais, participaron na actividade "Os martes ... conto", no "Samaín", na visita dos Reis Magos, no Apalpador, no "Día da ciencia en galego", no Entroido, na Convivencia "Cholo e Nela", na graduación dos nenos e nenas de 5 anos e na festa de fin de curso. Queremos agradecer de maneira especial esta colaboración.

### Actividades realizadas:

#### **Actividades conxuntas co centro:**

- "Os nosos autores en voz alta". Todos os venres, no tempo da lectura silenciosa, nenos e nenas de primaria viñeron ás nosas aulas de infantil para lernos poemas de Florencio Delgado Gurriarán, (na procura de adicarlle o día das Letras Galegas 2018), de Rosalía de Castro e de Carlos Casares.
- "Os martes ... conto". Os pais e nais, normalmente, ou algún familiar, e algunha mestra, contan un conto na biblioteca os martes en horario de 17:00h a 18:00h. para todos os nenos e nenas que quixeron ir.
- O Samaín co concurso de cabazas e a decoración dos corredores e axornada de xogos xunto co 1º Ciclo de Primaria no pavillón.
- Desde a Xefatura Territorial de Sanidade de Ourense, e baixo o lema "POR UNHA MOCIDADE SAUDABLE", elaboramos receitas sans e gravamos un vídeo para participar no concurso. Tamén asistimos as charlas sobre "Alimentación saudable".
- O Magosto. Asamos e comemos castañas no patio do colexio. E a salvación das castaña: cada alumno planta unha castaña, cóidaa no cole e, despois, lévaa para a súa casa. Neste curso fixemos receitas con froitos de outono para elaborar un recetario.
- Día da ciencia en galego: realizamos experimentos dentro das aulas, pois o tempo non acompañou. No caso de infantil, pais e nais voluntarios son os científicos... .
- Actos solidarios de recollida de roupa ou de cartos para os máis necesitados, colaborando coa Cruz Vermella.
- O Festival de Nadal. Os nenos e nenas de infantil cantaron e bailaron cancións no escenario.
- O Día contra a Violencia de Xénero: participando nun acto conxunto desde o Concello que mandou o cole camisetas negras cun lema reivindicativo e elaboramos unha pancarta que colocamos na entrada das filas de infantil.
- O Día da Paz. Dentro do tema deste curso: **Os refuxiados**, aprendimos e bailamos a canción "Danza da Paz" de Mamá Cabra, todos xuntos no patio do cole. Fixemos un mural coas mans e brazos decorados dos nenos@s, sobre fondo escuro, alcanzando as estrelas, baixo o lema: "Todos temos o dereito de acadar os nosos soños".
- Participamos Flash Movie "MÓVETE POLA IGUALADE".
- Nesta ocasión participamos no Día de Rosalía coa elaboración dun mural, estilo Andy Warhol, co rostro da coñecida escritora galega, ilustrados cun dos seus poemas máis coñecidos "Adios rios, adios fontes", que colocamos na entrada das filas de Infantil.

- O Entroido. Unímonos ás propostas desde o Concello para conseguir un ano as Letras Galegas para Florencio Delgado Gurriarán e fomos de temas relacionados coa súa poesía baseada na paisaxe principalmente. Tocounos o poema “O casoiro” e os disfraces : de uvas , de vendimadores e de cestos. Ademais implicamos as familias que tradicionalmente participan no desfile da ANPA polo Barco, de unirse á nosa iniciativa. Preparamos nas aulas os tradicionais xoves de comadres e compadres; conxuntamente cos outros ciclos seguimos as ordes do meco durante toda a semana, vindo disfrazados con algo na cabeza, maquillaxe, cousas que levamos á praia e en pixama . Rematado todo co desfile do cole e unha gran chocolatada con música de Entroido. Destacar o feito de que nesta ocasión as familias que quixeron poideron desfilar con nós.
- Visitamos e desfrutamos do parque de Educación Viaria montado no pavillón do cole e monotorizado pola Policia Local.
- Asistimos como público invitado ao Festival de Primavera.
- Desde o Concello e sobre o tema " A selección de residuos" para coñecer que debemos botar no colector amarelo, e dentro das actividades programadas para toda a comarca,fixemos unha montaxe fotografía de como reciclamos no noso cole. Repartíronse uns agasallos para todos os nenos@s participantes.
- Programa de radio “A lingua nas ondas”. Describimos a algunha persoaxe coñecida polos cativos, nesta ocasión para vernos no Salón de Actos, xa que só forón á radio os de 6º.
- “Mercadiño do libro usado”, na Semana do “Día do Libro”.
- Festival das letras galegas. Cantamos e bailamos no escenario cancións en galego .
- Campaña intercentros para conmemorar o Día das Letras Galegas, nesta ocasión adicado a Carlos Casares. As aulas de infantil elaboraron “Galiñas azuis” coma a do conto “ A galiña azul”; para colgar no Malecón.
- Proxecto Documental Integrado. Fixemos a ilustración das Normas de Convivencia acadadas polos diferentes niveis de E. Primario.
- Festa de fin de curso organizada pola ANPA con brincadeiras no patio do colexio.

#### **Actividades conxuntas co primeiro ciclo de primaria:**

- A Festa de “O Samaín”. Organizamos unha rotación por distintos xogos dentro do pavillón.
- Visitounos o Apalpador polas aulas e tróuxonos castañas.
- Visita dos Reis Magos no salón de actos.
- Festival das Letras Galegas. É unha actividade conxunta do colexio pero, por falta de espazo, divídese en dúas partes: Infantil e Primeiro ciclo de Primaria .
- Visita do alumnado de 5 anos ás aulas de primeiro curso.

#### **Actividades Conxuntas dentro do propio ciclo:**

- Actuación do contacontos Anxo Moure, por cortesía da editorial Edelvives.
- Visita da Guardia Real e as exhibicións no patio de Infantil.
- XX CONVIVENCIA DE EDUCACIÓN INFANTIL, que se celebrou o 31 de maio no Julio Gurriarán. O tema de este ano era “ A música”, baixo o título “Cholo e Nela 20 anos dando a notal”. Do noso colexio, participaron 100 nenos e nenas, 54 familiares, 2 coidadoras e 8 mestras; un total de 164 persoas. Nesta ocasión participamos con dous obradoiros e tres xogos.
- Festa de Graduación dos nenos e nenas de 5 anos. Celebramos un acto de graduación no salón de actos no que as titoras lles entregan un diploma a cada neno e nena.

Acudiron os familiares dos nenos e nenas de 5 anos, os alumnos e alumnas de 4 anos e as titoras, as mestras especialistas e apoios, o director e a orientadora. As familias dos graduados e graduadas traen da casa comida e bebida (biscoitos, tortillas, empanadas, aperitivos variados...) para compartir ese día no patio con todos os asistentes e con todo o alumnado de infantil.

### **Outras actividades complementarias e extraescolares:**

Ademais das anteriormente citadas, no ciclo levamos a cabo outras actividades relacionadas co coñecemento da contorna, segundo estaban **previstas na PXA**( pero algunhas non se fixeron) coma:

- Visita ao Centro de Saúde (3 anos). Estivemos coa hixienista dental e co fisioterapeuta. A hixienista veu poñernos un vídeo ao colexio para completar a actividade.
- Visita á clínica veterinaria (4 anos). Un veterinario explícanos cousas interesantes sobre os animais.
- Visita á radio COPE VALDEORRAS (5 anos). Entramos nun estudio de radio e gravamos un programa que se emitiría con posterioridade.
- Visita ao mercado (5 anos). Recorremos os postos da praza de abastos e explicáronnos que se vende en cada sitio. Houbo unha degustación na froitaría e un agasallo por parte das dependentas.

A maiores, fixemos **outras saídas e actividades, relacionadas cos proxectos traballados, non incluídas na PXA:**

- Sesións de Educación Viaria para os nenos e nenas de 3 e 5 anos desenvolvidas por unha Policía Local da vila, apoiada con vídeos e cancións e unha xornada de exhibición no patio de Infantil Aprendemos moito sobre como temos que comportarnos cando imos no coche e tamén cando imos pola rúa.
- Saída ao Teatro Bergidum (3 e 5 anos). Representación da obra de teatro "XOGA".
- Visita ao castelo de Cornatel como remate do proxecto "Malvados de conto" por parte dos nenos@s de 4 anos.
- XX Convivencia de Educación Infantil no Julio Gurriarán.
- Saída a Las cabañas de Carucedo "SPORTANOE", (5 anos B).

### **Dificultades atopadas neste curso, necesidades para o curso que vén e propostas de mellora:**

Este ano, aínda que a principio de curso se nos preguntou por ciclos as actividades complementarias e extraescolares nas que queríamos participar, así coma as do equipo Normalización e Dinamización da Lingua Galega, seguimos notando o terceiro trimestre, sobre todo o mes de maio, moi saturado.

Unha das dificultades máis salientables atopadas ao longo deste curso foi o grande número de incidencias que xurden os venres no recreo de infantil ao ser éste o día de xogos. Gustaríanos que se revisase esta decisión e se puidera permitir o seu uso para evitar conflitos innecesarios. Destacar o feito de non poder seguir coa visita aos bombeiros que levaba anos facéndose, xa que non poden recibir visitas de nenos@s menores de 9 anos. Haberá que buscarlle unha alternativa.

Tamén destacar que por razóns alleas a nós, levamos dous cursos sen poder ir á panadaría. Sería interesante barallar outras posibilidades ou buscar outro establecemento que queira participar.



Nestes dous casos deberíamos chegar a un acordo para pódelo incluír na PXA do vindeiro curso.

**Valoramos moi positivamente** o feito de colocar a casiña nova e as mesas de madeira para complementar o espazo lúdico do noso patio.

As diferentes melloras no cortizo, de paredes e chan das aulas para permitir unha mellor convivencia e desenvolvemento das diferentes actividades lectivas.

Pero pensamos que aínda quedan cousas por mellorar sobre todo relacionadas coa seguridade do patio de Infantil.

Propostas de mellora do **patio** de Infantil:

- Queda unha casiña en bastante mal estado, pensamos que é urxente a súa reparación.
- Amañar as paredes das filas , tapando os buratos das paredes e pintando de novo xa que é o primeiro que ven os nenos@s de nova incorporación e as súas familias e realmente da bastante mala impresión.
- Pensar que se vai poñer no chan do antigo areeiro e habería que cubrir as raíces das árbores. De feito chegárase a un acordo co Concello para colocar nese espazo unha superficie anti-impacto, que desexaríamos se puidese poñer á maior brevidade.

E xa para rematar, deixar constancia da importancia dada :

- As **entrevistas das familias dos nenos e nenas de 3 anos coa Orientadora**, que nos permiten unha maior recollida de información sobre os alumnos e alumnas e unha mellor intervención educativa.
- A **axuda realizada polas mestras de apoio**, reestruturando o seu horario para dirixir o seu esforzo en axudar ás titoras nas múltiples actividades nas que participamos ao longo do curso escolar.
- A **colaboración das familias** en todo canto lles pedimos. Este ano, traballaron moitísimo, ademais de noutras cousas, na elaboración de diferente material para a Convivencia de Infantil.
- Poder dispor das pequenas cousas que precisamos no día a día. Agradecer a este respecto que o equipo directivo está pendente de que non nos falte nada.

## **MEMORIA DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA**

### **Compoñentes do ciclo.**

- Titora 1º A: Aurora Delgado Pérez
- Titora 1º B: . Susana Viñas Beragua
- Titora 2º A: Aurea Ochoa Ochoa.
- Titora 2º B: Rosa Varela Gómez (Coord)
- Lingua estranxeira: Inglés: Mercedes Gallego Delgado.
- Ed. Musical: Xoaquín Freixeiro Álvarez
- Orientadora: Natalia Longo González
- Audición e Ling.: Marta Gayoso Ríos
- Ped. Terapéutica: Ana M.<sup>a</sup> Álvarez Silva

Outros profesores que interveñen no ciclo:

- Gabriel Lago Marote (EF)
- M<sup>a</sup> Socorro Robles Castro (ER)
- Genma Breijo Calvo (AL)
- Concepción Moldes Carriba (Apoio e VSC)

### **Reunións e temas tratados**

As reunións tiveron lugar os mércores de cada semana, agás os días que tiñamos reunión xeral, en horario de 13:30h a 14:30h na aula de 2ºB

Os temas tratados e acordados nas mesmas foron:

1. Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais para o curso 2.016-2.017 que constan na PXA.
2. Elaboración de mapas conceptuais das distintas unidades no 1º curso.
3. Horarios para asistir ás distintas actividades de biblioteca. Traballo de lectura na biblioteca e na aula. Lectura silenciosa, en grupo, individual. Expresión e comprensión lectora.
4. Horarios para acudir á aula de informática.
5. Determinación dos obxectivos mínimos do ciclo.
6. Reunións trimestrais cos pais/nais. Valoramos moi positivamente a frecuencia trimestral destas reunións que antes só se facían ao comezo do curso.
7. Información do funcionamento das clases de apoio organizadas dende o Departamento de Orientación.
8. Participación e valoración das actividades complementarias e extraescolares.
9. Coordinación entre os mestres titores e o resto dos profesores que comparten clases no ciclo.
10. Conveniencia de recordar as normas de comportamento no centro. Insistencia na importancia de combater a agresividade. Charlas nas titorías a este respecto.
11. Posta en común cara as avaliacións e os criterios das mesmas.
12. Revisión e selección conxunta dos libros de texto de 1º e 2º curso cara ao ano que vén.
13. Asumir o compromiso co departamento de orientación na realización dunha avaliación inicial e final para identificar os factores de risco e facilitar a toma de decisións dos titores (promoción, repetición).
14. Preparación e execución do proxecto “O Trigo” que tivo coma fío condutor un conto viaxeiro, no que se narra a historia dunha viaxe dun gran de trigo dende o nacemento da pranta, pasando pola colleita, a elaboración da fariña, elaboración do pan e a dixestión do mesmo. O alumnado expuxo a información recollida coa axuda das familias. Estas intervencións foron gravadas na aula e incorporadas a unha web sobre o

tema, na que tamén se incluíron actividades LIM para reforzar os conceptos traballados nas mesmas.

15. Avaliación das distintas actividades complementarias para a súa mellora de cara ao vindeiro curso.

### **Actividades dentro do centro**

Os compoñentes do Ciclo participaron este ano nas seguintes actividades:

- Equipo de Biblioteca
- Axenda 21: participando en reunións periódicas.
- Proxecto de Centro: A Castaña
- Grupos de traballo sobre Programacións e Aula Virtual (Moodle), no que se traballou o proxecto “A longa viaxe dun gran de trigo” e un proxecto de recollida documental sobre o viño.
- Equipo de Normalización Lingüística.

Fixéronse todas aquelas actividades que o equipo considerou oportunas para acadar os obxectivos establecidos:

1. Elaboración de carteis e murais en relación as unidades didácticas estudadas.
2. Uso das TICs polos nenos/as con actividades complementarias aos temas estudados nas aulas, os cales relacionamos de forma directa cos distintos centros de interese; Tamén, e grazas aos novos encerados dixitais, o ciclo puido presentar as actividades diarias dos textos en soporte informático.
3. Participación nos Clubs de lectura e escritura cos alumnos de 3º ciclo e 2º ciclo.
4. Organización e participación en todas as conmemoracións do centro: Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Contacontos, Recitado de poemas, teatro, Semana da Natureza, O Samaín, Exposición de Cabazas e de Peóns, Día da Ciencia. Xogos Populares, Festival de Primavera, Magosto e Festa Fin de Curso
5. Participación en actividades de fomento e estímulo da lectura: Vaille co conto ao profe, Contacontos, teatro, Clubs de lectura, Lectura Silenciosa. Actividades da biblioteca, de centro e aulas, contacontos. Lecturas compartidas de autores insignes nas diferentes aulas, neste curso concretamente de Carlos Casares pola súa conmemoración nas Letras Galegas 2017 e tamén de Rosalía de Castro da que se cumprían 180 anos do seu nacemento.
6. Elaboración de manualidades cara datas especiais: Magosto, Samaín, Nadal, Día do Pai, Día da Nai, Día da Paz.
7. Participación no proxecto Axenda 21 que inclúe:
  - Vixilancia das Patrullas Verdes.
  - Incentivar o aforro no consumo de papel.
  - Participar na recollida do lixo.
  - Facer prácticas de clasificación selectiva do lixo nos colectores do patio cos monitores do Concello..
  - Participar na limpeza de patio os luns.
  - Colocación de puntos limpos e símbolos nos colectores.
  - Participación no Proxecto Silencio coas cancións nas filas, no comedor, na biblioteca.
  - Participar nas actividades do horto aromático e ecolóxico e xardín botánico.
  - Participar na realización de adornos con material reciclado para o Nadal.
  - Participación no reciclado de Toner e recollida de tapóns de plástico e rotuladores e bolígrafos usados.
  - Ecocine

- Saída na campaña “El é un can, Ti es un porco?”
  - 8. Participación en diferentes concursos e actividades: (Olimpíada do Saber, tarxetas de Nadal, marca-páxinas contos, biblioteca, conta-contos, poemas e todos os organizados polo EDLG do centro, Semana da natureza, recitado de poemas, ilustracións de textos, relatos curtos no Samaín, festa do Nadal, Cartaces de Carlos Casares, Debuxos de Florencio Delgado Gurriarán, Mercadiño de intercambio de libros, festa do Entroido, Magosto..)
  - 9. Participación nas actividades do día da Paz
  - 10. Colaboración voluntaria con ONG para axuda en diferentes programas: roupa, xoguetes, recollida de diñeiro para axuda aos refuxiados sirios por mediación da Cruz Vermella.
  - 11. Participación no Pasaporte Solidario
  - 12. Ciencia Divertida en Galego.
  - 13. PDI “A Castaña”.
  - 14. Proxecto “A Longa viaxe dun gran de trigo”.
  - 15. Participación no programa de Radio “A lingua nas Ondas”.
  - 16. Participación na elaboración da revista escolar “Trágame Terra”.
  - 17. Visitas ao Blog do colexio e participación no blog da biblioteca.
  - 18. Dende o noso grupo seguimos a valorar como moi positivamente a actividade da lectura silenciosa así como as lecturas dos venres de contos e poemas aos compañeiros/as dos outros cursos. Este intercambio foi enriquecedor tanto para os lectores como para os oíntes.
  - 19. Participación dos encargados de cada curso na exposición diaria da lectura dun libro ou exposición oral dun traballo en colaboración coas familias
- Todas as actividades quedan concretadas nas actas de cada reunión.

### **Actividades fóra do colexio**

- Excursión a Marcelle (Lugo)
- Saídas no contorno
  - A habitual visita á biblioteca municipal e punto limpo (1º curso) non se puido realizar por mor da metereoloxía adversa.
  - Visita á envasadora de castañas, a un souto e a un sequeiro de castañas e ao Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra (2º curso) e medios de transporte (estacións do tren, autobuses e parada de taxis).
  - Saídas ao teatro Lauro Olmo (documentais, films, monicreques...)

É necesario axustarnos ás decisións tomadas na PXA, aínda que en ocasións ao longo do curso xorden actividades e visitas interesantes que non estaban programadas de antemán, polo que é necesario coordinarnos entre todos os ciclos e clases do colexio para evitar solapar as excursións, e tratar así que os nenos non repitan as actividades e outros non se queden sen a oportunidade de experimentalas. Para isto sería necesaria unha maior coordinación co equipo de ensino infantil onde se ten dado este solapamento de visitas.

### **Aproveitamento dos medios e recursos**

Debemos destacar neste curso a dotación tan importante que se fixo de Encerados dixitais, e ordenadores portátiles en tódalas aulas de 1º e 2º curso; esto favorece a total introdución das novas tecnoloxías e, polo tanto a elaboración das aprendizaxes dende as TICs, cambiando substancialmente a nosa forma de traballo.

As titoras de 1º e 2º utilizan o Blogue e a aula virtual onde se pode ver: xogos, actividades, contidos curriculares que se están traballando, así coma as fotos dos alumnos nas diversas actividades e saídas, blogues tanto do primeiro ciclo como do resto do colexio.

Asistimos cos nenos/as á aula de informática no horario establecido para iniciar aos nenos/as en distintos programas: JClic, internet, procesadores de texto (openoffice write)

É preciso sinalar a mellora considerable nestas actividades grazas aos apoios recibidos, que nos permitiron o desdobre dos grupos máis numerosos.

Tamén contamos con programas e páxinas feitas no colexio que cada ano se van incrementando, ademais dos que xa tiñamos noutros cursos: O corpo humano, ao veterinario, supermercado, a oficina de correos, e que consultamos sempre que é preciso.

Utilización de recursos audiovisuais (televisión, DVD, CD) no Salón de Actos e na Biblioteca.

Uso por parte dos nenos/as do servizo de biblioteca (préstamo, contacontos, vaille co conto ao profe...), e tamén a utilización da biblioteca como prolongación da aula e como a nosa principal fonte de recursos.

Participación nos diferentes concursos (Olimpíada do saber, concursos do ENDL, concurso literarios no blogue da biblioteca, Fertiberia, Debuxa o teu almorzo, Semana da Natureza...)

Maximización dos recursos co intercambio de libros de lectura entre os diferentes compoñentes do ciclo.

### **Nivel de consecución dos obxectivos**

Aínda que a maioría dos nenos/as do Ciclo foron adquirindo os obxectivos de maneira satisfactoria, seguimos pensando que é necesario mellorar no referente as normas de convivencia e comportamento tanto dentro da aula como en corredores, comedor, patio...

Sería conveniente seguir coa aplicación do carné por puntos como un dos medios postos en marcha para educar condutas, aínda que debemos mellorar a súa aplicación. É importante destacar que hai que **darlle importancia aos prazos de entrega dos carnés e cumprir as sancións e premios de forma xeneralizada.**

Por outra banda valórase positivamente a actividade do Pasaporte relacionado co silencio, así como as cancións nas filas e outras estratexias que este ano se puxeron en marcha para traballar a contaminación acústica e así conseguir algo máis de silencio nos espazos comúns: filas, corredores, comedor, biblioteca... Aquí, a colaboración continuada dun grupo de profesores foi fundamental para acadar o obxectivo final que non era outro que rebaixar o nivel de ruído que no Centro tiñamos nalgúns momentos.

Parécenos moi importante ter reunións para acordar pautas, facer traballo de seguimento e así mesmo de avaliación para ver o grao de consecución dos obxectivos ao rematar o ciclo.

Outro aspecto que valoramos é o dereito de permanecer un ano máis no curso no caso de non acadar os obxectivos mínimos; a longo prazo o resultado é claramente positivo, e moito mellor se esta medida extraordinaria se asume ao rematar o curso de 2º.

Por último, debemos destacar o alto grao de compromiso que este ciclo tivo en todas as propostas do Centro, participando e adaptando as suxestións feitas ao noso nivel específico.

Tal e comose comentaba no PXA a substitución do libro de Lengua por algún caderniño de traballo e de lecturas comprensivas, que nos permitiría traballar a área doutro xeito diferente, empregando recursos dixitais e metodoloxía por proxectos, ten para nós unha valoración moi positiva que nos permitiu empregar outros métodos de traballo sen ter que facer un uso excesivo do libro de texto.

### **Avaliación dos apoios e educación especial**

A atención aos nenos/as con n.e.e realizouse nas aulas de PT e AL, asistindo ás aulas ordinarias no horario marcado pola Orientadora do centro. Este ano puidemos constatar que vistos os resultados do 1º trimestre, alumnos con dificultades de aprendizaxe recibiron tamén apoio, e grazas a isto, a súa melloría foi notable.

Dende o ciclo seguimos a insistir nos problemas que trae de seu o número excesivo de alumnos/as, o espazo reducido das aulas, o que fai moi difícil a atención individualizada.

Valoramos positivamente os apoios recibidos na aula para que se manteñan sempre que sexan necesarios, valorando especialmente aqueles apoios á lectura realizados en 1º curso.

No primeiro ciclo recibiron apoio:


	1ºA	1ºB	2ºA	2ºB
AL	4	5	5	3
PT	7	2	5	3
AL e PT	3	1	2	1

### **Valoración das actividades conxuntas ciclo inicial e ed. infantil.**


De novo este curso xuntámonos os alumnos de Ed. Infantil e Primeiro Ciclo para ter algunha actividade especial en común. No primeiro trimestre foi a festa do Samaín, e no terceiro as celebracións das letras galegas.

Os alumnos de infantil de 5 anos visitaron as instalacións de primaria para familiarizarse co entorno e a finais deste curso fíxose unha reunión cos pais/nais destes alumnos que entran en primeiro, na que participaron as coordinadoras de ambos os dous ciclos educativos e a orientadora.

Estas actividades teñen por obxectivo principal realizar actuacións conxuntas que faciliten a coordinación e o tránsito de infantil a primaria. Foron valoradas moi positivamente e procuraremos aumentalas nos próximos cursos conscientes da importancia do tránsito dunha etapa a outra de da necesidade de facelo do mellor xeito posible.



**Resultados da avaliación final de 1º de primaria**



**Resultados da avaliación final de 2º de primaria**

## **MEMORIA DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA**

### **Compoñentes do ciclo**

Os mestres que imparten docencia no 2º ciclo de primaria son os seguintes:

1. Titora 3ªA: Mª Encarnación Moldes Cobelas.
2. Titora 3ªB: Mª Consuelo González Rodríguez.
3. Titora 4ªA: Mª Carmen García Fernández.
4. Titora 4ªB: Mª Pilar Santás Rodríguez
5. Inglés: Manuel Francisco Gómez Vidal.
6. Educación Física: Modesto Rodríguez Centrón.
7. Música e ALFIN: Xoaquín Freixeiro Álvarez.
8. Relixión: Mª del Socorro Robles Castro.
9. Mestres de PT: Ana Mª Álvarez Silva, Elisa Puente Murias e Manuela Álvarez Lana (substituída pola mestra Montse Pereiro Arias).
10. Mestras de AL: Marta Gayoso Ríos e Gemma Calvo Yáñez.

Os mestres adscritos a este ciclo son os que seguen: as mestras titoras, a mestra de PT: Ana Mª Álvarez Silva, a mestra de relixión Mª del Socorro Robles Castro e Modesto Rodríguez Centrón (mestre de E.F. e coordinador).

Periodicamente contamos, nas reunións de ciclo, coa presenza da orientadora, Natalia Longo González.

### **Calendarios de reunións e temas tratados**

As reunións do 2º ciclo realizáronse os mércores en horario de 13:30 a 14:30. Nelas tratáronse temas relacionados co desenvolvemento do curso e problemáticas puntuais de diversa índole.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Preparación das reunións de inicio de cada ciclo coas familias. Realizáronse o 18 de outubro, 25 de xaneiro e 9 de maio, respectivamente.
- Estabelecemento, modificación e discusión de programacións.
- Estabelecemento dos obxectivos de ciclo e organización dos apoios en colaboración co Equipo de Orientación.
- Preparación das probas de avaliación inicial.
- Organización e proposta de excursións, saídas, actividades culturais e educativas.
- Organización e preparación de festividades escolares: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas ...
- Avaliación das actividades complementarias e extraescolares.
- Participación en concursos diversos.
- Participación nos distintos grupos de traballo e proxectos desenvolvidos no centro.
- Avaliación dos materiais traballados no ciclo.
- Memoria do curso 2016-2017 correspondente ao segundo ciclo.

### **Actividades**

#### ***Actividades dentro da aula ou centro***

Como cada ano intentamos participar naqueles concursos que se axustaban á nosa programación (Semana da Natureza, concurso de cartaces sobre Carlos Casares, Concurso Literario de Veigamuíños, concurso "Debuxa unha xoia"...).

Actividades nas que participamos:

1. Celebración do Samaín:
  1. Exposición de cabazas decoradas.



2. “Polo San Martiño, peóns ao camiño” (coa exposición de peóns “tuneados” e a participación de todo o colexio, nun recreo, co fin de fomentar o uso e, nalgúns casos, o coñecemento deste xogo popular).
3. Dentro das actividades promovidas pola Axenda21, participouse:
  1. Recollidas selectivas de plástico, material orgánico e papel no patio do centro. Os luns despois do recreo, cada curso, e respectando a súa quenda correspondente, participou na devandita recollida protexidos todos con luvas.
  2. Separación selectiva do lixo na clase e posterior baleirado nos colectores xerais do centro.
  3. Patrullas verdes.
  4. Limpeza e plantación dos hortos aromático e ecolóxico e colleita de hortalizas e verduras.
4. Elaboración do Proxecto de Centro, este ano sobre a Convivencia: “Convivimos”. A proposta do Equipo de Biblioteca.
5. Magosto: Nas aulas leváronse a cabo actividades de recompilación de poemas, refráns, ditos, adiviñas... referidos a esta data. Tamén participamos no PDI de centro.
6. Peóns ao camiño.
7. Día contra a violencia de xénero.
8. Festival de Nadal.
9. Día da PAZ.
10. Entroido.
  1. Participamos nos xoves de comadres e compadres, a semana do Meco (disfrazándonos cada día segundo indicaban as Ordes do Meco).
  2. Entroido Popular (coa temática da uva e o viño, como homenaxe ao poema de Florencio Delgado Gurriarán “O Casorio”). Ademais dunha exposición etnográfica sobre o mesmo tema.
11. Día Internacional da Muller. Tres nais expuxeron a súa experiencia como mulleres no mundo laboral.
12. Parque de Educación viaria.
13. Participación en actividades de Biblioteca:
  1. Vaile co conto ao mestre. E en clubs de escritura e lectura.
  2. Destacamos a actividade de Lectura Silenciosa levada a cabo nos quince primeiros minutos da xornada lectiva.
  3. Olimpíada do saber.
  4. Realización do “Mercadiño de libros usados” para festexar o Día do Libro.
  5. Lectura internivel dos venres: “Os nosos autores en voz alta”.
  6. Participación na nosa revista escolar Trágame Terra.
  7. Encontro co autor Ricardo Gómez.
  8. Animación á lectura de fábulas, por Raquel Queizás.
  9. “Contos para os pequenos”: todos os xoves dos dous primeiros trimestres os alumnos do ciclo lle foron ler un conto aos máis pequenos.
14. Participación nas actividades propostas polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca do mes das Letras Galegas:
  1. Gravación de Vídeo: “A lingua nas ondas”.
  2. Concurso de cartaces sobre a vida e obra de Carlos Casares.
  3. Participación no Proxecto: “Unhas Letras Galegas para Florencio Delgado Gurriarán”.
  4. Ciencia en galego.
  5. Festival das Letras Galegas.

6. Mercadiño de libros usados.
7. Actividades conxuntas cos demais centros da localidade para conmemorar as Letras Galegas adicadas a Carlos Casares.
15. Festival de primavera.
16. Charla: Traballando por unha mocidade saudable.
17. Pasaporte solidario (só o alumnado de 4º de Primaria).
18. Exhibición da Garda Real no patio do colexio.
19. Charla: “Cultura dixital”.

### ***Actividades fóra do centro***

Participamos en diversas saídas para visitar exposicións, visualizar películas e documentais pedagóxicos ou asistir a actos de representación teatrais, musicais ... así como as saídas á contorna correspondentes ao noso ciclo educativo: 3º de Primaria (Depuradora e Correos) e 4º de Primaria (Cooperativa vitivinícola e Concello).

Semana da Natureza con diversas actividades de sensibilización medioambiental ecolóxica.

Os alumnos de 3º de Primaria acudiron novamente ao curso de iniciación á Natación que programa cada ano o noso concello.

A excursión anual de ciclo foi programada a Ourense, aproveitando un programa de televisión que gravamos coa televisión local ourensá Telemiño. Ademais, visitamos unha fábrica de aceite e o Casco antigo da cidade de Ourense. Esta excursión contaba con viaxe de ida e volta en autobús e comida ao ar libre.

### **Aproveitamento de medios e recursos**

Os alumnos aproveitaron ao longo do curso os medios e recursos dos que dispón o centro. Entre outros, destaca o uso da biblioteca para servizo de préstamos, de consulta ou investigación e como sala de xogos de mesa.

Así mesmo, nos recreos o uso do pavillón foi frecuente para realizar todo tipo de deportes, en horario de recreo, seguindo as quendas programadas polo mestre de EF ou cando chovía, para gorecerse.

Utilizouse a aula de informática no horario preestablecido, como introdución ao uso das ferramentas de elaboración de documentos de textos, presentacións, investigación na rede... co fin de que estes alumnos accedan cunhas competencias mínimas ás aulas “Abalar”. E fóra deste horario como recurso de apoio ás investigacións e actividades de reforzo propostas polas titoras.

A maiores, continuamos este curso cunha hora semanal de ALFIN (programa de Alfabetización Informática) en 4º de Primaria.

Emprego do encerado dixital da aula, recurso do que xa dispoñemos en todas as aulas do ciclo. Usouse o salón de actos para a proxección de películas, ensaios de obras, charlas, etc. En resumo, o nivel de utilización de medios e recursos considérase satisfactorio.

### **Traballo por proxectos**

Continuouse este curso a traballar por proxectos, e a experiencia segue a ser moi positiva, polo que se continuará por este camiño no vindeiro curso. Para un mellor aproveitamento do tempo escolar, consideramos imprescindible contar con tabletas informáticas e acceso WIFI nas 4 aulas, así como axustar o horario dos apoios entre titores.

### **Nivel de consecución dos obxectivos**

Fíxose uso do carné por puntos, aínda que durante o curso foi substituído, en 3º de Primaria pola aplicación CLASS DOJO. Vendo os resultados positivos desta aplicación, valoramos a posibilidade de implantalo en todo o ciclo como substituto do carné por puntos.

Un ano máis realizouse a finais de maio a Avaliación de Diagnóstico (AVALDIA) para 3º de Primaria; coa ausencia, como medida de protesta por parte das familias, da metade do alumnado.

Traballouse co Proxecto de Axenda 21 para conseguir unha maior orde nos espazos comúns, entradas e saídas, comedor, biblioteca... Xa dende hai anos vimos notando o descenso que presentan os rapaces en canto o nivel de autonomía á hora de realizar as actividades individuais. Como proposta para reforzala este curso dentro da aula seguimos mantendo actividades e tempos concretos:

- Desempeño de responsabilidades dentro da marcha da clase: Control de faltas, de recollida selectiva, escribir a data no encerado, control de saídas ao encerado, responsabilizalos de control de datas límite de entrega de traballos dentro da aula e para os distintos concursos.
- Realización de correccións comunitarias.
- Investigación de contidos en libros e enciclopedias para elaborar proxectos puntuais.
- Inclusión dunha hora de titoría semanal para resolución de problemas, inquedanzas, corrección de condutas e aspectos a mellorar para a seguinte semana.
- Pasaporte Solidario: este proxecto nos axudou a traballar valores como a solidariedade, empatía, relación entre iguais, convivencia,... Resultou moi positivo e valoramos a posibilidade de continuar o vindeiro curso, utilizándoo en todo o ciclo.

### **Lectura silenciosa**

Como cada ano este é un apartado que require mención aparte.

Seguimos a considerala moi motivadora e un bo recurso para motivar cara a desenvolver nos alumnos/as o gusto pola lectura.

Seguimos notando a preferencia pola lectura en castelán, o que podemos constatar xa que eran eles os que escollían os títulos para formar a biblioteca de aula co fin de que fóra máis motivador. Neste curso, seguimos a valorar as lecturas por medio de resumos, como xa acordamos en cursos anteriores.

Constatamos que no 3º curso hai moitas dificultades para conseguir a motivación para a lectura e un ambiente de silencio e tranquilidade, imprescindible para unha lectura proveitosa.

### **Dificultades atopadas**

A falta de autonomía, mencionada no anterior apartado, provoca nos alumnos/as gran inseguridade á hora de realizar as tarefas individuais, o que provoca dificultades importantes á hora de dinamizar as clases.

### **Avaliación dos apoios**

Os apoios realizados foron de varios tipos:

- Apoios feitos polos especialistas de PT e AL imprescindibles para os alumnos con dificultades.
- Contamos con desdobres para traballar a lectura comprensiva, cálculo, problemas e proxectos.

Todas as aulas estiveron traballando co libro dixital como recurso de apoio.

### **Necesidades materiais**

Nas aulas de 3º Curso, queremos facer constar o mal estado de mesas e cadeiras, o que fai que se enganche a roupa dos alumnos con frecuencia. Ademais, os mobles e andeis están en mal estado debido á súa antigüidade, polo que urxe a renovación do mesmo.

Tamén consideramos que se deberían pintar tanto as aulas de 3º de Primaria coma o corredor de acceso ás mesmas.

Dende o noso ciclo, creemos conveniente continuar a valla protectora de balóns por detrás da portería próxima ao patio cuberto, co obxecto de que saian menos balóns fóra do recinto durante os tempos de lecer.

### **Actividades de reforzo cara o verán**


Como o curso pasado recomendamos a todos os alumnos:

- Repasar operacións básicas en matemáticas.
- Trinta minutos de lectura diaria.
- O acceso á páxina web do centro onde están os blogs elaborados polas distintas titoras, e que contan con actividades de repaso e complementarias, ademais de xogos educativos adaptados á súa idade e nivel de coñecementos.
- "Psicolín": como medio para desenvolver o cerebro (non en todas as clases).
- Xogos e actividades deportivas variadas ao ar libre.
- 


### **Medidas correctoras de cara ao curso que vén**

- Seguir afondando en actividades que melloren a autonomía como neste curso.
- Continuar coa coordinación dentro do ciclo e co resto dos ciclos, e os profesores de PT e AL.
- Manter a periodicidade das entrevistas coa orientadora ao longo do curso, para facer un seguimento máis exhaustivo do grupo e de cada alumno/a individualmente.
- Traballar mediante obradoiros permanentes as habilidades sociais e fórmulas de cortesía para mellorar a convivencia.
- Reunións cos pais a inicio de cada trimestre: a primeira reunión considerámola produtiva e nas demais (do 3º curso) botouse en falta a participación máis activa por parte dos pais.

•



**Resultados da avaliación final de 3º de primaria**



**Resultados da avaliación final de 4º de primaria**

## **MEMORIA DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA**

### **Compoñentes do ciclo:**

- Titor de 6ºA: Luis Fernández Gudiña (coordinador)
- Titora de 6ºB: Concepción Moldes Carriba
- Titor de 5ºA: Gabriel Lago Marote
- Titora de 5ºB: Patricia López López
- Mestras especialistas en P.T.: Elisa Puente Murias e Diana Gómez Fernández
- Mestre especialista en Lingua Inglesa: Manuel Francisco Gómez Vidal
- Mestre de Educación Católica: María del Socorro Robles Castro
- Mestre de matemáticas: Francisco Pérez Lemos
- Orientadora (Rota polos distintos ciclos): Natalia Longo González

### **Outro profesorado que intervén no ciclo**

- Freixeiro Álvarez, Xoaquín: Mestre especialista en Educación Musical
- Rodríguez Centrón, Modesto: Mestre especialista en Educación Física
- Álvarez Silva, Ana M<sup>a</sup>: Mestra especialista en PT
- Gayoso Ríos, Marta: mestra de AL

### **Calendario de reunións e temas tratados:**

As reunións do equipo de terceiro ciclo realizáronse semanalmente os mércores de 13:30 h. a 14:30 h.. Nelas tratáronse, entre outros, os seguintes temas:

- Elección da coordinadora e asignación do profesorado aos distintos equipos (EDLG, Biblioteca, TIC, Axenda 21, ...).
- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir neste curso.
- Preparación da reunión cos pais/nais de alumnos/as do 1º trimestre e dos sucesivos trimestres.
- Propostas de saídas e actividades culturais.
- Participación nas actividades do centro.
- Participación en actividades solidarias.
- Información e participación en diversos concursos.
- Coordinación entre os/as mestres/as titores/as e o resto dos profesores que comparten clases no ciclo.
- Conveniencia de recordar as normas de comportamento no centro. Insistencia na importancia de combater a agresividade.
- Información sobre as datas e horas das sesións de avaliación de cada trimestre.
- Avaliación de actividades extraescolares e complementarias.
- Reunión coa xefa de estudos e o orientador do IES Lauro Olmo para falar do alumnado que remata ciclo e se incorpora a ese centro.
- Memoria final de ciclo.

### **Actividades dentro da aula ou centro:**

- Samaín (engalanar corredores, exposición de calacús, ...).
- Magosto (festa, degustación de castañas e chourizos asados e indulto da castaña).
- “Polo San Martiño, peóns ao camiño”.
- Día da Ciencia en galego (gravación, observación e representación de experimentos por parte do alumnado para o resto do colexio).
- Festival de Nadal (teatro, panxoliñas, recitado poemas) e adornos do Nadal para engalanar os corredores.

- Día internacional sobre a violencia de xénero cun mural cheo de brazos multicolores e lectura dun manifesto.
- Día da Paz (coreografía “Madre tierra” de Chayanne e murais para os corredores). Visionado de curtas relacionadas coa violencia de xénero e a desigualdade cun posterior debate nas aulas por niveles.
- Entroido (xoves de compadres e de comadres, ordes do Meco, desfile de comparsas “O viño e o seu entorno”, no que o alumnado de 5º ían de botellas de 6º de barricas de viño.
- Obradoiro de Xogos da Deputación para o alumnado de 5º de E.P.
- Festival de Primavera (bailes con distintas coreografías preparadas polo alumnado).
- Charla da Cruz Vermella: “Primeiros auxilios para nenos/as” e charlas do Plan director sobre “Acoso escolar” e “Novas tecnoloxías”.
- Charla sobre “Os valores medio-ambientais do parque Natural da Lastra”.
- Achega de traballos para a Revista Escolar “Trágame Terra”.
- Mes das Letras Galegas organizado polo E.D.L.G.
- Festival das Letras galegas no que houbo monólogos por parte dos alumnos/as de 5ºB, recitado do poema “A fala” de Manuel María por parte dos alumnos de 6ºB e pezas musicais interpretados polos nenos e nenas dos catro cursos.
- Participación no Proxecto Documental de Centro “Convivimos”(análise de diferentes imaxes relacionadas coas a temática da convivencia e coas reflexións achegadas polos nenos elaborar a nosa constitución escolar).
- Graduación do alumnado de 6º E.P.
- Actividades organizadas polo equipo de Biblioteca: Vaile co conto ao mestre/a, clubs de escritura e lectura , lectura silenciosa, lectura en voz alta dos venres, Olimpíada do saber, Mercadiño de libros usados, contacontos, ...
- Actividades organizadas polo equipo de Axenda 21: patrullas verdes, participar na recollida do lixo do patio, recollida de papel para reciclar, participar nas actividades do horto aromático e ecolóxico, participar na realización de adornos con material reciclado para o Nadal e participación na recollida solidaria de tapóns de plástico.
- Actividades organizadas polo E.D.L.G.: participación no concurso de carteis sobre Manuel María, gravación e emisión dos programas “A lingua nas ondas”, actividade “Roteiro literario”, Tendal do Malecón, Festival das Letras, actividade de “Mochilas pola lingua” (saída ao barrio de as Casas Baratas e o seu entorno: parque arqueolóxico, cemiterio, bodega cooperativa Jesús Nazareno, Capela, taller do escultor Gelo),...

### **Actividades fóra da aula:**

- Visita a Xagoaza (Igrexa, Adega e Mosteiro) e á Torre do Castro (5ºA e B).
- Visita á pizarreira e ao castelo de Arnado (6ºA e B).
- Visita ao Supermercado Eroski dentro do programa “Mates en tu super” (5ºA e B).
- Participación no programa “Ecopreguntoiro” de Radio Voz (5 nenos/as de 6º E.P. acadando a final e obtendo o segundo posto).
- Asistencia ao cine no Teatro Lauro Olmo con motivo da Semana da Natureza.
- Asistencia ao Teatro Lauro Olmo para ver unha obra de teatro en inglés.
- Visita ao instituto de referencia do alumnado de 6º de EP.
- Excursión para o alumnado de 5º e 6º de E.P a Cerceda.
- Excursión de final de curso de 5 días para o alumnado de 6º EP a Mallorca.

### **Aproveitamento dos medios e recursos:**

O alumnado de terceiro ciclo realizou un uso satisfactorio de todas as instalacións e recursos materiais e persoais existentes no centro. Algúns dos lugares máis frecuentados polo noso alumnado foron os seguintes:

- A Biblioteca do centro, onde o alumnado estivo nos tempos de lecer e acudiu para o préstamo de libros.
- O pavillón, o seu uso foi fundamental nos recreos para a práctica de diferentes deportes.
- O salón de actos para charlas, proxeccións, ensaios de obras e festivais.
- As aulas Abalar, dotadas con encerados dixitais e ordenadores para cada alumno/a, son outro dos recursos motivadores dos que dispoñemos para levar a cabo diariamente o labor docente, así como, os blogs dos distintos titores/as.
- As aulas de apoio de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, posto que, o traballo con estes/as mestres/as foi imprescindible para abordar as dificultades de aprendizaxe do noso alumnado.

En canto aos recursos persoais, ademais dos mestres de apoio citados anteriormente, cabe sinalar o traballo da orientadora do centro que se encargou da avaliación e seguimento do alumnado, organizou os apoios, asesorou ás familias e aos titores/as, coordinouse cos servizos externos ao centro,...

### **Nivel de consecución dos obxectivos:**

Gran parte dos obxectivos propostos ao comezo de curso foron acadados na súa totalidade. O equipo de terceiro ciclo continúa amosándose moi preocupado ante o aumento na aparición de conflitos entre o alumnado, non só nos tempos de lecer, senón tamén, en horario de clase. O Proxecto Documental “Convivimos” posto en marcha o curso pasado foi o inicio dunha reflexión sobre a convivencia para o alumnado pero deberíase continuar traballando de forma máis activa nos vindeiros cursos.

Neste curso seguiuuse co Proxecto Experimental Educación Dixital co alumnado de 5º e 6º de E.P. Deste xeito, durante este curso académico seguimos traballando a través do portátil os contidos expostos nunha contorna virtual; substituíndo así os libros de texto en soporte papel. Isto supuxo un cambio substancial na metodoloxía e no acceso á información, así como, un traballo e esforzo extra por parte dos titores/as. No vindeiro curso 2017/18 este proxecto seguirá vixente.

### **Dificultades atopadas**

Cada vez máis estamos a ver que hai unha falta de autonomía por parte dos alumnos/as e unha gran inseguridade para facer as tarefas eles sós.


Así mesmo, en xeral observamos que hai carencias no hábito de traballo e no esforzo persoal e, que as actividades extra-escolares, ás veces, tamén interfieren no desenvolvemento curricular óptimo.

Co fin de mellorar a colaboración entre os docentes e as familias dos/as alumnos/as para posibilitar un axeitado progreso académico, neste curso mantivéronse as reunións colectivas coas familias a unha por trimestre pero deberíamos tratar de buscar outras estratexias para afondar nestes temas e poder mellorar por parte de todos as dificultades coas que nos atopamos no día a día, tanto nas aulas coma fóra delas.




**Actividades de reforzo cara o verán:**

Ao longo das vacacións de verán deberíase seguir favorecendo o hábito lector, así como, as actividades onde se traballen as catro destrezas básicas (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita) e as operacións básicas de cálculo. O ambiente familiar debería propiciar este tipo de tarefas.



**Resultados avaliación final 5º curso**



**Resultados avaliación final 6º curso**

## **MEMORIA DO DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN**

### **Compoñentes do Departamento**

Durante este curso o Departamento de Orientación estivo composto por:

Profesorado de Pedagogía Terapéutica	Álvarez Lana, Manuela (actualmente de baixa por maternidade) Álvarez Silva, Ana M <sup>a</sup> Gómez Fernández, Diana (actualmente de baixa médica) Graña Rodríguez, Elena (substituta de Diana Gómez Fernández) Pereiro Arias, Montse (substituta de Manuela Álvarez Lana) Puente Murias, Elisa
Profesorado de Audición e Linguaxe	Breijo Calvo, Gemma Gayoso Ríos, Marta
Profesorado coordinador	Ensino Infantil: Molina Tato, Mercedes
Responsables da coordinación	1º e 2º de EP: Varela Gómez, Rosa 3º e 4º de EP: Rodríguez Centrón, Modesto 5º e 6º de EP: Fernández Gudiña, Luis
Xefa do Departamento de Orientación	Longo González, Natalia

- Durante este curso Manuela Álvarez Lana foi substituída por Montse Pereiro Arias. Así mesmo, desde o 26 de maio ata a súa incorporación, a mestra Diana Gómez Fernández será substituída por Elena Graña Rodríguez.
- Dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica (PT) estiveron asignadas respectivamente ás dúas aulas específicas que funcionan no centro. Outra profesora de PT encargouse de levar a cabo o obradoiro de altas capacidades.
- Unha das profesoras de Audición e Linguaxe (AL) encargouse da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e/ou en escolarización combinada, mentres que a outra mestra encargouse do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### **Reunións e temas tratados**

- As reunións da totalidade dos membros do Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Condesa Fenosa tiveron unha periodicidade mensual, combinándose coas reunións do profesorado de apoio e a orientadora. Entre outros temas tratáronse os seguintes: elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade; establecemento das accións prioritarias e liñas de actuación do Departamento de Orientación para este curso; revisión do Plan de Convivencia; outros.
- Ademais o profesorado especialista de apoio asistiu ás reunións semanais do ciclo de Educación Infantil ou ás reunións convocadas polos responsables da coordinación de 1º e 2º; 3º e 4º, 5º e 6º, segundo ao ciclo ao que estaba adscrito. Porén a orientadora foi rotando alternativamente por todos eles. Nestas reunións tratáronse temas de interese para o centro no seu conxunto e outros que se afectaban a organización do equipo docente.
- A orientadora tamén asistiu as reunións da Comisión Pedagóxica en representación dos membros do Departamento, por indicación do Equipo Directivo, co fin de darlle máis operatividade ás reunións deste órgano. Nestas reunións tratáronse temas de coordinación docente previamente tratados no ciclo ou ben no claustro.

- As reunións co profesorado titor e/ou especialista realizáronse durante as horas de garda do profesorado nunha data acordada previamente. Habitualmente os temas tratados referíanse á marcha do grupo ou dalgún alumno/a en particular.
- As reunións co equipo directivo realizáronse periodicamente co fin de aportar asesoramento psicopedagóxico nos distintos temas que foron xurdindo para que este órgano executivo tomase a decisión que considerase máis oportuna.
- Sempre que foi preciso, realizáronse reunións entre a orientadora e as auxiliares técnicas educativas, co fin de dotar de pautas e concluír as axudas técnicas necesarias para favorecer a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE.) na lista das coidadoras.
- As reunións cos pais realizáronse nas horas dispostas a tal efecto no horario da orientadora, previa cita. Os temas tratados foron normalmente para pedir asesoramento sobre temas puntuais ou ben para solucionar certos problemas de índole persoal. Valorar positivamente que haxa un período horario diario destinado ás familias repartido entre mañá e tarde para facelo máis dispoñible.
- A atención ao alumnado fíxose en horas de recreo e naqueles períodos horarios previamente establecidos co profesorado titor. Os temas das reunións eran de índole persoal ou para mellorar a marcha académica dos alumnos/as.

### **Marco de actuación**

Como ben queda reflectido no Plan de Orientación Educativa, a intervención do departamento realizouse nos seguintes ámbitos:

- *Alumnado:* A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na detección e avaliación das necesidades educativas do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían, na atención a demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.
- *Profesorado:* O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se lle expuxeron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais, etc. A través do Departamento tentouse dar un carácter estable á coordinación de titores e profesorado especialista co profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais. En colaboración co profesorado titor e de apoio procurouse dar resposta a estas necesidades coas prácticas na aula a través de apoios inclusivos.
- *Familias:* O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación co profesorado titor. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica ou para a detección temperán de necesidades. Realizouse tamén un labor de información e asesoramento ás familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as familias de aquel alumnado que se atopaba en períodos de transición: comezo e remate da educación primaria e inicio da escolarización.
- *Outros organismos:* A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar

unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos.

- Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria a unha parte do noso alumnado. En concreto traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial de Ourense, co Servizo de Pediatría do Hospital Comarcal Valdeorras (HCV), co Servizo de Saúde Mental do HCV, co Servizo de Fisioterapia do HCV, coa Unidade de Saúde Mental Infantil, co Servizo de Neuroloxía Pediátrica e co Servizo de Atención Temperá do Hospital Clínico de Ourense (CHOU); cos Servizos Sociais do Concello de O Barco e do Centro de Saúde; con Menores; coas educadoras da fundación Arela; con distintas asociacións, así como cos especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados alumnos/as do noso colexio.

### **Aproveitamento de medios e recursos**

Desde o Departamento de Orientación tentáronse de planificar os adecuados medios e recursos específicos en función das necesidades de orientación detectadas de xeito que se utilizaran racional e eficazmente.

En canto aos recursos humanos, salienta que, a pesar de que valoramos o esforzo realizado pola Administración na dotación deste tipo de recursos, o constante incremento cada curso do alumnado con necesidades educativas especiais e o tipo de necesidades que presentan, compromete o número de horas que o profesorado de apoio de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica lle pode dedicar ao resto de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, así como a realización dos apoios dentro da aula.

Consideramos fundamental que, cara o curso que vén, se manteñan, cando menos os recursos humanos existentes para dar unha resposta inclusiva e de calidade ao alumnado que necesite apoio.

En canto aos recursos e materiais específicos considérase satisfactorio. Hai que salienta que no terceiro trimestre foi necesario reorganizar os espazos dedicados á orientación e ao apoio do alumnado debido a que se inundaron as dependencias que se dedicaban a estes mestres ("A Casiña") por mor das chuvias torrenciais. Foi necesario desalojar ditas aulas, que se instalaron entre o primeiro e segundo piso do edificio principal, compartindo os distintos espazos simultaneamente varias mestras. Provisionalmente, á espera dunha solución da Administración educativa e do Concello, manteremos esta situación, a pesar das dificultades que provoca.

### **Valoración da consecución dos obxectivos programados para o presente curso e das accións prioritarias**

A continuación enuméranse os obxectivos e accións prioritarias levados a cabo, dentro dos ámbitos de actuación do Departamento:

- Realizáronse entrevistas ás familias de novo ingreso como parte dun labor preventivo de detección precoz coa finalidade de obter información relevante para o proceso de ensinanza - aprendizaxe.
- Deseñáronse medidas para a detección temperá das necesidades. Durante o curso realizáronse probas colectivas en 1º, 3º e 5º de Educación Primaria coa finalidade de obter pistas para orientar aos alumnos/as no terreo académico, actuando sobre as súas posibles dificultades e potenciando as súas habilidades.
- Organizáronse os espazos destinados a orientación e o apoio do alumnado procurando maximizar o seu uso.

- Adquiríronse materiais para as actividades que se realizaron nalgunhas das actividades da aula de apoio, así como material específico para o departamento (baterías de test).
- Elaboráronse os horarios de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e profesorado de apoio. Tentáronse optimizar os mesmos para conseguir o máximo aproveitamento dos recursos humanos. Ao longo do curso cambiáronse varias veces debido ás novas incorporacións.
- Colaborouse co conxunto do profesorado na posta en marcha e seguimento das medidas de atención educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta tarefa realizouse nas reunións de coordinación co profesorado titor e, especialmente co profesorado de apoio do alumnado implicado. Co fin de rexistrar a programación coas medidas e as distintas modificacións realizadas, elaboráronse unhas fichas trimestrais de seguimento nas que se reflectiron as mesmas.
- Asesorouse ao profesorado sobre as posibles adaptacións curriculares non significativas (metodoloxía, avaliación etc) co alumnado con necesidades de apoio derivadas de TDAH , de Dificultades Específicas de Aprendizaxe, entre outras.
- Tentouse dotar ao profesorado que así o solicitou de estratexias para desenvolver formulacións en metodoloxías activas que favorezan prácticas inclusivas nas aulas: aprendizaxe baseado en proxectos, ensinanza multinivel, aprendizaxe cooperativo etc
- Realizouse a avaliación psicopedagóxica do alumnado derivado polo profesorado titor unha vez esgotadas outro tipo de medidas. Nalgún caso contouse coa axuda do Equipo de Orientación Específico.
- Actualizáronse un número considerable de informes psicopedagóxicos. Non se puideron actualizar a totalidade de informes do alumnado que recibe apoio, entre outras cousas polo elevado número de alumnos/as e porque se priorizaron outras tarefas.
- Informouse ás familias de alumnado con dificultades de aprendizaxe das medidas que se estiveron a aplicar e do seu resultado.
- Participouse nas sesións de avaliación coa finalidade de obter datos relevantes sobre a marcha do alumnado e de tomar as medidas oportunas. Todas as medidas foron recollidas nunha acta de avaliación, que se incorporará ao ficheiro de cada curso.
- Realizouse o seguimento trimestral do alumnado en risco de non promoción e tomáronse as medidas que se consideraron máis adecuadas para a adquisición das aprendizaxes.
- Revisouse o modelo de plan de recuperación para cubrir polo titor destinado aos alumno/as que promocionaron con materias non superadas.
- Elaboráronse informes de avaliación trimestrais para as familias do alumnado de apoio educativo.
- Revisáronse as Adaptacións Curriculares dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, así como se realizaron algunhas novas para outros nenos/as unha vez esgotadas as medidas máis ordinarias.
- Adaptáronse os documentos do centro ás novas plantillas proporcionadas polo inspector.
- Colaborouse na revisión do Plan de Convivencia de acordo á nova lexislación así como nos seus respectivos anexos.
- Contribuíuse no deseño de actuacións que fomenten unha boa convivencia escolar.
- Realizáronse unha serie de actividades preventivas para unha adecuada convivencia desde a perspectiva da disciplina positiva e o traballo das emocións.
- Realizáronse unha serie de charlas co alumnado enfocadas á prevención do acoso.

- Atendeuse asesorouse ao alumnado en situación de risco ao longo do curso.
- Facilitouse o labor do profesorado proporcionándolle materiais e recursos cando estes lle foron requiridos.
- Colaborouse coas familias para implicalas na marcha escolar dos seus fillos/as e asesoralas naqueles aspectos para os que se solicitou axuda.
- Deseñáronse accións para favorecer a adaptación do novo alumnado, o tránsito do mesmo entre etapas educativas e a coordinación entre o centro e o instituto. Por acordo coa dirección do IES, a reunión coas familias de 6º de Educación Primaria, realizarase no que será o seu novo centro e non no colexio.

A valoración xeral da consecución dos obxectivos marcados no Plano de Orientación pódese considerar positiva, xa que se cumpriron na súa totalidade, ou parcialmente, a maior parte dos obxectivos e das accións prioritarias expostas a principio de curso.

Este feito débese en gran parte ao alto nivel de implicación de todos os membros do claustro, en especial do profesorado de apoio, así como do equipo directivo.

### **Dificultades atopadas. Propostas cara o vindeiro curso**

- Sinalar que, durante este curso, deuse continuidade a unha serie de obradoiros que xa funcionaban o curso pasado. Entre eles:
  - O obradoiro de habilidades sociais dirixido a un grupo variable de alumnos.
  - O obradoiro de enriquecemento curricular horizontal, destinado a alumnado con altas capacidades.
  - Os obradoiros de estimulación sensorial e gustativa dirixido a alumnado dunha das aulas específicas e a algúns alumnos/as das aulas ordinarias.
  - Esperamos poder seguir realizando todos eles cara o curso que vén, xa que son valorados moi positivamente polo profesorado e ademais observamos moitos avances no alumnado.
- Seguimos atopando necesario sistematizar ás reunións con aqueles titores que teñan alumnado de apoio con necesidades educativas especiais e/ou con adaptacións curriculares. non deixándoo unicamente á vontade persoal. Dotar de periodicidade ás reunións entre a orientadora e profesorado titor que ten alumnado de apoio sería moi recomendable.
- Durante este curso realizáronse charlas dirixidas ao alumnado sobre diversos temas de interese: sensibilización ante as persoas con discapacidade, resolución de conflitos, prevención de acoso, entre outras. Valoráronse positivamente e seguiremos dándolle continuación cara o curso que vén.
- Segue quedando pendente realizar estas reunións sobre aspectos básicos da educación dos seus fillos/as coas familias. Cremos que esta proposta non se levará a cabo ata que se acompañe da correspondente temporalización, que debe programarse ao inicio do curso.
- É necesario seguir completando o Plan de Convivencia con diversos anexos. Este curso completáronse os relacionados co acoso e coas condutas leves e graves, mais está por realizar o programa de habilidades sociais.
- Revisar o Plan de Acción Titorial e o Plan de Acolida de xeito que se planifiquen e ordenen sistematicamente as tarefas a realizar durante o curso.
- Plasmar por escrito nun documento para tal efecto as adaptacións curriculares non significativas do alumnado con necesidades (TDAH, TEA, Dificultades Específicas de Aprendizaxe etc).
- Volver a incidir en que este colexio atende numerosas demandas, tanto do alumnado que ten escolarizado como de alumnos procedentes ou adscritos a outros centros, que

se matriculan neste por ser un centro preferente para a escolarización de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que conta con dúas aulas específicas. O feito de que os centros específicos queden lonxe fai que estas aulas se convertan nun substituto daqueles na nosa bisbarra.

- Ademais o noso centro ten un número bastante elevado de alumnos e clases moi numerosas, polo que as demandas de intervención se disparan.
- Por todos estes motivos, temos que incidir na necesidade de manter o persoal que traballa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Varios alumnos do centro teñen a modalidade de escolarización combinada entre aula específica e ordinaria. Necesitan apoio as vinte e cinco horas lectivas. Este feito “absorbe” a dous mestres de pedagogía terapéutica e a unha das mestras de Audición e Linguaxe, así como moitas das horas do persoal coidador.
- Desde o Departamento solicitamos que, cando menos, se manteñan os mesmos recursos en canto aos mestres de apoio e se incremente un posto de coidadora.
- Esperamos que estes feitos sigan tomándose en consideración á hora da dotación de recursos humanos para o vindeiro curso.

## ***MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE***

### **Alumnado con N.E.A.E.**

Nas aulas de Audición e Linguaxe recibiron apoio ao longo deste curso un total de corenta e nove alumnos/as entre os que atopamos:

- Alteración da fala: dislalia, disfonía, disglosia e discriminación fonolóxica.
- Alteración da linguaxe.
- Alteración da lectoescritura.
- Trastornos do espectro autista.
- Parálise cerebral.
- Discapacidade intelectual.
- Alumnado con descoñecemento do idioma.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Outras dificultades (Atrasos Madurativos).

### **Organización do alumnado**

De todos eles/as, trinta e dous alumnos/as asistiron exclusivamente á aula de A.L. e outros dezasete necesitaron a intervención tanto do/a especialista en P.T. como de A.L. Intentouse que todo o alumnado que precisou reeducación logopédica puidera ser atendido e, debido a iso, ao longo do curso, o horario sufriu distintas variacións.

Ao igual que o curso pasado, non se puido levar a cabo o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (carácter preventivo na etapa de E.I.) por parte das mestras de A.L. debido ao gran número de alumnado e por falta de sesións no horario de audición e linguaxe.

### **Organización do profesorado**

Neste curso académico, o centro conta cunha dotación de dúas mestras de Audición e Linguaxe a tempo completo, unha con carácter definitivo (Marta Gayoso Ríos) e outra con destino provisional (Gemma Breijo Calvo).

### **Modelo de intervención**

Elaborouse para cada alumno/a un Programa de Intervención. Os/as especialistas en P.T. e A.L. mantivemos reunións mensuais coa orientadora, co fin de organizar o traballo dos/as alumnos/as e revisar os avances e dificultades dos mesmos.

Ao longo do curso as funcións como mestras especialistas en A.L. centráronse na realización das seguintes actividades:

- Atención ao alumnado con n.e.a.e.
- Realización de avaliacións iniciais da linguaxe oral e da lectoescritura: empregamos diversas probas para avaliar a linguaxe oral como a Proba de Linguaxe Oral de Navarra (PLON), o rexistro fonolóxico inducido, entrevistas coas titoras e observacións, tanto na aula coma nos recreos.
- Participación nas reunións de avaliación trimestrais, tendo en conta o seguimento das sesións na aula de audición e linguaxe.
- Coordinación cos titores/as, mestres/as especialistas e mestres/as de P.T., así como, coa orientadora do centro.
- Reunións con pais e nais dos/as alumnos/as.
- Elaboración e adaptación de material específico para os distintos alumnos/as cos que se interveñen e organización dos espazos e do mobiliario das aulas de audición e linguaxe.



- Coordinación cos equipos externos ao centro: médicos rehabilitadores, logopeda, E.O.E.,...
- Participación nas actividades realizadas no centro: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Festa fin de curso, saídas culturais e outras conmemoracións.

### **Obxectivos**

Como marco de referencia para o traballo na aula establecéronse unha serie de obxectivos xerais que posteriormente se adaptaron ao traballo específico con cada alumno/a. Estes obxectivos foron os seguintes:

- Facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.
- Empregar Sistemas Aumentativos e/ou Alternativos de Comunicación como medio de expresión.
- Favorecer a expresión da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos e conversas.
- Reforzar outros aspectos da aprendizaxe escolar relacionados coa linguaxe.
- Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Potenciar a lectura como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.

### **Intervención de A.L.**

As sesións tiveron unha duración de entre 20 e 50 minutos, dependendo das características do traballo con cada neno/a, así como, das modificacións no horario do centro (en setembro e xuño temos xornada única e partida no resto do período escolar). O número de sesións semanais oscilou entre as dúas e as cinco para cada alumno/a, sendo nalgúns ocasións sesións individuais e noutras en pequeno grupo. Todas as sesións se levaron a cabo nas aulas de A.L. Para cada alumno/a estableceuse un plan de traballo individual ao comezar o apoio, o cal se foi modificando para adaptarnos a cada rapaz ou rapaza. Este plan de traballo recolleuse nunhas fichas de seguimento que se revisaron trimestralmente.

Os obxectivos xerais da aula, xunto co plan de traballo para cada alumno/a, guiaron tanto a planificación das sesións como a metodoloxía das mesmas, predominantemente lúdica e na que o uso de programas informáticos, pictogramas, material auditivo, manipulativo e gráfico tiveron moita importancia.

Existen casos de alumnos/as cuxas necesidades son permanentes e , polo tanto, precisarán o apoio durante toda a súa etapa educativa, mentres que outros alumnos/as con necesidades ou ben acadaron os obxectivos previstos ou ben avanzaron no seu nivel de consecución dos mesmos e son propostos para continuar coa intervención no vindeiro curso.

### **Avaliación**

Ao comezar a intervención co alumno/a, realizamos unha avaliación inicial para determinar as necesidades. Estes resultados reflíctense nun informe individual. Trimestralmente, realizamos un seguimento tanto dos logros obtidos, materiais empregados, metodoloxía, tempos, espazos, novos obxectivos a traballar, así como, da propia avaliación docente. Así mesmo, entregamos uns boletíns informativos ás familias. Na avaliación final, recolleemos a evolución do neno/a, os obxectivos acadados, materiais empregados e as propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

### **Coordinación co profesorado e reunións cos pais e nais**

Ao longo do curso, ademais das reunións do Departamento de Orientación obrigatorias, houbo reunións informais e formais coa orientadora e co resto de especialistas en P.T para facilitar a coordinación do traballo entre todos. O feito de ter as aulas de A.L. e varias de P.T. na “Casiña” facilita a coordinación informal en calquera momento.

Realizáronse reunións cos titores/as do alumnado para favorecer a coordinación do traballo e ter diferentes visións dos progresos ou retrocesos dos mesmos. Nalgunha ocasión algún titor/a requiriu orientación para resolver algún problema, ofrecéndose as indicacións oportunas, ademais de proporcionarlle diverso material. Nos boletíns de seguimento trimestrais que se lle entregan ás familias, facilitáronse orientacións para favorecer os progresos dos seus fillos/as. Por suposto, non houbo problema en manter contactos persoais coas mesmas para falar da evolución dos/as fillos/as, así como, cando os titores/as o solicitaban para informarlles nas titorías.

### **Melloras na aula de A.L.**

As dúas mestras de A.L. dispoñemos de aula propia. Estas dúas aulas están situadas no edificio denominado “A Casiña”. Tendo en conta que a maioría do alumnado atendido son das aulas específicas e da etapa de E.I., o alumnado non tivo que desprazarse ata o segundo andar.

Ao longo deste curso, elaboráronse distintos materiais: para a respiración e o sopro, para a articulación, para a adquisición de vocabulario, para a estruturación sintáctica, para traballar as emocións, para traballar a conduta, para a estimulación...

### **Propostas de mellora**

É preciso manter ás dúas mestras de A.L. a tempo completo, posto que, unha delas é a responsable da atención do alumnado con necesidades educativas graves e/ou permanentes que precisan de sesións diarias, mentres que a outra mestra ocúpase de satisfacer a gran demanda de dificultades na fala e linguaxe existente nun centro con tanto alumnado.

Os grupos de rapaces/as por sesión tamén foron moi numerosos cando estas deberían ser individuais. En ocasións, o número de intervencións foron insuficientes e moi curtas.

No mes de maio, debido ás choivas torrenciais sufridas no Barco de Valdeorras, “A Casiña”, lugar onde se atopan as aulas de audición e linguaxe, dúas aulas específicas e o Departamento de Orientación, sufriu graves danos na estrutura: paredes, cortizos, chan, portas... Así como, nos materiais e mobiliario. Debido á imposibilidade de levar a cabo as sesións nestas aulas, houbo que desprazar as mesmas para o segundo andar do edificio principal e facer agrupamentos en aulas habilitadas provisionalmente. Agardamos poder volver á normalidade ao comezo do vindeiro curso, posto que, houbo moitas dificultades de organización e correcto seguimento das sesións. “A Casiña” precisa unha reparación importante para poder acondicionar os espazos sen humidade, posto que, moitos dos nosos alumnos/as presentan problemas respiratorios, alerxias e infeccións de forma habitual.

De cara ao vindeiro curso valorárase a pertinencia ou non de facilitar os boletíns trimestrais ás familias e substituílos por titorías periódicas, co obxectivo de mellorar a comunicación entre os/as mestres/as e os pais e nais.

## **MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

### **Alumnos/as con N.E.A.E.**

Durante este curso atendéronse nas aulas de Pedagogía Terapéutica un total de 43 alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, 7 deles teñen A.C.(s). Existe un número crecente de alumnado, pendente de avaliación diagnóstica e da realización de A.C. (s) nas diferentes áreas, para comezos do seguinte curso escolar. O resto dos alumnos reciben reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, en moitos casos, como Adaptacións Curriculares Non Significativas. As necesidades atendidas durante o curso, foron:

- Retraso mental non filiado. Retraso psicomotriz.
- TDAH. Dificultades de aprendizaxe.
- Discapacidade motora. Parálise cerebral espástica.
- Inmadureza xeneralizada. Déficit cognitivo.
- TEA. Transtorno de Espectro Autista.
- Retraso madurativo. Dificultades de aprendizaxe.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Déficit de atención.
- Situación social – familiar desfavorecida.
- Altas capacidades intelectuais.

### **Organización do profesorado.**

Neste ano académico contouse no centro con catro mestras de P.T. e dúas mestras de Audición e Linguaxe a tempo total. Unha das mestras de P.T. está asignada á aula específica de Discapacidade motórica, outra das mestras de P.T. está asignada á aula específica de Trastornos do Espectro Autista (T.E.A.), e outra das mestras de P.T. está asignada a un grupo de altas capacidades intelectuais atendendo igualmente a outros alumnos/as segundo necesidades organizativas. Coordinámonos para un axeitado desenvolvemento do proceso educativo. Os apoios realízanse tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo as necesidades dos alumnos, facendo unha rotación polas diferentes aulas de apoio específicas. As mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica foron as seguintes:

- Álvarez Lana, Manuela. Mestre especialista en P.T. (sustituída por Pereiro Arias, Montse na súa baixa por maternidade)
- Álvarez Silva, Ana M<sup>a</sup>. Mestre especialista en P.T.
- Gómez Fernández, Diana. Mestre especialista en P.T. (sustituída por Graña Rodríguez, Elena)
- Puente Murias, Elisa. Mestre especialista en P.T.

Así mesmo, entre os recursos humanos, contamos coa axuda inestimable de tres coidadoras (ATEs), e coa colaboración de mestres/as con dispoñibilidade horaria para atender as necesidades de apoio do noso alumnado.

### **Organización do alumnado**

A maioría dos alumnos están integrados nas súas aulas ordinarias, acudindo algunhas horas a sesións de P.T., dentro da “Casiña” (aulas azul, vermella, amarela e verde) ou nas aulas novas do segundo andar (aula violeta e laranxa).

Tres dos alumnos/as permanecen a maioría do horario na “Casiña” na súa aula específica de autismo ou motóricos, estando integrados na aula ordinaria nas áreas de Educación Física e

Música, acompañados normalmente das coidadoras. Estes alumnos acoden a algunhas sesión co seu grupo de referencia varias sesión semanais acompañados da súa mestra de PT.

Os horarios sufriron varias modificacións ao longo dos tres trimestres debido ao incremento de alumnado con novas necesidades. Revisáronse para dar cabida aos seguintes casos:

Incorporación de alumnado con dificultades, aumento ou diminución de horas segundo a consecución de obxectivos.

No mes de maio "A Casiña" sufriu inundacións debido á tormenta (polas malas condicións dos canalóns), provocando o deterioro de moitos materiais e causando goteiras e problemas de humidades. Debido a isto houbo que trasladar ao alumnado e os materiais ás aulas do edificio principal. Estes feitos levaron á reorganización dos espazos, compartindo aulas de diferentes especialistas e o agrupamento de alumnos.

### **Modelo de intervención.**

Elabórase para cada alumno/a, un Plan de traballo trimestral (para os casos con reforzo educativo) e/ou anual, revisado en reunións periódicas dos P.T.s e A.L.s coa Orientadora, titores/as e profesorado especialista, co fin de organizar o traballo dos alumnos e revisar os avances e dificultades dos mesmos.

As funcións das mestras de P.T. foron as seguintes:

- Elaboración de actividades para os alumnos na aula específica.
- Elaboración de materiais específicos para o alumnado con N.E.E.
- Elaboración e adaptación de material de apoio para a aula ordinaria.
- Colaboración activa na elaboración e revisión de ACIs.
- Elaboración de programacións de aula.
- Organización dos espazos e do mobiliario das aulas.
- Coordinación cos/as mestres/as titores/as e a orientadora.
- Apoio ós/ás mestres/as titores/as na aula ordinaria e nas saídas.
- Coordinación e colaboración coas familias na elaboración de materiais específicos para complementar o traballo realizado na aula.
- Coordinar e participar en grupos de traballo relacionado co alumnado con N.E.E.
- Participar nas reunións de avaliación.
- Participación nas actividades realizadas polo centro, promovidas polos distintos equipos:
  - Proxecto Documental Integrado ("Festexa comendo de forma saudable")
  - EDLG ("Ciencia en galego", "A caixa do correo", "Concurso de cartaces: Carlos Casares paixón pola nosa Terra", "Entroido adicado a Florencio Delgado Gurriarán" "A lingua nas ondas", "Festa das letras galegas", "Mochilas pola lingua"...)
  - Axenda 21 ("Patrullas verdes", "Horto ecolóxico", "Semana da Natureza"...)
  - Biblioteca: "A olimpiada do saber", "Mercadiño de libros", "Trágame terra"...,
  - Celebracións escolares (Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Festival da Primavera, partido de fútbol cos mestres/as, Festa fin de curso, saídas culturais...)

### **Obxectivos.**

Os obxectivos prioritarios de intervención, con estes alumnos están encamiñados a favorecer o maior grado de desenvolvemento persoal posible, tentando iniciar e/ou mellorar os seguintes aspectos: estimulación multisensorial, interacción e integración social, comunicación, representación simbólica, desenvolvemento psicomotor, habilidades sociais, de identidade e autonomía persoal.

Así mesmo, o coñecemento da contorna, a lectoescritura, o cálculo, a estimulación das capacidades que potencien a mellora do déficit de atención e atrasos madurativos. Todo iso

mediante a adquisición de hábitos de autonomía e rutinas diarias adaptadas a cada dificultade.

Determinar o grao de consecución dos obxectivos nestes alumnos é moi complicado, debido a que cando se alcanzan algúns, outros todavía están en proceso mentres que outros tiveron que ser reformulados, adaptados, ampliados e/ou eliminados.

Aínda así, podemos dicir que en liñas xerais houbo unha evolución moi positiva.

Para favorecer a consecución dos obxectivos sinalados, continuamos adaptando a “Aula de Estimulación Multisensorial” na aula destinada ao alumnado con discapacidade motórica (aula azul), máis a disposición de todo o alumnado que así o precise.

Durante este curso, continuamos ampliando a dotación de recursos de estimulación e a elaboración de recursos propios (láminas adaptadas, xogos encaixables, recursos TIC, materiais manipulativos,....) .

### **Metodoloxía.**

Empregamos unha metodoloxía activa e participativa implicando a todos os alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. Partimos dos seguintes principios metodolóxicos que deberán rexer toda intervención educativa: partir do nivel de desenvolvemento do alumno e do entorno máis inmediato (modelo ecolóxico de aprendizaxe), aprendizaxe significativa, participación activa no propio proceso de aprendizaxe, aprendizaxe mediado, traballo a partir de rutinas... Foi necesario, tamén, motivar axeitadamente aos alumnos cara a aprendizaxe:

- Suscitando actividades que lles supoñan un reto progresivo sen provocar frustración no alumnado.
- Reforzando “o proceso e o esforzo” e non os resultados.
- Potenciando a creatividade do alumnado, a partir dos seus propios intereses facilitándolle o material preciso para que eles poidan construír as súas propias aprendizaxes.
- Empregando apoios visuais (pictogramas, material audiovisual e informático) para facilitar e incrementar a intencionalidade comunicativa dos nenos con NEE.

### **Actividades.**

#### **Actividades do Alumnado:**

Atendendo ás diversas necesidades coas que nos atopamos no centro, levamos a cabo unha ensinanza individualizada, sectorizada, integrada, normalizada e inclusiva, cunha serie de actividades en diversos tipos de agrupamentos flexibles (individual, pequeno e gran grupo) traballando en obradoiros nos que o alumnado co “material preciso segundo a tarefa a realizar” construía a súa propia aprendizaxe curricular.

As actividades están pensadas para dar resposta ás competencias clave reflectidas nos estándares de aprendizaxe que marca a lexislación vixente (Decreto 105 de Educación Primaria) e aos obxectivos formulados no plan de traballo individualizado. Destacar sobre todo o establecemento de rutinas diarias e normas de conduta ben definidas.

Algunhas actividades individuais:

- Actividades con material impreso: libros, cuaderniños, ficha, diarios de investigación...
- Actividades con material visual: pictogramas (mapas conceptuais, axendas, secuencias...), paneis de comunicación, taboeiros, calendarios, lapbooks...
- Actividades con material manipulativo: puzzles, bloques lóxicos, ábacos, encaixables, ensartables, básculas, maquetas, cintas métricas, dominós matemáticos, bingo, parchís ortográfico, xogos de mesa (axedrez, tres en raia), xogo das cartas, material da contorna inmediata.

- Actividades con material de estimulación multisensorial: mesa de luz, serpe vibrante, coxín vibrador, teito de luces, luz negra, tubos luminosos, luvas luminosas, bonecos con texturas, camiño sensorial, caixa de sons, asociación de texturas...
- Actividades con software informático: Clic, Aprendilandia, Pipo, Pocoyó, Caillou, Cativadas, Adibú Trampolín, Winnie The Pooh, Comprensión Lectora (Aquari), Actividades para P.D.I., Arasuite.
- Actividades colgadas na rede: Vídeos de youtube, Symbaloo, blogues educativos do profesorado do centro (e doutros centros), blogue do Equipo de Orientación, E.D.L.G., Biblioteca, LIM,...
- Actividades plásticas (recortado, picado, amasado, pintura, ...).
- Obradoiros:
  - Obradoiros de Aula de TEA: Semanais (Obradoiro de estimulación lectora “Obradoiro de biblioteca”, Habilidades Sociais “Xogos de mesa e xogos de exterior”... ) e estacionais (outono, samaín, magosto, nadal, inverno, entroido, primavera, letras galegas...).
  - Obradoiros de Aula de Motóricos: Obradoiro de estimulación multisensorial (Auditiva, Táctil, Motriz, Visual, Olfactiva, Respiratoria e Gustativa)
  - Obradoiros de grupo de Altas Capacidades Intelectuais: Obradoiro de cadernos de investigación, Obradoiro de elaboración de LAPBOOKS, Obradoiro de elaboración de xogos relacionados coas diversas áreas, Obradoiro de elaboración de presentación de temas para exponer aos compañeiros.
  - Programas de Enriquecemento Curricular: Consistentes en ampliar coñecementos a partir dos intereses dos nenos, relacionados cas materias curriculares impartidas na aula ordinaria.
- Actividades grupais de centro:
  - Actividades complementarias: Celebracións (Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Natureza, Os Maios, Letras Galegas), Festivais (Nadal, Primavera, Letras Galegas), Convivencia de Infantil “Cholo e Nela”, charlas, títeres, contacontos (O Apalpador...) e todas aquelas actividades planificadas polos equipos de: Biblioteca, Axenda 21 e Equipo de Dinamización da Lingua Galega (E.D.L.G.).
  - Proxecto Documental Integrado: “Festexa comendo de forma saudable”.
- Saídas:
  - Na contorna: Punto limpo de Viloira, Bombeiros, Panadería, Correos, Xagoaza, “Mochilas pola lingua” a Veigamuiños-Tremiñá, Teatro Lauro Olmo, Centro de saúde, Depuradora...
  - Fóra da contorna: , Visita Palma de Mallorca, Ourense, Ponferrada, Convivencia de Infantil “Cholo e Nela”, Granxa de Barreiros, Parque acuático de Cerceda.

### **Actividades do Profesorado:**

- Proxecto Documental de Centro “Festexa comendo de forma saudable”.
- Actividades de fomento do emprego da lingua galega, promovidas polo E.D.L.G.: “A Lingua nas ondas”, “Semblanza do autor”,.....
- “Festa das Letras Galegas”: Adicado especialmente a homenaxear a figura e obra do escritor Carlos Casares, con dúas galas: unha para o alumnado de Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria e outra para o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria.
- Outras das actividades nas que o noso alumnado poido participar activamente foron: “Ciencia en galego”, “A caixa do correo”, Concurso de Cartaces “ Carlos Casares paixón

pola nosa Terra”, “A lingua nas ondas”, “Festa das letras galegas”, e “Mochilas pola lingua”.

### **Avaliación.**

A avaliación proporcionáanos información para axustar a intervención educativa. Por iso non podemos cinguirnos só aos alumnos/as, senón tamén á nosa práctica como docentes.

Respecto dos alumnos/as, levamos a cabo unha avaliación inicial (partindo da información reflectida nas fichas de seguimento realizadas unha vez rematado o curso anterior), continua e formativa, mediante:

- A observación directa do traballo diario dos alumnos, observando o seu traballo individual e en grupo, en diferentes tarefas e situacións.
- Análise das producións.
- Observación sistemática.
- Rexistros de conduta, anecdotarios...
- Probas de avaliación.
- Axendas de ida e volta.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Entrevistas cos titores/as e resto de profesionais participantes.
- Entrevistas cos/as pais/nais ou titores legais.

A evolución dos alumnos/as foi moi dispar. Algúns alumnos/as, con dificultades de aprendizaxe, acadaron o nivel medio do seu grupo de referencia e deixan de recibir o apoio. O resto do alumnado, se ben evolucionou, todavía precisan seguir recibindo o noso apoio. Os alumnos/as de aulas específicas, van evolucionando dacordo coas súas características específicas, segundo os seus obxectivos.

En canto ao noso traballo como mestres/as, démoslle prioridade a:

- O nivel de interacción cos alumnos.
- A adecuación dos materiais empregados.
- A pertinencia das actividades propostas.
- O nivel de interacción e coordinación entre os profesores e apoios.
- O nivel de interacción coas familias.
  - A procura dos intereses do alumnado.
  - O interese do profesorado pola participación en cursos de formación e a repercusión do traballo na aprendizaxe dos alumnos/as.

Como documentos de avaliación, temos os informes trimestrais para as familias, as Fichas de Seguimento, (revisadas trimestralmente), os criterios de avaliación das Programacións de Aula e os indicadores de avaliación dos Documentos de Adaptación Curricular.

### **Propostas de mellora**

Cara o curso que vén, consideramos necesario:

- Material específico para o alumnado que o precise.
- Arranxar os destrozos ocasionados pola tormenta en todas as aulas da “Casiña” e dotar de novo mobiliario e equipos informáticos.
- Dotar a aula de apoio situada no segundo andar dunha pizarra dixital para facilitar o apoio ao alumnado de terceiro ciclo que traballa con libros dixitais.
- INCREMENTAR o profesorado nomeado a tempo completo. Dos catro metros especialistas en Pedagogía Terapéutica, dous xa están a tempo completo nas dúas aulas específicas co alumnado con necesidades educativas permanentes, quedando as outras dúas especialistas para satisfacer a gran demanda de alumnado con dificultades coas

que conta o centro. Isto conleva a formación de agrupamentos numerosos e heteroxéneos que non son atendidos coa eficacia que requererían as súas necesidades.

Ademais cada ano incrementase o número de alumnos que precisan intervención en todas as etapas, e que cos recursos existentes non poderán ser atendidos.



## MEMORIA DE LINGUA INGLESA

Neste curso 2016/2017, o centro incorporouse á rede de centros plurilingües de Galicia co cal a organización desta área se viu modificada.

### Persoal

Os mestres que impartiron Lingua Inglesa foron os seguintes:

- M<sup>a</sup> de las Mercedes Gallego Delgado
- Manuel Francisco Gómez Vidal.

Ademais, contouse cunha auxiliar de conversa de nacionalidade norteamericana, Emily Geneva Ross.

**M<sup>a</sup> de las Mercedes Gallego Delgado**, ocupouse de dar Lingua Inglesa en Educación Infantil e en 1<sup>o</sup> curso e 2<sup>o</sup> cursos de Educación Primaria.

Ademais, tamén impartiu en Lingua Inglesa á área de Educación Plástica.

**Manuel Francisco Gómez Vidal**, ocupouse de dar Lingua Inglesa en 3<sup>o</sup>, 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> cursos de Educación Primaria.

En relación á auxiliar de conversa, **Emily Ross**, destacar que, como indica a normativa do programa de auxiliares de conversa, permaneceu no centro escolar **12 horas semanais** distribuídas do seguinte xeito de luns a xoves:

HORARIO EMILY ROSS					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>1ªHORA</b> 10:15-11:10	<b>6ºB</b> (Carolo)	<b>2ºB</b> (Merche)	<b>1ºB</b> <b>Plástica</b> (Merche)	<b>1ºA</b> <b>Plástica</b> (Merche)	
<b>2ªHORA</b> 11:10-12:05	<b>5ºB</b> (Carolo)	<b>6ºA</b> (Carolo)	<b>3ºB</b> (Carolo)	<b>2ºA</b> (Merche)	
<b>3ªHORA</b> 12:35-13:30	<b>3ºA</b> (Carolo)	<b>4ºA</b> (Carolo)	<b>4ºB</b> (Carolo)	<b>5ºA</b> (Carolo)	
<b>4ªHORA</b> 15:30-16:15					
<b>5ªHORA</b> 16:15-17:00					

En todo momento, estivo acompañada por un dos mestres titulares como así especifica que debe ser o xa mencionado programa.

### Actuacións

En **Educación Infantil**, impartíuse Lingua Inglesa nas seis aulas existentes ( 2 por nivel) tendo unha sesión semanal de 45 minutos, tempo que consideramos é o mínimo imprescindible para acadar os obxectivos do programa e para unha máis doada organización do centro.

En total, atendéronse **103** nenos/-as, distribuídos do seguinte xeito:

	<b>3 anos</b>	<b>4 anos</b>	<b>5 anos</b>
<b>Alumnado Educación Infantil</b>	41	30	32

Utilizouse o método “Playschool” da Editorial Oxford University Press nos diferentes niveis existentes e adaptados para cada unha das idades.

Dito método conta cunha gran aceptación entre o alumnado porque ten como eixe central a mascota, “Monkey” (un mono de peluche), que é o que propón as actividades segundo a rutina

e o tema que se estea a tratar en cada momento. Está composto por fichas que favorecen a adquisición e o achegamento á lingua inglesa nestas idades. Tamén se fixo uso de material complementario, vídeos e fichas adaptadas, contos, Big Books, etc.

A metodoloxía empregada estivo baseada nos centros de interese do alumnado no que o aspecto lúdico reflectiuse nas diferentes actividades: xogos, cancións, contos, fichas, escenificacións, actividades plásticas, etc.

A valoración é moi positiva xa que se acadaron todos os obxectivos mínimos na aprendizaxe da lingua estranxeira tendo en conta que o alumnado con necesidades educativas específicas tamén amosou unha actitude moi positiva cara o aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

En canto á dotación da aula consideramos que é adecuada e que dispón daqueles materiais imprescindibles para levar a cabo a ensinanza da lingua estranxeira tanto no que se refire ó material funxible como no resto de material xa que todas as aulas contan cunha pizarra dixital interactiva que permite levar a cabo unha variedade enorme de actividades e fai que o alumnado se inicie no uso das tecnoloxías.

En **Educación Primaria**, impartiuse Lingua Inglesa nas doce aulas existentes (2 por nivel), tendo as sesións semanais que están marcadas por lei:

- 1º e 2º curso de Educación Primaria: 2 sesións semanas.
- 3º, 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria: 3 sesións semanas

Ademais, no 1º e no 2º curso de Educación Primaria se impartiu en Inglés a área de Educación Plástica que, como está estipulado é unha sesión semanal dunha duración de 60 minutos.

En total, atendéronse **263** nenos/-as, distribuídos do seguinte xeito:

Alumnado	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
Educación Primaria	45	37	43	45	51	42

### Libros de texto:

Dende ó 1º curso de Educación Primaria ata 4º curso, optamos por darlle continuidade ao método de “Quest” da editorial Mc`Millan Heineman nos diferentes niveis existentes adaptados para cada curso, xa que o vemos máis actualizado, chama máis o interese dos nenos/as e presta maior atención ao uso das tecnoloxías de información e comunicación, proponendo tarefas máis axeitadas para conseguir que o alumnado acade unha boa competencia nesta área.

A metodoloxía utilizada é lúdica e parte dos intereses dos nenos/as. O proxecto no seu conxunto pon a énfase nas situacións comunicativas nas que se debe dar respostas verbais breves ou completas de forma controlada. Os aspectos lúdicos, humorísticos e divertidos (ex. o uso dos cómics, e dos xogos) que contribúen a que os nenos/as aprendan en situacións próximas ao seu mundo real tivéronse en conta e incluíronse co fin de conseguir que aprender inglés sexa unha experiencia interesante e construtiva.

Os contidos presentáronse de forma contextualizada co fin de propiciar situacións de aprendizaxe significativa. Traballouse a partir de contextos (historietas, cancións, textos con grande apoio visual, etc.) cos que os alumnos/as xa estaban familiarizados. A creación de situacións de aprendizaxe significativa tamén se viu reforzada polo uso de ilustracións que axudan a entender os significados novos.

Pretendeuse desenvolver a competencia comunicativa nos alumnos/as a través de actividades nas que a linguaxe se utiliza con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, resolver problemas da vida cotiá, contar, comprar, vender, etc...

As destrezas de comprensión e expresión, tanto orais como escritas, desenvolvéronse de forma integrada favorecendo deste modo a adquisición/aprendizaxe de habilidades esenciais

para comunicar en lingua estranxeira e contribuíndo ao desenvolvemento de capacidades que se especifican nos obxectivos xerais da área para esta Etapa.

En canto a 5º e 6º curso, dicir que a experiencia co libro dixital foi ambivalente. Todos os días houbo algún ordenador que non ía ou que non cargaba e iso xa dificultou o normal desenvolvemento da clase.

Este curso a conexión a Internet mellorou na gran parte das aulas, excepto en 5ºB, que ía moi lenta, facéndonos perder moito tempo. Incidir en que, cara ao curso que vén, é necesario solventar o problema desta aula coa wifi.

Escollemos para o noso traballo diario o libro *Smileys* 4 e 5 porque resultaba moito máis atractivo para o alumnado: cancións, corido, boas ilustracións, historias animadas, vocabularios moi visuais, voces con distintas tonalidades e timbres, etc.

Cabe subliñar que no apartado de Study Spot so hai exemplos sen ningunha explicación gramatical, por ese motivo completáronse cos cadros gramaticais e de verbos da editorial Netex e de páxinas webs especializadas en lingua inglesa.

### **Avaliación**

En xeral, o Equipo de Área de Primaria realiza unha valoración positiva en canto á consecución dos obxectivos e contidos por parte do alumnado. Na meirande parte dos casos acadáronse os obxectivos referentes ao coñecemento da lingua estranxeira contemplados na programación, a pesares de que no terceiro trimestre, debido á saturación de actividades extraescolares e ás excursións, dispuxemos de moi poucas horas lectivas.

No que se refire á Aula de Lingua Inglesa, queremos facer constar as vantaxes derivadas de poder gozar dunha aula propia para inglés cos avances tecnolóxicos dos que dispón: pizarra dixital, equipo de son, canón de vídeo, ordenador con conexión a Internet, DVD, vídeo, televisión, se ben debido á cantidade tan alta de alumnado por grupo, sería preciso contar cunha 2ª aula de Lingua Estranxeira para que todos os cursos puidesen acudir a ela e non recibir as sesión de Inglés na aula ordinaria xa que hai moito menos espazo e hai certas dificultades a hora de realizar algunha actividade concreta.

Así mesmo, hai que destacar que a sonorización das aulas non é adecuada, posto que se producen reverberacións que impiden que os nenos/as que se sentan na parte traseira entendan ben os listenings. Este problema podería emendarse recubrindo as paredes da aula con cortiza.

Queremos facer constar que sería preciso ter un profesor de reforzo nas sesión de Lingua Estranxeira para, deste xeito, poder atender dun xeito máis eficaz as necesidades educativas e de reforzo que necesitan os alumnos.

Por suposto, valoramos moi positivamente a figura dunha auxiliar de conversa de lingua estranxeira nativa na aula, pois aporta moitos beneficios tanto ao alumnado como ao profesorado.

Creemos que o auxiliar de conversa é un recurso imprescindible para o profesorado desta área pois aumenta a curiosidade e motivación do alumnado pola lingua estranxeira e permite mellorar a práctica docente. O auxiliar de conversa é un falante nativo e modelo auténtico da lingua e cultura que representa e tamén supón unha novidade con respecto ao profesor/a.

Ademais o feito de ter unha mestra nativa permite que o alumnado coñeza como vive e pensa a persoa de lingua estranxeira, dando a oportunidade de mellorar as habilidades lingüísticas, pero tamén aportando experiencias culturais directas enriquecedoras a nivel persoal.

No noso caso deste ano, Emily conectou moi ben co alumnado ao ter unha idade máis preto da deles.. Foi unha experiencia moi motivadora para a competencia comunicativa en relación coa práctica de destrezas orais, tanto de comprensión como de expresión. Ensinou aspectos da súa cultura, moi atractivos para os nenos/as como Thanksgiving Day, Christmas, Easter, Valentine

's Day, as comidas, os deportes, xeografía, a través das diferentes actividades programadas para a celebración de ditas festividades que supuxeron unha motivación extra para o alumnado e incluso, levou un club de lectura en Inglés ó longo de todo o curso.

Hai que resaltar que nos distintos cursos tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria, houbo casos de nenos/as que debido as súas características necesitaron dunha atención individualizada, de adaptacións curriculares non significativas e, incluso de materiais específicos ou adaptacións significativas. Nestes casos non sempre se acadaron os obxectivos mínimos programados para o curso, pero si houbo unha evolución positiva dentro das súas posibilidades. Algúns nenos con necesidades educativas especiais acudían á aula de inglés acompañados pola mestra de apoio, feito que valoramos moi positivamente.

## **MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

A Educación Física no noso centro estivo impartida durante este curso polos mestres: M<sup>a</sup> Teresa Guitián (psicomotricidade en Infantil) Gabriel Lago (no 1º Ciclo de Primaria) e Modesto Rodríguez (no 2º e 3º Ciclo de Primaria).

### **Consecución de obxectivos.**

En canto aos obxectivos da área, destacamos como aspectos importantes, a consolidación de certos hábitos e actitudes:

- Hixiene corporal. Todos @s nen@s do 1º Ciclo aséanse e cambian a camiseta ao remate da actividade física e os do 2º e 3º Ciclo dúchanse e mudan de roupa.
- A actividade física como hábito xerador de saúde e calidade de vida. Aliado na loita contra o sedentarismo e a obesidade.
- O xogo e o deporte como elemento lúdico. Educar a competitividade.
- A aprendizaxe de novos xogos como alternativas para o tempo de lecer e como axuda para un desenvolvemento motriz máis harmónico e completo.  
Tanto este obxectivo como o anterior estamos a traballalos, ademais de nas clases de Educación Física, a través de xogos alternativos no pavillón á hora do recreo (co 2º e 3º ciclo de Primaria). O mellor lugar para formar a deportistas habituais é a escola, baixo a tutela do profesorado que eduque e faga ao neno racionalizar o xogo e situar nun segundo plano o resultado; para potenciar aspectos como a diversión, o esforzo, o xogo en equipo, o xogo limpo,...
- A importancia da preparación do corpo para o exercicio físico (quentamento e estiramientos) de cara a evitar posibles lesións.
- E os estiramientos e a relaxación (a volta á calma) para recuperar o estado de repouso e evitar a aparición de maniotas ou outras lesións de maior entidade.

Na **aula de psicomotricidade** neste curso continuamos coa programación marcada para os diferentes niveis, tratando de ir mesturando diferentes tipos de actividades e xogos psicomotrices.

As actividades feitas ían dirixidas á expresión corporal no seu conxunto e segmentaria: movemento, equilibrio, lateralidade, desprazamentos, control do corpo en situacións sinxelas. Os xogos psicomotrices: individuais, por parellas, en pequeno grupo e gran grupo que se facían con ou sen obxectos, pelotas, aros, cordas, cintas, outros elementos que temos a disposición na aula de psicomotricidade. Postos en práctica en pequenos circuitos ou atendendo a unhas ordes dadas, o que permitiu traballar “atención” e a “capacidade de memorización”.

Tamén se aproveitou o espazo exterior do colexio para poder impartir as sesións fóra, sempre que o tempo o permitiu, e así poder empregar materiais coma o “paracaídas”, pelotas grandes, zancos,... e tamén os elementos que hai: columnas, árbores, liñas do chan, xogos pintados. Todas as actividades e xogos feitos ían dirixidos ao disfrute, a ter en conta a capacidade de cada nen@, a acadar a integración do grupo aprendendo a traballar en equipo, a entender a competitividade respectándose e axudándose entre tod@s.

Dentro da aula de psicomotricidade destacar:

- Que se protexeron os radiadores da calefacción para evitar pequenos accidentes.
- Temos o material colocado nos numerosos estantes postos, o que permite dispoñer de máis espazo libre.
- No vindeiro curso seguiranse necesitando máis pelotas brandas, que están a disposición no ximnasio.
- Se retiraron os aros grandes rotos e mirar se é posíbel poder ter algún novo deste tamaño.

- Ao inicio do curso quitouse todo o material que estaba moi deteriorado.
- O resto do material está en bo estado e é suficiente.

### **Educación Física e Saúde**

Continuamos neste curso, en **Primaria**, levando un control do peso dos nosos alumnos para apreciar a súa progresión e detectar os casos de sobrepeso e obesidade. Así como tamén os de Baixo Peso. Como en anos anteriores pesámoslos e medímoslos ao inicio e final de curso e calculamos o **IMC** (Índice de **Masa Corporal**) que nos proporciona un maior coñecemento do estado do noso alumnado. Non debemos esquecer que a Obesidade é unha enfermidade, e como tal debe ser tratada. E canto máis precozmente se actúe, máis doada será de reverter. O mellor para manter un peso equilibrado é conxugar actividade física moderada habitual, cunha alimentación sa e en cantidade proporcionada.

Por outro lado, seguimos a darlle importancia á hixiene postural nos múltiples actos diarios en que fan uso das súas costas (ao coller pesos, ao sentarse, ao durmir,...). Así como cremos que debemos ser máis estritos no control do peso das mochilas (diversas organizacións médicas recomendan que non superen o 10% do peso do neno). Están hipotecando o corpo para o futuro e tanto os pais/nais coma o profesorado, podemos axudarlles a sensibilizarse e responsabilizarse en maior medida do seu corpo en período de crecemento. Temos que tomarnos este tema moi en serio, pois cada vez temos máis nenos con problemas de desviación de columna.

### **Melloras e necesidades da Área de E.F.**

Con motivo das tormentas torrenciais do mes de maio, produciuse unha goteira á altura dos fluorescentes do baño de persoas con discapacidade do vestiario feminino, que evidencia un furado no tellado que se debería arranxar antes do outono. E unha entrada de auga polo chan da pista do pavillón nunha zona próxima á porta de entrada. Por dúas veces se produciu un charco no interior do pavillón.

No que toca á limpeza das instalacións da área, queremos sinalar a existencia de arañeiras e a falla de limpeza das xanelas do pavillón. A razón destas carencias é que ninguén ten asignadas estas tarefas de limpeza, polo que solicitamos que cando menos unha vez ao ano o Concello encargue esta limpeza a quen considere oportuno.

Consideramos que non é lóxico que se faga unha limpeza anual a fondo a todo o colexio e o pavillón, que ten un uso non só escolar, senón que tamén é empregado en multitude de actividades extraescolares, non reciba o mesmo trato.

Seguimos botando en falta que se puidera establecer cando menos unha reunión para intercambiar información co profesorado de E.F. do IES. Lauro Olmo que vaia impartir clase aos nosos alumnos de 6º o vindeiro curso académico, así como para establecer unha coordinación relativa aos contidos impartidos na área, tanto no 3º Ciclo de Primaria coma no 1º Ciclo da E.S.O. Creemos que a reunión de todo o equipo de mestres de 6º de Primaria coa Xefa de Estudos do devandito I.E.S. (que si se realiza), non exclúe outra reunión máis específica (por áreas), podendo ser tanto a finais de xuño como a principios de setembro.

Segue pendente a redistribución, máis racional, dos diferentes espazos de xogo no patio. O fútbol, os alumnos maiores do colexio e o xénero masculino, en concreto, copan os mellores espazos e durante máis tempo.


### **Actividades Extraescolares e Complementarias de E.F.**

- *Xogos alternativos* no pavillón á hora do recreo (para os alumnos de 2º e 3º Ciclo de Primaria).


- *Día do peón* (para todo o alumnado de Primaria). Incluindo a práctica deste xogo tradicional, así como unha exposición de peóns 'tuneados'. O día grande foi o 10 de novembro. Aínda que se aproveitaron as semanas previas e posteriores para traballar co peón nas clases de E.F.
- Realizáronse 2 actividades complementarias que implicaron un percorrido a pé de máis de 8kms.: a *visita a Pizarras Gallegas*, entre Arcos e Vilamartín de Valdeorras, polo alumnado de 6º de Primaria e a *visita a Xagoaza e O Castro* cos alumnos de 5º de Primaria.
- Xornada de *xogos acuáticos no Aquapark de Cerceda*, da que gozaron os alumnos do 3º Ciclo de Primaria e máis os do PROA de 3º e 4º curso.
- *XI Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais*: impartido no centro en catro sesións (7, 9, 13 e 14 de decembro), por monitores da Deputación de Ourense, para os alumnos de 5º de Primaria.
- *Curso de iniciación á natación* na piscina cuberta do Concello, impartida por monitores de natación para os nenos de 3º de Primaria. Esta actividade desenvolveuse en horario escolar durante oito semanas, a razón dunha sesión semanal. Foi durante o terceiro trimestre. Salientar que o comezo desta actividade fíxose un pouco tarde. Pregamos aos encargados de establecer as datas desta actividade, que o inicio sexa no mes de marzo a máis tardar.
- *Partido de fútbol entre profesorado e alumnado de 6º de Primaria*. Como despedida do curso e da estancia no noso colexio desta promoción de alumnos.

**Estadísticas de peso no alumnado de 6º a 3º de Primaria**

**Alumnos**



**Alumnas**





## **MEMORIA DA AULA DE EDUCACIÓN MUSICAL**

### **Mestres que interviñeron**

Este ano a materia de Música foi impartida en primaria por Xoaquín Freixeiro, mestre especialista en EM, e por M<sup>a</sup> Teresa López Guitián, profesora de apoio de ensino infantil, nos cursos do seu nivel.

As clases se desenvolveron na aula de música, situada no primeiro andar do edificio do colexio, nunha ala onde convivimos coa aula de idiomas e a de informática.

### **Actividades realizadas e recursos**

Temos que sinalar a dotación neste curso dunha pizarra dixital para a nosa aula. Isto veu acompañado dunha renovación do ordenador e máis dos altosfalantes, que mellorou enormemente a audición de recursos musicais dende a internet.

Seguimos traballando no blogue de música pero, dados certos problemas que tivemos co servidor de Blogaliza, decidimos comezar a traballar en Drupal, dentro da páxina Web do colexio.

Dende a clase de música aportáronse actividades, preparando na aula ao alumnado ou ben realizando obradoiros de danza para distintas festividades do colexio:

- Samaín
- Festival de Nadal
- Día da Paz
- Xogos populares
- Letras Galegas

### **Melloras necesarias de cara ao curso que vén**

O material da aula, e tras un ano máis de traballo, está cada vez máis necesitado dunha renovación, sobre todo no que atinxe a baquetas, topes de xilófonos e metalófonos... Aínda que se mercaron este ano uns topes que axudaron a reparar en parte os instrumentos danados, non atopamos o mesmo tipo de tope que usan os instrumentos cos que nos dotou a consellería, polo que o son non é todo o bo que debera.

Tamén sería conveniente estudar algunhas adquisicións de materiais de percusión, fundamentalmente pandeiretas que teñan unha calidade mínima que permita traballar con elas sen problemas.

Teremos que facer unha limpeza dos instrumentos en mal estado, xa que resultan inútiles e só ocupan un espazo de almacenamento na aula moi necesario.

Outro aspecto que teremos que estudar é a posibilidade de dispormos dunhas bancadas para situar ao alumnado en exercicios de canto, para poder ter contacto visual con tod@s e mellorar a concentración na actividade, aínda que non resulta doada a súa instalación, xa que había supor a perda de espazo na aula para a realización de bailes e outras actividades. Así que teremos que estudar seriamente que opcións podemos ter que, sen ocupar un espazo necesario para unha materia con actividades tan diversas, como é a educación musical, nos proporcione unha boa disposición do alumnado.

Por último, e como xa se sinalou no apartado anterior, rompeuse o trípode que empregabamos para a cámara, polo que haberá que mercar un que nos permita retomar as gravacións e volver a ter unha actividade intensa no blogue.

**MEMORIA DE RELIXIÓN**

O colexio Condese de Fenosa contou cun total de 310 alumnos de Relixión católica para o curso 2016-2017. A materia de Relixión Católica desenvólvese en Educación Infantil e Educación Primaria da seguinte maneira:

En Educación Infantil impartiuse unha sesión semanal e a distribución dos grupos foi a seguinte:

En Educación Primaria os grupos e a distribución horaria foi:

Ensino Infantil 3 anos A e B	unha sesión semanal	1º CICLO 1º A-B 2º A-B	unha sesión semanal dúas sesións semanais
4 anos A e B	unha sesión semanal	2º CICLO 3º A-B 4º A-B	unha sesión semanal unha sesión semanal
5 anos A e B	unha sesión semanal	3º CICLO 5º A-B 6º A-B	unha sesión semanal unha sesión semanal

**Educación infantil**

Durante o curso 2016-2017 os obxectivos do Proxecto Curricular de Relixión Católica en infantil foron acadados por todo alumnado.

Nestes cursos non se utiliza libro de texto, trabállase en base a fichas sempre relacionadas cos temas a traballar e elaboradas a partir de distintos materiais.

Aspectos a considerar nos alumnos e alumnas destes cursos:

- Características madurativas dos alumnos/as.
- Actividades lúdicas.
- Importancia da afectividade.
- Necesidade da expresión corporal.
- Axuste da coordinación.
- A linguaxe.
- Música.

**Educación primaria****1º ciclo**

Neste ciclo os obxectivos propostos foron acadados de maneira satisfactoria por tódolos alumnos/as. Os obxectivos propostos foron: escoitar, ser ordenados, compartir cos demais, fomentar a relación cos compañeiros da clase, inculcar valores de autoestima, tolerancia, respectar aos demais...

Traballamos o libro de texto (editorial Anaya). Hai que considerar a dificultade ó principio de curso para seguir o libro xa que había alumnos/as que non tiñan desenvolvida a lectura. En ocasións a atención tivo que ser personalizada.

Ao longo do curso traballamos actividades centradas nunha amigable interacción entre eles e elas, tales como xogos...

**2º ciclo**

O logro dos obxectivos foi bastante satisfactorio debido á implicación do alumnado nas tarefas realizadas. Os obxectivos propostos foron: valorar as persoas que nos axudan a crecer como persoas e en coñecementos, recoñecer o amor e o cariño á familia, saber axudar aos demais, compartir, comparar como actúa Xesús e como actúo eu...

Traballamos o libro de texto (editorial Anaya) facendo lecturas dos temas, explicación e actividades correspondentes, relacionándoas coa súa vida persoal.

O ritmo de traballo adaptouse aos alumnos/as, a través da combinación de:

- Libro de texto e selección dos exercicios e actividades propostas.
- Actividades de reforzo
- Actividades complementarias
- Medios audiovisuais
- Actividades plásticas

**3º ciclo**

A consecución dos obxectivos foi acadada convenientemente. Os obxectivos propostos foron: valorar aos amigos, a amizade, intentar ser máis feliz, saber organizarse, importancia dos Evanxeos como os libros máis importantes da Biblia, aprender a buscar na Biblia por capítulos e versículos, recoñecer expresións en obras de arte (pinturas, cadros etc). Traballamos os valores: Respecto aos profesores e compañeiros, igualdade entre compañeiros, ser responsables, constancia no traballo, respecto pola natureza...

Os libros de texto utilizados son da editorial NETEX (5º e 6º do proxecto Edixgal). Para afianzar os coñecementos proxectáronse vídeos diferentes.

**Valoración xeral**

Durante o curso desenvolvéronse os contidos da programación de cada ciclo, ampliándose con actividades, vídeos, xogos, traballos de procura e lectura da Biblia, concurso de rapidez para encontrar citas Bíblicas... sobre parábolas e milagres, fichas relacionadas coas celebracións relixiosas.

En xeral, os obxectivos foron acadados convenientemente. O ambiente nas aulas é bastante bo aínda que ás veces xorden pequenos conflitos que solucionamos entre todos pola mensaxe de Xesús, que eles admiten case sempre de bo grado. Tamén se traballou durante todo o curso, conxuntamente cos nenos de Valores Sociais e Cívicos o proxecto documental sobre a convivencia, acadando unha moi boa aceptación e participación por parte do alumnado.

## **MEMORIA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

Neste curso a nivel das TICs teriamos que remarcar varios aspectos:

- A participación como centro piloto no proxecto EDIXGAL .
- A dotación na aula de música cunha PDI, co que tamén se rematou a dotación destes equipamentos en todas as aulas
- A continuidade de formación na xestión da Aula Dixital da gran maioría do profesorado do centro, continuando o PFPP do curso pasado.
- A mellora da aula virtual, que fora recentemente modificada ao se integrar en Drupal.

Seguimos, un ano máis, insistindo na necesidade de realizar un esforzo por non rebaixar o **protocolo de uso dos equipamentos**, xa que o cumprimento estrito deste garante poucas avarías. Tamén resulta moi importante o cumprimento do protocolo no que atinxe ao alumnado que saca os ordenadores do centro, ás medidas de protección dos aparatos e á responsabilidade do alumnado e das familias, xa que tivemos unha rotura de pantalla por, entendemos nós, unha mala praxe do protocolo.

Daquela insistiremos no próximo curso nesta cuestión, fundamental para garantir que os equipamentos, dos que só temos o usufruto e non a propiedade, deben ser tratados correctamente para asegurarmos as mellores prestacións por un largo tempo.

Queremos subliñar o importante labor de **formación** que realizou o profesorado do centro, de infantil e primaria, que segue a traballar na creación de recursos dixitais para o apoio do traballo por proxectos.

Por último, como **anotación metodolóxica** ás aulas Abalar e ás aulas que se suman ao traballo por proxectos de investigación, insistimos no apuntado xa no curso pasado, isto é, que debemos evitar en converter o ordenador nunha máquina de realización de exercicios, e non esquecer que o gran reto do noso alumnado para o mundo que os espera, é a de manexar as informacións que circulan pola rede, un amplo mundo cheo de verdades, mentiras, oportunidades, ameazas... que só cun manexo serio e responsable serán quen de discriminar. Neste sentido as procuras de información, o contraste de fontes, o uso ético das informacións (citas, recoñecemento de autoría...) son competencias básicas que temos que reforzar nas nosas prácticas de clase accedendo a unha serie de exercicios tipo Procura de Tesouros, miniwebquests, proxectos de investigación, etc..

De cara ao curso que vén a Biblioteca acometerá un proceso de renovación dentro do programa LIA-2, que xunto a melloras de dotación básica incluírá unha renovación do actual equipamento informático, e a máis disto se dotará de servizos básicos como pantalla dixital, pantalla multitouch, tabletas, cámara de videoconferencias, servizo de impresión, etc..

Seguimos valorando o traballo dos blogs de aula, e máis agora que se converten en voceiros dos proxectos de aula, amplificando o traballo do alumnado cara ao exterior, dándolle o valor social que demanda este tipo de proxecto.

Seguimos reclamando unha atención máis rápida no que toca ás avarías dos equipamentos do centro por parte dos servizos técnicos da Consellería, Somos conscientes de non sermos os únicos a reclamar atención, e de que os medios son limitados para atender toda a demanda da educación en Galicia, pero, por exemplo, non se pode ter unha aula EDIXGAL paralizada durante máis dunha semana á espera dunha lámpada dun proxector que ten que traer un técnico dende Ourense.

O labor dos asesores SIEGA de zona podería moi ben cubrir este tipo de eventualidades con maior celeridade, ou mesmo o encargado TIC do centro podería facer o cambio de contar cos recambios, sempre, evidentemente, despois de facer as comprobacións necesarias para determinar a necesidade técnica do mesmo.

## **MEMORIA DA AXENDA 21**

Durante este curso levouse a cabo a nivel de centro o Proxecto de Educación Medioambiental que implicou a toda comunidade educativa a través do Comité Ambiental.

### **Comité Ambiental**

Este ano estivo composto polos seguintes membros:

As mestras M<sup>a</sup> Nieves Alexandre, Ana M<sup>a</sup> Álvarez, Gemma Breijo, Rosa Varela, Patricia López, Aurea Ochoa, M<sup>a</sup> Teresa López, M<sup>a</sup> Encarnación Moldes, Pilar Santás; tamén 2 nais de alumnos, unha coidadora do centro, unha representante do Concello e unha representante do persoal de administración e servizos.

Este Comité reuniuse unha vez por trimestre. Del partiron as actividades a desenvolver durante o curso: a introdución de novas actividades, a revisión das mesmas para valorar o seu funcionamento...

### **Actividades**

Entre as actividades relacionadas co coidado, a conservación e a mellora da nosa contorna levadas a cabo neste curso cabe destacar:

- Patrullas Verdes: Este curso fixemos unha pequena modificación na forma de organizar as parellas para tratar de emendar a falta de patrulleiros nos postos correspondentes debido a que os alumnos realizan diversas actividades nos recreos e poden coincidirles varias nun mesmo día ou podían non asistir ó cole no día que lles tocaba. Deste maneira cada titor podía rectificar diariamente a grella que lle proporcionaba a coordinadora da Ax21.  
Continuamos coa medida de reducir o tempo de vixilancia á metade do recreo para que así os nenos puidesen desfrutar tamén un pouquiño de tempo de lecer porque deste xeito conseguimos que o número de patrulleiros fose maior que o curso pasado.
- Creación da Brigada de mantemento dos hortos. Formada por grupos pequenos de 4-5 alumnos de primaria que, durante os recreos dos martes e mércores, se encargaron de regar, manter os 3 hortos limpos e recollidos os diversos materiais e ferramentas.
- Participación en varias das actividades propostas polo Concello para o coidado e a mellora da contorna. Entre estas actividades estiveron:
  - Visita guiada d@s alumn@s de 1º curso de Primaria Punto Limpo da localidade.
  - Fabricación dun forno solar por parte dos alumnos de 6º curso de Primaria
  - Actividade “O Barco Libre de cacas” na que primeiramente participamos na elección do slogan da mesma (resultando gañador o lema EL É UN CAN, ES TI UN PORCO presentado polo noso cole) e logo, os nenos do 1º e 2º ciclo do centro, percorreron as rúas da nosa localidade para facer evidente a presenza de “cacas” dos cans sinalándoas cos globos que nos proporcionou o concello.
  - “O baleirado de colectores” que levaron a cabo no patio do noso centro uns representantes da Concellería de medio ambiente e do Punto Limpo ante un público formado por 120 nenos e nenas das diferentes aulas de infantil e primaria e varios docentes.

Da participación nestas actividades resultou premiado o noso centro cunha excursión para 20 alumnos de 6º curso de primaria ó Museo da Luz de Ponferrada que se celebrou a mañá do 19 de xuño de 2017

- Inspectores Ambientais: Da valoración das grellas que cubriron este curso os inspectores resultou o premio á clase máis ecolóxica, repuxéronse os colectores

correspondentes naquelas dependencias onde estaban deteriorados ou non había e proporcionou a información para a actividade do concello do detective eficiente.

- Todo o centro participou na realización de adornos con material reciclado para a árbore de Nadal que se pendurou no corredor da entrada do centro. Cada nivel elixiu un tipo de adorno a elaborar e algúns dos que fixeron tamén serviron para adornar os corredores e as aulas do centro. Ademais os alumnos e alumnas de 6º curso de primaria elaboraron un belén con material de refugallo que estivo exposto no cole e que obtivo un premio de 1000 euros pola súa orixinalidade.
- Horto Aromático: Como todos os anos procedemos á renovación dalgúns plantas. Cando volvamos das vacacións de verán procederáse á poda das plantas para seguidamente poñelas a secar e facer infusións, bolsiñas a modo de ambientador para as aulas...
- Horto Ecolóxico: a principios deste curso (setembro) preparamos este horto para a plantación. Este ano en lugar de mercar todas as plantas empregamos as sementes recollidas das xudías o curso pasado para facer unha actividade de xerminación nas aulas de 4 anos de educación infantil. As plantas resultantes transplantámolas case cun 90% de éxito. Tamén plantamos leitugas procedentes de hortas particulares que nos doaron ó cole.
- Entre os produtos obtidos na colleita, as leitugas destináronse ó comedor escolar e as fresas fóronse repartindo entre os nenos que colaboraron nos hortos a medida de ían madurando. O resto dos cultivos plantados (berenxenas, pementos, tomates, repolo, cabaciñas e xudías) esperamos poder colleitalos á volta das vacacións de verán
- A través de Ecoembes continuamos participando na recollida de bolígrafos, rotuladores e subliñadores para conseguir produtos educativos (materiais ou horas en cursos de formación) para nenos que os precisen.
- Participamos no concurso estatal Hazlo Verde promovido polo grupo Leroy Merlín en dúas modalidades (A para o 2º ciclo de Educ. Primaria co tema O horto ecolóxico e B para o 3º ciclo de Educ. Primaria co tema O horto aromático). Non fomos seleccionados para os premios pero si recibimos un agasallo pola nosa participación.
- Reciclaxe Selectiva: Dentro das diferentes dependencias do centro segue funcionando a recollida selectiva de lixo nos diferentes colectores. Mentres o persoal de limpeza se encarga de baleirar diariamente o colector fracción/resto (verde), de recoller o contido dos colectores amarelos e azuis polas aulas encárganse os xoves á segunda hora da mañá os nen@s nenos/as de 6º curso de Educación Infantil e os venres pola tarde os nenos e nenas de 5º de Primaria.
- Aforros Enerxéticos. O ano pasado conseguimos reducir o gasto de calefacción no centro e este ano propuxémonos baixalo aínda un pouco máis e insistimos en todas as aulas en manter a calor nas aulas, evitar portas e ventás abertas innecesarias, pechar un dos radiadores das aulas se a calor é excesiva dentro da aula. Apagar as luces cando a luz do día é suficiente, subir ben as persianas...
- Aforro de Papel. Este é unha tarefa de aínda seguimos tendo pendente, pois non acabamos de reducir o número de fotocopias a pesares do libro dixital nalgúns aulas e non sempre aproveitamos as fotocopias facéndoas a dobre cara. Nalgúns aulas as titoras están pensando en adquirir unha impresora con cartuchos compatibles económicos, e incluír na lista de material para as familias un cartucho para imprimir nas aulas as fichas xustas.
- Día da árbore. Para conmemorar este día procedemos á plantación de 3 castiñeiros primeiramente nunhas macetas grandes para o seu posterior traslado ós xardíns do centro se fose posible ou a unha zona facilitada polo concello para tal fin

- Tamén continuamos axudando a recoller tapóns para conseguir bípedes, cadeiras adaptadas... para nenos que o precisan.
- Estamos traballando nun blogue específico de Educación Ambiental no que se poderán atopar trucos para reducir, reutilizar e reciclar, actividades e xogos para educación Infantil e primaria, vídeos, cancións... Moi pronto verá a luz.

### **Avaliación**

Á hora de avaliar tivemos en conta os seguintes aspectos:

- O grao de participación/implicación dos distintos sectores da Comunidade educativa. Satisfactorio en todos eles.
- A mellora no estado da contorna. Á vista está a limpeza do patio do noso centro e o bo estado de conservación dos nosos xardíns e hortos.
- A adquisición das competencias por parte dos alumnos/as. Que se animan a participar en todas as actividades propostas da Ax21, aportan ideas de mellora e novas actividades...
- O incremento do interese polo coidado e mellora da nosa contorna.

En definitiva, o grado de consecución dos obxectivos propostos é positivo. Acadáronse cun nivel satisfactorio as expectativas propostas ao comezo do proxecto.

### **Aspectos a considerar para o curso que vén.**

- Retomar a medida de establecer as reunións trimestrais do Comité Ambiental na primeira reunión da Axenda 21.
- Retomar a actividade do eco-cine.
- Seguir participando nos concursos relacionados co Medioambiente (Los profescentan...)
- Axilizar as quendas de limpeza dos patios de primaria dos luns e comezar o antes posible no curso.
- Insistir en que cada grupo que traballa nos hortos recolla as ferramentas que usou independentemente de se vai ir outro grupo despois ou non. Deste xeito sempre estarán recollidas.
- Lembrar a todas as titorías que os hortos non son espazos de almacén. Hai que evitar depositar neles restos de briks, botellas que se empregaron no indulto da castaña, por exemplo...
- Procurar que veñan con máis asiduidade a recoller os tapóns que recollemos no cole, pois ás veces temos ata 9 sacos grandes almacenados no xardín botánico.
- Tendo presente que o vindeiro curso un dos proxectos que traballarán os nenos de 6º curso de Educ. Infantil é o do horto, propoñerémoslles actividades nos tres hortos dos que dispoñemos no centro.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

As actividades Extraescolares e Complementarias son unha importante axuda no proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Favorecen as aprendizaxes significativas e axudan a fixar os conceptos que, de forma máis teórica, se traballan nas aulas. En definitiva, facilitan o coñecemento da realidade que os rodea.

No noso centro, a tenor do número e calidade das mesmas, estamos convencidos da súa importancia no proceso de ensino-aprendizaxe. A través delas o alumnado ten un coñecemento máis real da contorna que o rodea, ten unha maior motivación cara a lectura, mellora a súa expresión oral, aprende a traballar en grupo, é máis solidario, respecta en maior medida o medio ambiente, adquire coñecementos curriculares dunha forma máis práctica, directa e lúdica, mantén as tradicións máis arraigadas na nosa cultura, pon en valor a nosa lingua... Queremos agradecer ás familias e a moitas outras persoas alleas á nosa comunidade educativa, a súa colaboración desinteresada na realización de moitas das actividades que a continuación se relacionan. Sen a aportación de tod@s eles, de tod@s vós, sería imposible levalas a cabo.

### **Concursos**

1. Campaña "**Fruta, un botín sabroso**". Organizada pola marca de kiwis Zespri. Reunimos 300 adhesivos dos kiwis e gañamos 20 pelotas de plástico para utilizar no colexio.
2. Concurso de Radio **Ecopreguntoiro**, de RADIOVOZ (os días 5 de abril, 10 de maio e 1 de xuño). Participaron alumnos de 6º de Primaria. Este ano conseguiron chegar ata a Final.
3. Concurso de debuxo: "**Deseña unha xoia para a túa nai**". No que participaron alumnos de 4º de Primaria.
4. Concurso: "**Os chefs saudables**". Prepararon unha deliciosa e frugal receita, dentro do programa da Consellería de Sanidade "Traballando por unha mocidade saudable". Participou o alumnado de 3anosA. Que tivo unha Mención por parte do Xurado polo súa fermosa receita.
5. Durante o Segundo Trimestre (a partires do 15 de febreiro), organizouse no colexio a **Olimpíada do Saber** onde os nenos de Primaria, por grupos, demostraban os seus coñecementos sobre diversos temas.
6. Concurso de **cartaces sobre a vida e obra de Manuel María**, a quen se lle dedica no ano 2016 o día das Letras Galegas. Participaron todas as aulas do cole.
7. Concurso Fertiberia de **Pintura Rural Infantil**, no que participou o alumnado do 1º Ciclo de Primaria.

### **Actos solidarios**

1. Recollida de **Tapóns**: Durante todo o curso, fixemos unha recollida de tapóns de plástico para nenos con minusvalías e dificultades económicas para sufragar aqueles aparellos que facilitarán o seu día a día.
2. Recollida de **cartuchos de tóner vacíos**.
3. **Recollida de roupa e calzado usados** India e Guatemala, dentro dun proxecto levado a cabo pola asociación Global Humanitaria. Foi o día 4 de outubro.
4. Campaña de **Recollida de roupa e calzado usados** para os apoios dos proxectos a favor da nenez e a xuventude, por parte da Fundación Santa Lola. O día 13 de xuño.

### **Charlas, actuacións, exposicións e proxecións**



1. 17 e 19 de outubro: **Cursiño de Primeiros Auxilios**, para os alumnos de 6º curso de Primaria. Impartido por voluntarias da **Cruz Vermella**, ás que queremos agradecer esta interesante actividade que nos propuxeron.
2. 7 e 21 de novembro: **Charla de sensibilización ante a diversidade funcional**. Impartida pola asociación Disfam-Cogami. Para os alumnos de 6º e 5º de Primaria, respectivamente.
3. 7, 9, 13 e 14 de decembro: **XII Obradoiro de Xogos Tradicionais** para os alumnos de 5º de primaria. Impartido polo Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais da Deputación de Ourense.
4. 24 de xaneiro: **Encontro co autor Ricardo Gómez** para o alumnado de 3º, 4º e 6º de Primaria.
5. 31 de xaneiro: **Animación á lectura de fábulas**, con **Raquel Queizás**. Para os alumnos de 3º, 4º e 5º de Primaria.
6. 21 de marzo: **Teatro en Inglés A Class Act** (para os alumnos do 3º Ciclo de Primaria). Organizado polo Concello de O Barco.
7. 27 de marzo: **Sesión de Contacontos** por parte da editorial Anaya. Para os alumnos do 1ºCiclo de Primaria.
8. 27, 28 de marzo e 18 de abril: Charla **Traballando por unha mocidade saudable**. Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º Ciclo de Primaria.
9. 3 a 6 de abril: **Parque de Educación Viaria**, que montou a Policía Local do Barco no pavillón do colexio para todo o alumnado.
10. 3 de abril: Charla sobre o **Pasaporte Solidario**. Para o alumnado de 1º, 2º e 4º de Primaria. Estes cursos fixeron uso deste interesante material co que se traballaron os valores.
11. 5 de abril: Gravación no colexio dun programa para a **televisión** local ourensá **Telemiño**.
12. 5 de abril: Charla por parte dun pai do colexio sobre o traballo nas **canteiras de lousa**. Participou o alumnado do 1ºCiclo de Primaria.
13. 7 de abril: **FESTIVAL DE PRIMAVERA**. Con diferentes actuacións dende Infantil ata o 3º Ciclo de Primaria. Nesta actividade o noso alumnado dá renda solta ás súas habilidades artísticas. Fíxose un festival pola mañá para os máis cativos e outro pola tarde para o alumnado do 2º e 3º Ciclo de Primaria.
14. 18, 19 e 28 de abril: **exposición** sobre a vida e obra de **Florencio Delgado Gurriarán**. Na Biblioteca Pública. Foron os alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria.
15. 2, 4 e 5 de maio: **Programa de Educación Viaria do Concello**. Para os alumnos de Infantil de 3 e 5 anos. Lamentamos que, por segundo ano consecutivo, a Policía Local non puidera realizar esta interesante actividade para o alumnado de 4º e 6º de Primaria, aínda que se lle solicitou e se nos confirmou que se desenvolvería coma todos os anos. Desexamos que o vindeiro curso si podamos contar coa actividade tamén para Primaria.
16. 4 de maio: **Baleirado e estudo do lixo dos colectores** do noso centro. Actividade que organizou a Concellería de Medio Ambiente do Concello do Barco para concienciar ao alumnado sobre a correcta reciclaxe do lixo.
17. 19 de maio: visitou o noso centro a **Garda Real**. Aproveitando para amosarnos en que consiste o seu traballo.
18. 5 de xuño: **Sesión de Contacontos** por parte da editorial Kalandraka. Para os alumnos de 1º de Primaria.
19. 6 de xuño: **Charla sobre Cultura Dixital** para o alumnado de 3º, 4º e 5º de Primaria.
20. 20 de xuño: **Contacontos por parte de Anxo Moure** para todo o alumnado de Infantil.

### **Celebracións, saídas e excursións**

1. Visita ao **Mercado** (20 de outubro): as aulas de 5 anos.
2. **Mosteiro e igrexa de Xagoaza, Adegas Godeval, Ponte Medieval e Torre do Castro** (21 de outubro): os alumnos do 5º de Primaria foron camiñando ata o núcleo de Xagoaza para visitar estes puntos de interese. Xa pola tarde completaron a excursión coa visita á Torre do Castro.
3. **Castañas Rafael** (25 de outubro): os alumnos de 2º de Primaria estiveron nas instalacións desta empresa clasificadora e distribuidora dun dos froitos máis significativo da nosa bisbarra. A continuación visitaron un **souto** e un **sequeiro** na localidade de **Biobra** e remataron a xornada cunha visita ao **Centro de Interpretación do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra**.
4. Visita a **Pizarras Gallegas** (27 de outubro). O alumnado de 6º de Primaria puido aprender o proceso de elaboración das lousas de pizarra, motor económico da nosa comarca.
5. **Samaiá** (28 de outubro): todo o colexio celebrou con diversos actos e actividades (exposición de cabazas decoradas, festa terrorífica, etc.). Este ano tivemos unha actividade relacionada con esta celebración na Biblioteca Pública organizada polo Concello para o alumnado do 3º Ciclo (os días 3 e 4 de outubro).
6. Visita á **Cooperativa Vitivinícola Jesús Nazareno** (4 de novembro), por parte dos alumnos de 4º de Primaria.
7. **Día do peón: “Polo S. Martiño, peóns ao camiño”** (10 de novembro): xornada de recuperación activa dun dos xogos populares infantís con maior arraigamento entre os nosos nenos. No recreo bailamos os nosos peóns por todo o patio. Fixemos tamén unha exposición de peóns ‘tuneados’.
8. **MAGOSTO** (11 de novembro): Un ano máis celebramos no patio do colexio unha das festas máis representativas e con máis arraigo na nosa Comunidade. Nunha grande fogueira e cunhas enormes pranchas metálicas asáronse as castañas e, como novidade, unha morea de chourizos, para toda a Comunidade Educativa. Todos rematamos coas caras mouras polas negras cinzas da madeira queimada. Tamén se fixeron plantacións de castañas (“o indulto da castaña”) e recollida de receitas tradicionais con este froito como ingrediente.
9. **Días da Ciencia en Galego** (25 e 28 de novembro): interesante actividade onde se conxuga a explicación de diferentes experimentos científicos utilizando como lingua de expresión o galego (expresión oral pública). Os experimentos foron realizados polo alumnado de 2º e 3º ciclo de Primaria para os demais alumnos de Primaria. E varios pais e nais de Infantil para o alumnado desta etapa educativa. Dende aquí queremos agradecer a estas familias a súa colaboración desinteresada para levar a cabo esta actividade.
10. **Día Internacional Contra a Violencia de Xénero** (25 de novembro): todo o alumnado preparou en papel unhas copias dos seus brazos, pintáronas enchendoas de mensaxes, para ser pegadas nun acto colectivo no pavillón do noso colexio. Todas as actividades de concienciación son poucas ante esta epidemia de mortes de mulleres e fillos a mans de homes posesivos, agresivos e machistas obsesivos.
11. Visita ao **Supermercado Eroski** (28 de novembro) coa actividade: “Mates no súper” para os alumnos de 5º de Primaria.
12. Visita ao centro do **Apalpador** (figura navideña autóctona). Foi o día 14 de decembro (para os alumnos de Infantil).

13. **FESTIVAL DE NADAL** (20 de decembro): coa participación de todos os nenos do colexio en dous Festivais. Un para Infantil en horario escolar (de 15:30h. a 17h.) e outro para Primaria (de 18h. a 20h.) Agradecemos ás nais de Infantil a súa representación teatral no Festival. Así como a colaboración de tres nais no papel estelar de Reis Magos de Oriente (o día 21 de decembro), para o alumnado de Infantil e 1ºCiclo de Primaria.
14. **DÍA DA PAZ** (29 de xaneiro).
15. **ENTROIDO**: Este ano a temática do Entroido xirou arredor do escritor de Córrego, Florencio Delgado Gurriarán e do seu poema “O Casorio”, sobre a uva e o viño. Como prelude do día grande de Entroido, celebramos o Xoves de Compadres (16 de febreiro), Xoves de Comadres (23 de febreiro) e seguimos as Ordes do Meco (20 a 23 de febreiro). O remate foi un desfile para as familias o día 24 de febreiro. Previamente o concello realizou un obradoiro de disfraces para as familias e o profesorado, o sábado 4 de febreiro. Todos fomos disfrazados coa temática conxunta do viño e a uva. A maiores fíxose unha exposición etnográfica con aparellos e ferramentas ligadas ao mundo da viticultura.
16. **Día Internacional da Muller** (13 de marzo): Tres nais expuxeron para o alumnado do 2º ciclo de Primaria, a súa experiencia como mulleres no mundo laboral.
17. Visita á **Clínica Veterinaria “Veterinarios del Sil”** (24 de marzo): foron os alumnos de Infantil de 4 anos.
18. Visita á **Estación Depuradora de Augas Residuais** do Barco (28 de marzo): foron os alumnos de 3º de Primaria.
19. **Punto Limpo** (4 de abril): Foron os alumnos de 1º de Primaria.
20. **Obradoiro de Graffiti** (4, 6 de abril e 15 de maio). Dentro das actividades organizadas polo concello do Barco para promover un Día das Letras Galegas para Florencio Delgado Gurriarán. O alumnado do 3ºCiclo de Primaria aprendeu a técnica do graffiti e plasmou o aprendido sobre os pasos de peóns da vila.
21. **Radio Escolar** (6 e 27 de abril): os alumnos de Infantil de 5 anos prepararon cadanseu programa de Radio para saír nas ondas grazas á **Cadena COPE**.
22. **Excursión a Ourense** (21 de abril): por parte do alumnado do 2º Ciclo de Primaria. Aproveitando un programa de televisión que gravamos coa televisión local ourensá Telemiño. Ademais, visitamos unha fábrica de aceite e o Casco antigo da cidade de Ourense.
23. **Curso de Natación** na Piscina Cuberta Municipal (24 e 28 de abril; 5, 8, 12, 15, 19, 26 e 29 de maio; 2, 5, 9, 12, 16 e 19 de xuño): para os alumnos de 3º de Primaria (8 sesións de 50min., cada curso). Conviría que esta actividade comezara antes no vindeiro curso, pois este ano prolongouse ata a derradeira semana de xuño.
24. **Día do libro** (25, 26, 27 e 28 de abril): **Mercadiño de troco de libros**. Cada un destes catro días os diferentes ciclos do colexio intercambiaron os seus libros infantís usados. Na Biblioteca do noso centro.
25. **Representación teatral en Ponferrada** (3 de maio). Titulada “Xoga”. Á que asistiron os alumnos de Infantil de 3 e 5 anos.
26. Campaña medioambiental “O Barco libre de cacas” (8, 9, 10 e 12 de maio): organizada polo concello do Barco. Os alumnos de 1º a 4º de Primaria saíron polas rúas para concienciar aos propietarios de mascotas sobre a recollida das súas defecacións nas vías públicas.
27. **Centro de Saúde** (9 e 16 de maio): Visita dos nenos de 3 anos ás seccións de Odontoloxía e Fisioterapia.
28. **Programa de radio en Onda Cero** (16 de maio), sobre Florencio Delgado Gurriarán e Carlos Casares. Foi o alumnado de 6º de Primaria.

29. **Festival das Letras Galegas:** que se celebrou en dúas quendas o día 18 de maio para todo o alumnado do centro. Este ano o protagonista das nosas letras foi **Carlos Casares**. Tamén se puxo en marcha a campaña intercentros para conmemorar ao autor, na que axudamos a encher o Malecón e os locais comerciais do Barco de laranxas e galiñas azuis.
30. **Excursión a Marcelle Natureza** (25 de maio), onde o alumnado do 1ºCiclo de Primaria puido aprender moitas curiosidades sobre multitude de animais, pasando un fermoso día nesta paraxe natural.
31. **Excursión ao Castelo de Cornatel** (25 de maio). Os alumnos de 4 anos puideron viaxar á Idade Media a través dunha singular visita ás ruínas deste castelo berciano.
32. **Excursión de Fin de Etapa Educativa dos alumnos de 6º de Primaria a MALLORCA** (26 a 30 de maio).
33. **XX Convivencia de Infantil** (19 de maio): este ano tivo como temática **a música**. Desenvolveuse no colexio Julio Gurriarán da nosa vila. Esta actividade non sería posible sen a colaboración de moitas nais e pais do alumnado de Infantil.
34. As **“Mochilas pola lingua”** viaxaron este curso ata **Vas Casas Baratas** da nosa localidade (2 de xuño). Os nenos do 3º Ciclo de Primaria puideron ampliar os seus coñecementos sobre os puntos de máis interese e lugares máis relevantes deste anaco da nosa vila. Temos que agradecer a colaboración desinteresada de José María, así como do escultor Xelo de Tremiñá. Sen esquecer á Cooperativa Jesús Nazareno que nos abriu as portas para que puidésemos coñecer o proceso de elaboración industrial do viño.
35. Visita ao **Concello** (5 de xuño) por parte dos alumnos de 4º de Primaria. O alcalde do Barco recibiu e escoitou as peticións dos nosos alumnos. Tamén desenvolveron un Pleno Infantil.
36. Xornada de xogos acuáticos no **Aquapark de Cerceda** (9 de xuño): foron os alumnos do 3º Ciclo de Primaria e máis os do PROA.
37. **IES. Lauro Olmo** (14 de xuño): os alumnos de 6º de Primaria visitaron o que será o seu centro educativo a partires do vindeiro curso.
38. Visita a **Correos** (15 de xuño): actividade realizada polo alumnado de 3º de Primaria.
39. Excursión ás **Cabañas de Carucedo** (19 de xuño): os alumnos de 5anosB pasaron un día na natureza ao pé do lago de Carucedo.
40. Visita ao **Museo da Enerxía** en Ponferrada (19 de xuño): por alumnado dos dous sextos de primaria
41. **Contacontos de Anxo Moure** (20 de xuño): Actividade realizada no Salón de Actos para o alumnado de infantil.
42. Visita á **Biblioteca Pública** (21 de xuño): para o alumnado de 1º de Primaria.
43. **Acto de Graduación do alumnado de Infantil de 5 anos** (21 de xuño). Agradecemos a colaboración das familias destes alumnos na organización deste día tan sinalado.
44. **Festa de Fin de Curso** ( 22 de xuño) organizada no patio do colexio pola ANPA do centro. Con inchables, música, festa da escuma, concurso de tartas e pinchada para toda a Comunidade Educativa ao remate.
45. Acto de **Graduación de 6º** de Primaria ( 22 de xuño).
46. **Partido de mestras e mestres contra o alumnado de 6º** (23 de xuño), colofón deportivo a un ano plagado de actividades extraescolares e complementarias, (**79 actividades desenvolvidas en 137 días**) cun alto valor formativo, que non sería posible levar a cabo sen o esforzo de todo o profesorado; coa colaboración das familias en moitas das actividades e, por suposto, sen a achega de todas aquelas empresas,

organismos públicos e persoas que, individual e/ou colectivamente, aportaron o seu gran de area na formación dos nos@s [alumn@s](#).

**MOITAS GRAZAS A TOD@S.**

## **COMEDOR ESCOLAR**

### **Persoal**

O **persoal** encargado da atención e funcionamento do Comedor do C.E.I.P. “Condessa de Fenosa” estivo integrado por:

- O director do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisou o funcionamento.
- A encargada de comedor, Pilar Prada Rodríguez
- O persoal laboral composto por unha cociñeira e tres axudantes, que se ocupou da elaboración de comidas en base aos menús..
- Persoal de atención e vixilancia: integrado por persoas propostas polo director do centro nas condicións e número esixido segundo o número de comensais.
- Monitores especializados para levar a cabo as actividades extra escolares ofertadas pola A.N.P.A.
- Alumnado de 5º e 6º de primaria, usuario do comedor como axudante, en razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar.

### **Funcionamento**

O **funcionamento** do Comedor escolar seguiu as pautas marcadas no Plan de funcionamento, baseado no Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Servizo de Comedor Escolar funcionou desde o 12 de setembro ata o 23 de xuño. Este curso no Comedor Escolar comeron un total de 330 alumnos/as, dos cales 166 son transportados e os demais do Barco.

Cara ao curso que vén, manterase o mesmo número de comensais, posto que as prazas que quedan vacantes ao marcharen os alumnos/as de 6º, cubriranse practicamente na súa totalidade por alumnado de novo ingreso. Como poñen de relevo os datos anteriores, o número de usuarios segue a ser moi alto.

Os labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos nenos/as de Comedor foron realizadas por dez coidadores. Ademais, durante o tempo da comida, as tres auxiliares técnicas educativas axudaron na atención dos nenos/as que están ao seu cargo.

Todo o alumnado comeu nunha única quenda en torno ás 13:30, despois de deixarlle uns minutos para lavar as mans e utilizar o servizo. Unicamente os alumnos/as de 5º e 6º, que axudan a servir as mesas, comían posteriormente ao mesmo tempo que o profesorado.

Despois da comida os nenos/as contaban con tempo libre que ben podían dedicar ao xogo libre ou ben a actividades que se lles ofertan como biblioteca, vídeo e outras actividades extra-escolares xestionadas pola A.N.P.A.. Naqueles días que o tempo non o permitiu os nenos/as fixeron o recreo de comedor dentro do pavillón e do patio cuberto.

### **Balance dos obxectivos**

En termos xerais o balance dos **obxectivos** é satisfactorio.

Conseguíuse ofertar un menú san e equilibrado, que incluía alimentos de todos os grupos, así como ter en conta factores culturais da nosa comunidade. A aceptación deste polo alumnado usuario é moi positiva.

Os nenos/as están moi concienciados de que deben comer un pouco de todo e non acostuma haber problemas. Aceptan de mellor grao os novos alimentos, así como peixes e hortalizas. Sen embargo cos nenos/as que comezan novos no comedor hai que “pelexar” moito, pois, en xeral, están pouco habituados a comer froitas, legumes e verduras. Incluso entre os máis

pequenos, danse casos de usuarios que só comen triturado ou seguen tomando biberón, o que dificulta a promoción duns hábitos alimentarios adecuados. Neste aspecto sería conveniente contar con máis axudas das familias que deben continuar na casa o labor realizado no Comedor Escolar.

Ao longo do curso potenciáronse durante os tres trimestres o traballo de determinadas normas. Fundamentalmente: deixar a mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos e lavar as mans previamente á comida.

A respecto do control de ruído no comedor hai que sinalar que a medida dos piñeiros, posta en marcha no curso pasado, deixou de ter efectividade, tanto por se ter afeito a ela todos os usuarios como a certo abandono que nos atinxe cando unha actividade deixa de resultar nova. Haberá que pensar en deseñar distintas actividades para o control do ruído que se poidan ir alternando de tal xeito que non perdan a súa carga innovadora e poidan resultar efectivas.

A colocación dos nenos/as e das mesas permite un maior aproveitamento da sala e maior comodidade para que o alumnado que serve chegue con máis facilidade a todos os puntos.

Os alumnos/as de ensino Infantil seguen agrupados de momento no “comedor pequeno” que deberá desaparecer co tempo.

No curso pasado instaláronse uns bancos corridos, para mellorar o aproveitamento do espazo dentro do comedor, para dúas mesas a xeito de proba. A proba destes bancos foi bastante positiva e pensamos que se podería seguir aumentando a súa presenza no comedor. Deste xeito son agora 4 as mesas que abandonaron as cadeiras individuais e utilizan estes bancos.

Os nenos/as con alerxias a certos alimentos foron sentados xuntos para evitar erros que puideran suceder cos camareiros, ocupándose unha nai coidadora do control deste alumnado para, deste xeito, extremar as medidas para evitar contaminacións dos alimentos por contacto con alérxenos. Os resultados acadados foron positivos pero o aumento de nenos con distintas alerxias ou intolerancias a alimentos fai que o espazo reservado para eles teña que medrar cada día.

Tamén é curioso que por informacións dos propios nenos, estes din que alimentos que están nas súas listas de alerxias ou intolerancias lle son subministrados na casa sen problema, polo que ás veces pensamos que a grande cantidade de alérxicos non está moi xustificada a nivel médico. Aínda así nós continuamos coa atención escrupulosa de todos os casos.

En canto ao **persoal colaborador**, repartíronse as mesas ao seu coidado por sectores, de xeito que cada persoa se fixo cargo dun número determinado de mesas asignado previamente. Esta organización segue a resultar máis eficaz. Durante o curso realizáronse diversas reunións co fin de lembrar as normas de comedor e atallar aqueles aspectos nos que era conveniente incidir.

Hai que salientar as melloras acadadas no traballo dos obxectivos de promover entre os nenos/as hábitos adecuados en torno ao servizo e manipulación hixiénica dos alimentos; os hábitos de saúde bucodental, como é non inxerir lambetadas ao remate da comida; fomentar o coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias máis saudables en canto a súa combinación e métodos de cociñado.

As **minutas** de comedor seguen a ser as mesmas que cursos pasados con lixeiras modificacións, entre outras cousas de novos alimentos. Non varían moito posto que na realización dos mesmos colaborou un pediatra da zona, iniciativa moi positiva e beneficiosa para os usuarios do noso comedor escolar.

Durante este curso se repartiron os menús cada mes, e tamén se atopan colgados na páxina web do colexio., que xa resulta a maior fonte de información sobre os menús.

Segue quedando pendente a realización dun **simulacro de incendio** na hora da comida, pois nos parece interesante que coincida coa hora de comedor. Sería bo contar coa colaboración do Concello neste aspecto.

Un dos obxectivos primordiais do Comedor Escolar deste Centro é proporcionar a toda a Comunidade Educativa un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario das familias. Durante este curso foi posible dar este servizo, con gran satisfacción por parte da comunidade educativa deste centro.

En canto ás **instalacións** do Comedor e mantemento das mesmas realizáronse algunhas melloras e outras están en marcha cara o seguinte curso:

**Melloras realizadas:**

- Recambio dos manteis deteriorados.
- Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello, que se realiza todos os anos polo mes de agosto
- Colocación dos protectores da luz en varios puntos
- Reparacións varias
- Adquisición de bancos e mesas adaptados á altura do alumnado usuario, dentro do proxecto de substitución progresiva de cadeiras individuais.



# ***Anexos***

Memoria ENDL  
Memoria PXAD  
Memoria Plan de Convivencia  
Memoria PLAMBE  
Listaxe libros de texto

# MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA



CURSO ESCOLAR 2016-2017  
"CASARES: PAIXÓN POLA NOSA TERRA"  
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
(E.D.L.G.)

CEIP CONDESA DE FENOSA  
Ø BARCO DE VALDEORRAS  
32015116

## **Descrición xeral do proxecto realizado:**

O CEIP Condese de Fenosa, está ubicado na vila de O Barco de Valdeorras, na parte oriental da provincia de Ourense. Esta vila, posúe un censo aproximado duns quince mil habitantes, mais cunha poboación de feito moito maior. Os piares fundamentais da súa economía son o sector servizos, a construción, un dos sectores máis dinámicos da provincia, e a industria da lousa, que é o sector por excelencia da nosa bisbarra.

En canto á situación lingüística no Concello conséntase un claro retroceso do galego a prol do castelán. Na zona rural segue a se empregar o galego como lingua vehicular namentras na vila hai unha maior presenza do castelán, sobre todo nos sectores de menor idade, froito dunha actitude claramente diglósica que arrastramos dende a longa noite de pedra (permítasenos esta licenza poética de Celso Emilio Ferreiro ), e que anos de esforzos normalizadores aínda non puideron mudar.

Ao ser esta unha bisbarra limítrofe de Galiza, afastada das principais cidades da nosa comunidade, non é un destino definitivo apetecible para os traballadores. Ao mesmo tempo está moi próxima a comunidade de Castela-León de onde proveñen moitos dos ensinantes e, por tanto, se toma como zona ponte para viaxar ou concursar fóra da comunidade.

Deste xeito xurde un claustro heteroxéneo onde o emprego do Galego é sentido con diferente consideración e afróntase o seu uso de distintos modos, independentemente da procedencia do mesmo, saíndo así unha porcentaxe de profesorado que non emprega o Galego como lingua vehicular. Un dos obxectivos prioritarios deste proxecto é mellorar esta situación.

Hai que sinalar, non embargantes, a moi boa disposición á formación e o desexo de adquirir esa capacitación por parte de todo/as, o que constitúe un importante avance na valoración do idioma e polo tanto da posible solución dalgúns dos problemas do noso idioma no ámbito educativo.

Tal como figura no Proxecto Socio-Lingüístico de Centro, o ENDL levou adiante unha serie de enquisas entre o alumnado do colexio e entre o profesorado do mesmo, a fin de coñecer a situación real da lingua no noso centro. Resultado da mesma foi a constatación bastante abondosa da presenza do galego na vida do alumnado do centro. Moitas familias empregan o galego nas súas relacións familiares, fundamentalmente entre os adultos da mesma, polo que a súa presenza ambiental é xeneralizada, aínda que en distintos niveis de uso. Pola contra, vese que a lingua na que se dirixen os adultos aos nenos e nenas é maioritariamente o castelán, e que tamén, unha boa maioría dos/as cativos/as empregan o castelán única ou maioritariamente na súa fala cotiá. Dáse a situación, bastante xeneralizada de falar os adultos da familia entre si en galego, adoptando o castelán ao se dirixiren aos cativos.

Reprodúcese, xa que logo, unha situación lingüística cuns riscos claramente diglósicos, que fan que o alumnado, se ben é competente no uso do idioma, polo seu coñecemento familiar e escolar do mesmo, non o empregue nas súas relacións espontáneas.

Temos un perfil de alumnado que se corresponde coas características propias da poboación. O alumnado procedente dos medios rurais utiliza a lingua galega como medio de expresión. O alumnado procedente da vila, na súa meirande parte, utiliza o castelán como primeira lingua. En moitos casos o alumnado galegofalante abandona a súa lingua polo emprego do castelán na relación co profesorado e cos iguais, evidenciándose así unha situación diglósica. Velaí un dos obxectivos principais do traballo do E.D.L.G; acadar que cando menos, os nenos e nenas galegofalantes non perdan a oralidade na súa lingua por mor desta situación, e que máis ben, todos os membros da comunidade educativa poidan falar con orgullo na lingua propia de Galicia.

Outro dos retos a conseguir este ano é o de equiparar a adquisición de competencias lingüísticas nas dúas linguas cooficiais de Galiza, actualmente en claro retroceso por

parte do idioma Galego. Desvinculando esta tarefa doutros proxectos que nada teñen que ver como a aproximación a outras linguas estranxeiras, en concreto o inglés. En canto á porcentaxe de alumnado implicados na realización de actividades propostas dende o E.D.L.G. considerase moi alta, pois participan non só cando as actividades son propostas dende as titorías ou dende o profesorado de galego, senón tamén en aquelas deseñadas para todo o centro e con carácter voluntario.

O CEIP Condessa de Fenosa é un dos tres Centros Públicos de Infantil e Primaria cos que conta a vila do Barco. Ten dupla liña en toda os cursos: infantil (6 unidades) e primaria (12 unidades). Está catalogado como centro de atención preferente para este tramo educativo, e conta con dúas aulas específicas de atención á diversidade (autismo e motóricos). Ten servizo de transporte e comedor.

Sinalar que é este o único colexio do concello con transporte escolar, o que determina que recolla a todo o alumnado procedente das áreas rurais circundantes e das urbanizacións que arrodean o núcleo urbano. Tamén é o centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades educativas específicas.

Sinalar que tanto no Barco como no propio colexio existe unha significativa presenza de inmigrantes que chega(ba)n a estas terras á calor do emprego no sector da lousa. A orixe desta poboación inmigrada é moi diverso destacando os procedentes de Portugal e de América Latina, aínda que tamén hai poboación doutras zonas de España e do leste de Europa. Un dos obxectivos prioritarios deste proxecto é mellorar esta situación. Hai que sinalar, nembargantes, a moi boa disposición á formación e o desexo de adquirir esa capacitación por parte de todo/as, o que constitúe un importante avance na valoración do idioma, e polo tanto, da posible solución dalgúns dos problemas do noso idioma no ámbito educativo.

### **Obxectivos e valoración da súa consecución:**

Comezamos por enumerar, as actividades que se levaron a cabo no presente curso académico dende o E.D.L.G. Para a súa mellor comprensión de conxunto, dividímolos entre aquelas deseñadas como experiencias de ensino e aprendizaxe, e aquelas que facilitan a organización docente. Dada a longa e dinámica traxectoria deste Equipo docente, contamos cun amplo abano de actividades, sobre as que escollemos anualmente cales queremos retomar (que denominamos “Actividades permanentes”) e cales desbotamos para empregalas noutra ocasión, sempre coa finalidade de que manteñan intacta toda a súa eficacia motivadora e esencia inicial. A continuación

LISTADO XERAL DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN		
ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DOCENTE:		1. "Cadernos Informativos de pais e nais". 2. Tradución de materiais e recursos a linguaxe pictográfica en galego. 3. Asesoramento na revisión de documentos de centro.
ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS: PERMANENTES E TEMPORAIS	PERMANENTES	4. Proxecto documental integrado "A CASTAÑA". 5. "Todos os martes conto". 6. "Vaille co conto ao profe". 7. "En busca do tesouro". 8. "O Barquiño de papel". 9. "Os nosos autores en voz alta". 10. "Clubes de lectura". 11. "Lectura silenciosa". 12. "Taboleiro de Aniversarios". 13. Actividades extraescolares e complementarias en galego.
	1º TRIM.	14. "Ciencia en galego". 15. "O Nadal no Condese". o Ambientación de pasillos e aulas. o Visita do Apalpador.: Actividade de Animación, realizada por un pai de dúas alumnas de E. Primaria.. o Festival de Nadal. o Visita dos Reis Magos.
	2º TRIM.	16. Concurso de cartaces das letras galegas 2017: "CASARES: PAIXÓN POLA NOSA TERRA". 17. "Xornada da Paz : centramos o nosa atención sobre a problemática dos REFUXIADOS. 18. Participación na Homenaxe a Rosalia de Castro. 19. Entroido no Condese". A temática elexida este ano foi " O viño" 20. "O A lingua nas ondas" (actividades realizadas no centro e na emisora local de Onda Cero). 21. A CAIXA DE CORREOS " " 22. A Olimpíada do Saber".
3º TRIM.	23.- Xogos populares 24.-Actividades sobre Florencio Delgado Gurriarán en colaboración coa Biblioteca Municipal. 25- "MES DAS LETRAS GALEGAS" <u>Actividades de centro:</u> "Trágame Terra". "A lingua nas ondas" (audición, visionado e actividades). "Carlos Casares: paixón pola nosa Terra" (cartaces e da Unidade Didáctica). Festival das Letras Galegas. <u>Actividades cos E.D.L.G.da bisbarra: "AS LARANXAS MAIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS" CARLOS CASARES</u> Un <u>roteiro literario a modo de xincana</u> : percorrido polas tendas colaboradoras, cos escaparates decorados cos títulos de obras literarias de diferentes escritores/as galegos/as. Tratábase de adiviñar cales peretencían a Carlos Casares .Estes folletos deberán ser completados selando o oco de cada un deles co carimbo de cada tenda. Unha vez que se teñan todos os ocros cubertos co seu selo, depositarase o folleto (xunto cos datos persoais) nunha furna que estará ubicada nun dos locais escollidos polo CCA. <ul style="list-style-type: none"> <li>● Confección dun <b>tendal xigante</b> que se colocará no Paseo do Malecón, decorando con laranxas, que levaban escrito datos relativos a vida e obra de Casares, ademáis de galiñas azuis realizadas de multiples xeitos.</li> </ul> 26.-Mochilas pola lingua: "AS CASAS BARATAS".	

Aínda que todas as actividades propostas, cumpren en maior ou medida todos os obxectivos que se perseguen, tanto xerais como os específicos para cada un dos sectores implicados, podemos numeralas seguindo a listaxe anterior e especificar cales cumpren cada un dos obxectivos do proxecto:

- Dotar ao centro dunha estrutura que asegure unha postura común a seguir por toda a comunidade educativa, en canto ao uso do galego:
- Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega:
- Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos:

- Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio da lingua galega, velando polo cumprimento dos contidos establecidos pola “Carta europea das linguas rexionais e minoritarias”. Informando, de xeito obxectivo, de cales son os dereitos e deberes, en canto a aprendizaxe da nosa Lingua, desterrando as opinións vertidas nos últimos tempos sobre a situación de paridade das linguas cooficiais do noso país :
- Facer fincapé na oralidade da lingua galega:
- Velar polo uso do galego tal e como se recolle na Lei 3/1983, do 15 de xuño nos seus artigos 12 e 14:
- Velar para que se respecten as áreas e as horas que deben ser impartidas en lingua galega tal e como establece o noso PC:
- Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico
- Respectar as variantes dialectais presentes no contorno:
- Recoller e difundir a cultura popular de tradición oral da nosa bisbarra:
- Promover o interese por coñecer o ámbito xeográfico galego a través das danzas populares, e desenvolver o gusto pola música como manifestación popular aprendendo partes dunha danza e do traxe popular galego:
- Valorar a cultura oral tradicional herdada dos nosos devanceiros, fomentando a comunicación entre xeracións dentro das familias e/ou do entorno próximo ao neno/a:
- Dotar ao Centro con material de soporte escrito, informático e audiovisual en lingua galega:
- Incorporar a filosofía do proxecto da A21EG ás actuacións a prol do Fomento do uso do galego:
- Potenciar a celebración das festas populares da bisbarra e daquelas marcadas polo calendario festivo da comunidade (Letras Galegas):
- Asesorar a comunidade educativa naqueles aspectos lingüísticos que sexa oportuno:
- Animar á Comunidade Educativa nomeadamente aos pais/nais e familia a participar na realización de diversas publicacións: revista escolar, libros de receitas:
- Colaborar con outros centros, entidades e institucións na realización de actividades cuxo obxectivo sexa potenciar o uso do idioma galego, revitalizar tradicións ou recuperar a cultura:
- Elaborar e traducir recursos educativos impresos e pictográficos, así como o rotulado de tódalas dependencias do centro, para o achegamento do alumnado de Educación Especial e Audición e Linguaxe, á lingua galega:
- Asesorar no proceso de revisión de documentos de centro, en relación á idoneidade no emprego da lingua galega:

### **Valoración da Participación e implicación no proxecto**

Estas actividades, implican a todos os sectores integrantes da comunidade educativa, dun xeito ou outro, ben como organizadores ou como destinatarios. Podemos agrupalas do seguinte xeito:

## SECTORES IMPLICADOS.

CONTORNO SOCIAL	PROFESORADO	ALUMNADO	CENTRO
“Todos os martes conto”. “A Olimpíada do Saber”. Actividades complementarias en galego. “Cadernos Informativos de pais e nais”. “Trágame Terra”. “Mes das Letras Galegas”. “O Apalpador”. “O Samaín”. “Mochilas pola lingua”. Actividades complementarias en Galego. Recollida de materiais de tradición oral. Proxecto Documental Integrado: “Convivimos”. “A caixa do correo”. “A lingua nas ondas”. “Carlos Casare: Paixón pola nosa terra”. “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas”. “Mochilas pola lingua”	“Todos os martes conto”. “Vaille co conto ao profe”. “En busca do tesouro”. “A Olimpíada do Saber”. “O barquiño de papel”. “Trágame Terra”. “Mes das Letras Galegas”. “O Apalpador”. “O Samaín”. “A lingua nas ondas”. “Mochilas pola lingua”. “Os nosos autores en voz alta”. “Clubes de lectura”. “Lectura silenciosa”. Proxecto Documental Integrado: “A castaña”. “A caixa do correo”. “Taboleiro de Aniversarios”. “Cadernos Informativos de pais e nais”. Actividades complementarias en galego. Asesoramento na revisión de documentos de centro. “Festa das Letras Galegas”. “Carlos Casares”. “As laranxas máis laranxas de todaas as laranxas”. “Actividades sobre Florencio Delgado Gurriarán”	“Todos os martes conto”. “Vaille co conto ao profe”. “En busca do tesouro”. “A Olimpíada do Saber”. “O barquiño de papel”. “Trágame Terra”. “Mes das Letras Galegas”. “O Apalpador”. “O Samaín”. “A lingua nas ondas”. “Mochilas pola lingua”. “Os nosos autores en voz alta”. “Clubes de lectura”. “Lectura silenciosa”. Proxecto Documental Integrado: “A castaña”. “A caixa do correo”. “Taboleiro de Aniversarios”. Actividades complementarias en galego. “A lingua nas ondas”. “As laranxas máis laranxas de todas as Carlos Casare: Paixón pola nosa terra”. “” “Festa das Letras Galegas” “Mochilas pola lingua” “Actividades sobre Florencio Delgado Gurriarán”	“O barquiño de papel”. “Trágame Terra”. “Mes das Letras Galegas”. “Os nosos autores en voz alta”. Proxecto Documental Integrado: “A castaña”. “Cadernos Informativos de pais e nais”. Tradución de materiais e recursos. Asesoramento na revisión de documentos de centro. “Festa das Letras Galegas” Carlos Casare: Paixón pola nosa terra”. “Actividades sobre Florencio Delgado Gurriarán”

En canto á porcentaxe de alumnado implicados na realización de actividades propostas dende o E.D.L.G. considerase moi alta, pois participan non só cando as actividades son propostas dende as titorías ou dende o profesorado de Lingua galega, senón tamén en aquelas deseñadas para todo o centro e con carácter voluntario.

### **Resultados das actividades:**

#### Actividades de organización docente

- **“CADERNOS INFORMATIVOS DE PAIS E NAIS”:** Elaboración dos “Cadernos Informativos de pais e nais” do Comedor Escolar. Neles se envía o menú de todo o mes e información fundamental sobre nutrición e saúde, avalada polo servizo de pediatría do Centro de Saúde. Dáselle o boletín a todos os comensais e cólgase na páxina web do colexio.

- **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EN GALEGO:** Realización de diversas actividades complementarias, como motivación e reforzo da programación curricular. Moitas delas están incardinadas dentro do contorno sociocultural do centro e outras tentan de ampliar o mesmo. Entre elas podemos destacar: visitas ó concello, visitas a fábricas da zona, visitas ao Punto Limpo, á depuradora, a Sequeiros de castañas, central hidroeléctrica, CEDIE; louseira, Centro Comarcal, á Biblioteca municipal, o parque de Bombeiros... Estas actividades están distribuídas ao longo do curso e están fixadas para cada ciclo, de xeito que cando os alumnos/as acaben a súa escolaridade no centro, coñezan os puntos máis importantes da súa bisbarra.
- **TRADUCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS:** Tradución de materiais de avaliación psicolóxica e lingüística utilizados polo departamento de orientación. Como xa se comentou a carencia de materiais en galego faise máis aguda en determinadas áreas como as TICs e o campo da psicoloxía, nomeadamente os tests. Como consecuencia a avaliación das capacidades lingüísticas do alumnado son difíciles de determinar sen axuda dun material especializado. Por iso, dende o departamento de orientación apúntase a necesidade de acometer o proceso de tradución e adecuación destes tests ao galego.
- **ASESORAMENTO NA REVISIÓN DE DOCUMENTOS DE CENTRO:** Durante o primeiro trimestre do presente curso escolar o centro decidiu implicarse na revisión de documentos, tales como : PXA, (na que o ENDL, establece as súas liñas xerais de actuación para o vindeiro curso) .
- **Proxecto lingüístico de centro:** Este ano as actividades de normalización lingüística do noso centro, como todos os anteriores, van estar enmarcadas nas liñas que marca o noso proxecto lingüístico de centro, que é a concreción anual do proxectosociolingüístico.

### Actividades pedagóxicas permanentes

O EDLG, continuou coa labor iniciada en cursos anteriores, como órgano de recollida das iniciativas formuladas polo claustro a través de reunións dos equipos de ciclo, e elaboración ou recollida de actividades cos equipos implicados (ENDL, Eq. Apoio Biblioteca, Eq. Docentes, Ax.21...) coa supervisión final do Equipo Directivo. Así mesmo, como en anteriores cursos, realizamos actividades en coordinación cos ENDL dos centros públicos da nosa localidade e organismos ou asociacións locais como o CCA (Centro Comercial Aberto).

A continuación presentamos as **ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS** desenvolvidas ao longo do presente curso escolar 2016/2017. Acompañamos esta breve descrición dunha pequenísima galería de imaxes como mostra do acontecido.

Clasificamos as actividades entre **xerais de centro** (Os nosos autores en voz alta, Taboleiro de aniversarios, Ciencia en Galego, Festa das Letras, Actividades dos E.D.L.G.), e **optativas** para cada etapa e nivel. Decidimos non reflectir aquelas que non eran propostas específicas do E.D.L.G.

- **“TODOS OS MARTES CONTO”:** Actividade de animación á lectura realizada todos os martes. A saída do colexio, os nenos/as de Educación Infantil que o desexen, acompañados dos pais ou nais, visitan a Biblioteca do Centro co fin de que unha persoa adulta (profesorado voluntario, pais/nais, avós...) lles narre un conto.
- **“VAILLE CO CONTO AO PROFE”:** Actividade de dinamización da biblioteca, de fomento da lectura e da expresión oral do alumnado. Faise nos recreos da mañá (tres días á semana), nos que sempre hai un profesor ou profesora voluntario/a para escoitar os contos que lle queiran contar ou ler, os nenos/as. Habilitouse un



currunchos na biblioteca, moi acolledor para que o contacto sexa próximo e produtivo.

- **“O BARQUIÑO DE PAPEL”**: Elaboración do boletín da Biblioteca “O barquiño de papel”. Unha vez cada trimestre edítase un boletín desta publicación. Nel trátanse temas propios das datas nas que se publican, nun intento de informar e formar, aos alumnos/as e aos pais/nais, dos temas de actualidade. Nel tamén aparecen consellos sobre as obras que poden ler en torno a diversos temas: O Samaín, O Nadal.....Servindo deste xeito como medio para motivalos á lectura de novos libros. Como todos os espazos de comunicación impresos ou dixitais do centro, está aberto a colaboración dos pais/ nais, nenos/as e demais persoas da comunidade educativa.
- **TRÁGAME TERRA**: Edición dun novo número da revista escolar “Trágame Terra” co gallo das Letras Galegas. Cada ano nestas datas imprímese un novo exemplar que recolle, entre outros, un artigo onde se fai unha biografía adaptada do escritor ou escritora homenaxeado/a. Fáiselle entrega dun exemplar a todo o alumnado e ao profesorado. Ten unha tirada duns 500 exemplares. Aberta á colaboración de todos os membros da comunidade educativa, e artellada na súa meirande parte coas aportacións dos alumnos e alumnas do centro. Aparece incluída como **Anexo**, dentro da “Memoria Económica e Documental” que acompaña á presente. Así mesmo pódese ver na pax web de centro no blog do colexio.
- **“OS NOSOS AUTORES EN VOZ ALTA”** : É a lectura dramatizada de textos en galego, durante o tempo da “lectura silenciosa” dos venres. Cada semana, os alumnos dunha clase de primaria se reparte polo resto das aulas, para facer unha lectura que prepararon previamente. Participa todo o alumnado de primaria como actores e todo o alumnado do centro como receptores. Neste curso leron poesías de Rosalía de Castro e de Florencio Delgado Gurriarán.
- **“CLUBS DE LECTURA E ESCRITURA”**: Contamos con clubs de lectura e escritura, que si ben nun primeiro momento busca so animar a ler, a motivación dalgúns mestres e mestras fai que a meirande parte das lecturas escollidas sexan en Galego. Do mesmo xeito, nos clubs de escritura, todas as producións realizáronas en galego e unha pequena mostra delas están reflexadas na revista escolar “Trágame Terra”.
- **“LECTURA SILENCIOSA”**: Contamos cunha mini-sesión de lectura silenciosa para todo o centro e a mesma hora, quince minutos ao entrar. Como os clubs non é especificamente en galego, pero si que, unha vez máis, a orientación do profesorado os encamiña a escoller un libro en galego cada certo número de exemplares lidos, no caso de que os/as alumnos/as non o fixeran de xeito espontáneo.
- **“TABOLEIRO DE ANIVERSARIOS”**: Como en cursos anteriores continuamos con esta actividade coa finalidade de favorecer a inclusión social do alumnado do centro así como reforzar a súa autoestima, realizaremos nunha das entradas dianteiras do centro un “Taboleiro de Aniversarios”. Nalgúns ciclos aproveítanse os traballos,realizados polos compañeir@s, para elaborar un libro que levarán de recordo.
- **PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO “A CASTAÑA”**: Durante o primeiro trimestre, e coincidindo coa festividade do agosto, cada ciclo desenvolveu un apartado deste proxecto relacionado coa temática. Investigaron sobre a orixe deste froito, coidados, produción, importancia económica na zona, vocabulario da zona relacionado coa castaña, contos ,adiviñas, refráns etc. Pódese ver na pax. Web do centro: [http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/o\\_castinheiro\\_e\\_a\\_castaña/index.html](http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/o_castinheiro_e_a_castaña/index.html)

## Actividades pedagógicas temporais

### ACTIVIDADES DO 1º TRIMESTRE

A continuación, faremos unha descrición pormenorizadamente, de todas as actividades temporais realizadas ao longo do presente curso académico, acompañadas de imaxes, documentos e táboas que están incluídos como **Anexos** na “**Memoria Económica e Documental**” que acompaña a presente.

Todas as actividades aquí descritas están actualizadas na web do centro, no espazo reservado a NORMALIZACIÓN e na lapela da BIBLIOTECA, así como noutros apartados, nos cales se fai referencia nas explicacións da actividade en concreto. O enlace é o seguinte:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/normalizacion.html>

- **“O SAMAÍN”**

Un ano máis, celebramos a festa do “Samaín” no cole. A data elexida foi o **29 de outubro**. Realizáronse diferentes actividades tendo en conta a idade dos alumn@s.

**Exposición de calacús:** polos pasillos do centro, aínda que sen concurso nin premio pola realización libre do mesmo. Trouxéronse a partires do luns, día 24, e estiveron expostas ata o venres día 28.

- **Festa de Samaín:** Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria, celebrarán obradoiros conxuntos contando coa colaboración das familias.
- **EN TODAS AS AULAS:** Traballáronse contos, poesías, relatos etc relacionados co medo.

- **“CIENCIA EN GALEGO”**

Co gallo do Día da Ciencia en Galego, o noso centro leva todo o mes realizando experimentos en galego polos rapaces e rapazas de Educación Infantil, 5º e 6º de Educación Primaria, este curso sumouse a experiencia o 2º ciclo de E. Primaria. Partindo da proposta de que o alumando sexa o auténtico protagonista este ano dimos un paso máis no desenvolvemento da competencia científica do noso alumnado, integrando esta actividade dentro do currículo de Ciencias da Natureza. Enumeramos a continuación un listado dos experimentos realizados nesta ocasión, polos grupos participantes:

“CIENCIA EN GALEGO” EDUCACIÓN INFANTIL			
“Pantasma na botella”. “Frecha veloz”. “Masa máxica”.			
“CIENCIA EN GALEGO” PRIMARIA			
GRUPO	EXPERIMENTOS		
<b>3ºA (MARIEN)</b>	“O volcán”	<b>5ºA (GABRIEL)</b>	“Auga que non cae” “A botella come ovos”
<b>3ºB (CHELO)</b>	“A contaminación da auga”	<b>5º B (PATRICIA)</b>	“Lumen a man” “Sólido ou líquido”
<b>4ºA (CARMELA)</b>	“Lámpada de lava” Carta máxica”	<b>6º A (CONCHI)</b>	“Candea e auga que sobe” “Lámpada de lava”
<b>6ºB (LUIS)</b>	“Dobrar un óso sen rompelo” “ O volcán”		

Na Semana de Ciencia en galego (**21 a 25 de novembro**) o terceiro ciclo presentou os seus experimentos polas diferentes aulas do seu ciclo, por outra banda o 2º ciclo pasaron polas clases do 1º e 2º e entre as aulas do seu ciclo.

O video con todos os experimentos presentados pódese ver na pax web do colexio, no apartado de Normalización Lingüística.

**Educación Infantil**, tamén participou da Ciencia en Galego. Pola tarde da mesma xornada, **o 25 de novembro**, realizaron os seus propios experimentos, contando coa colaboración dos pais e nais que fixeron as veces de científicos. Os experimentos realizados foron os seguintes:

- **“Pantasma na botella”**.
- **“Frecha veloz”**.
- **“Masa máxica”**.

Para ilustrar a súa participación, elaboramos unha videomontaxe que ilustra todas as fases de realización de cada un dos experimentos e ilustra con imaxes o desenvolvemento da “Xornada de Ciencia en Galego”. A continuación unha selección de imaxes correspondentes a algún dos experimentos realizados. Como se poderá comprobar, nesta xornada contamos coa colaboración das familias, que fixeron as veces de “investigadores”, e realizamos estas experiencias no exterior do cole en diferentes puntos do patio de Educación Infantil.

- **XORNADA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: O 25 de novembro**, celebrouse a “Xornada Internacional contra a violencia de xénero”. Dado que na actualidade resulta unha das problemáticas sociais máis importante, con grandes perdas a nivel humano, consideramos prioritario traballar sobre este asunto de vital importancia co noso alumnado, para desbotar actitudes machistas, e fomentar actitudes e condutas de toleranza e o respecto ás diferenzas entre o alumnado de distinto sexo. Estas actividades realizáronse a nivel aula, e en E. Infantil elaboraron un gran mural colectivo entre todo o ciclo.

- **“O NADAL NO CONDESA”**

Como cada ano, coa chegada do mes de decembro, teñen lugar as celebracións do Nadal. No condesa non deixamos pasar a oportunidade para festexar ao tempo que reivindicar a necesidade de retomar as nosas tradicións máis populares, como son a figura da personaxe de nadal “O Apalpador”, empregando coma sempre a nosa lingua como o vehículo principal de expresión. Esta foi a programación de ACTIVIDADES DO NADAL para o mes de decembro:

- **Primeira quincena: Ambientación de pasillos e aulas.**
- **Xoves 15 de decembro: Visita do “Apalpador”.**

- **VISITA DO APALPADOR**

Dentro das actividades realizadas co gallo da chegada do Nadal, acordamos propor, entre outras actividades como o “FESTIVAL DE NADAL” e “DECORACIÓN DE CORREDORES” e a visita do “APALPADOR” (**15 de decembro**) como actividade para o alumnado de Educación Infantil, que foi realizada a modo de “Animación” por un pai de dúas alumnas de E. Primaria. Entregoulle castañas asadas como agasallo.

- **20 de decembro: Festival de Nadal.** Este foi o programa das dúas galas de Educación Infantil e Educación Primaria, celebradas de xeito consecutivo na mesma xornada.
- **21 de decembro:**
- Visita dos Reis magos
- Entrega de notas en horario de 10 a 13:30.

## ACTIVIDADES DO 2º TRIMESTRE

- **CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO NAS LETRAS GALEGAS 2017: “CASARES:PAIXÓN POLA NOSA TERRA”.**

Velaí a nosa participación neste concurso de carteis sobre a bio-bibliografía de Carlos Casares Mouriño, co que pretendemos fundamentalmente ir poñendo en contacto aos nenos e nenas do colexio coa figura deste poeta popular e coas características da súa obra.

Temos que sinalar que a proposta realizada polo EDLG da participación no concurso tivo unha excelente acollida por parte do profesorado do centro, e que estes souberon estender o seu entusiasmo ao alumnado, de tal xeito que participaron con gran ilusión e motivación na elaboración dos carteis.

Tratábase da elaboración de 10 carteis de 70 x 50 cm, sobre a biografía, obra e contexto do autor homenaxeado. Cada aula interesada fixo un dos carteis, que reflectiron a biografía e obra deste autor.

Todos os carteis tiñan un fío condutor, "A galiña azul", que nos ía contando a súa vida.

Deste xeito fomos implicando a todo o alumnado na elaboración do traballo, participando na investigación e realización deste proxecto.

- **“XORNADA DA PAZ”**

Co gallo da celebración da Xornada Mundial pola Paz o 30 de xaneiro, o presente curso consideramos oportuno adicarlllo aos refuxiados. Por este motivo traballaremos esta problemática nas aulas, facendo referencia a toleranza, o respecto e ás diferenzas, tanto de xénero como de outra índole, como dereito fundamental do ser humano, así como á solidariedade. Con este fin, acordamos que cada aula realizará o visionado de vídeos curtos, documentais, análises de novas dos xornais, lectura de contos etc. intentando reflexionar sobre o tema.

- Estas actividades culminaron nun acto conxunto, no pavillón do colexio, o luns 30 de xaneiro. A última hora da tarde fíxose unha **COREOGRAFÍA POLA PAZ**, na que participou todo o centro conxuntamente, co tema musical: **“O baile da paz” (Mamá Cabra)**.

- En cada aula elixíronse a dos alumn@s que leron poesías ou reflexións sobre a paz, así mesmo pegáronse os murais feitos polos distintos ciclos.

- **“PARTICIPACIÓN NA HOMENAXE A ROSALIA DE CASTRO”**

- Nesta homenaxe participou a case totalidade do alumnado. En E. Infantil realizaron un gran mural para o pasillo.

- O alumnado do 1º ciclo gravou un vídeo no que se recitaba un poema de Rosalía de Castro, cada alumn@ dicitaba unha estrofa

- No 2º ciclo elaboraron un mural con multitude de rosas feitas por eles/elas, nas que estaban escritos versos de Rosalía.

- O día 24 de febreiro unha compañeira, a orientadora, caracterizouse de Rosalía e foi pasando por todas as clases lendo anacos de versos da escritora.

- **“O ENTROIDO NO CONDESA”**

- Como cada ano, unha das actividades conxuntas máis agardadas é a celebración do Entroido. Este curso a temática dos disfraces estivo relacionada entornando ao mundo do viño, como homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán (en conexión coas actividades que se levaron a cabo sobre este escritor valdeorres). A celebración do Entroido pasou por varias fases:

- **XOVES DE COMPADRES (16 DE FEBREIRO)**: tal como indica a tradición, para esta xornada, as nenas das diferentes aulas elaborarán un boneco (“Compadre”: un por clase e co nome do curso). Escóndeno por fora do colexio

5 minutos antes de saír ó recreo. Os nenos da súa aula no recreo tentaron atopalo e pasear por todo o patio con el. Somentes podían coller o boneco que correspondera á súa clase. Se atopaban agochado outro que non fose o da súa clase, deberíano deixar quedar no seu sitio. O alumnado de Primaria non podía pasar ao patio de Infantil.

- **XOVES DE COMADRES** (23 de febreiro): nesta xornada, foron os nenos das diferentes aulas quen deberían realizar unha boneca (“Comadre”) e agochala no patio, para que fose atopada polas rapazas no recreo da mañá.
- **ORDES DO MECO** (20 -24 de febreiro): Durante unha semana, todo o alumnado e máis o profesorado e persoal do centro, tiñamos que seguir as indicacións que diariamente un “Meco” ubicado nunha das entradas do centro nos indicaba. O día anterior pola tarde, o Meco facía as indicacións oportunas sobre a indumentaria que debían levar para o día seguinte. Para cada día había unha orde distinta.
- **ACTO FESTIVO** (24 de febreiro): pola tarde do día 24 de febreiro, rematamos as celebracións do entroido, co tradicional **desfile e baile de entroido** no patio do colexio. Actividade aberta á asistencia das familias e coa participación activa da ANPA, que para esta ocasión preparou unha gran **“CHOCOLATADA”** para todos os asistentes, respectando as diferentes intolerancias alimentarias presentes no noso alumnado, familias e profesorado.

Debemos destacar que continuando co fío condutor da temática do desfile, preparouse unha exposición de ferramentas e utensilios realcionados co traballo da viña e a elaboración do viño.

- **“A CAIXA DO CORREO”**

Dende o EDLG do **CEIP CONDESA DE FENOSA** (O Barco de Valdeorras”-Ourense), continuouse a traballar na actividade **“A caixa do correo”**.

Tal como sucedeu na súa andadura inicial, tivo como **destinatarios** o alumnado de 3º e 4º curso de Educación Primaria. Este curso sumaronse @s alumn@s do 1º ciclo de primaria, carteándose entre os diferentes niveis. O alumnado das diferentes aulas enviaban unha carta a un compañeir@ da outra clase, de xeito que todos recibiron correspondencia. Utilizaron unha plantilla proporcionada polo EDLG, que levaba incorporado o sobre. Con anterioridade escribiron os datos do destinatario e do remitente. Unha vez rematadas e corrixidas introducíronas na Caixa de correos e posteriormente foron repartidas polas aula aos seus destinatarios.

Foron os **obxectivos** básicos desta actividade os seguintes:

- Favorecer o emprego da lingua galega como vehículo de expresión e comunicación escrita.
- Mellorar a comprensión oral e escrita dun tipo de texto: a carta.
- Favorecer a integración de todo o alumnado nunha actividade de centro na que ninguén deberá quedar discriminado.

O EDLG fíxose cargo do custe do do selo e o sobre. Realizamos e revisamos as cartas ou postais na aula cos datos reais de destinatario e remitente que depositamos por cursos na caixa do correo do centro.

Posteriormente á oficina de correos da localidade todas as cartas realizadas e debidamente seladas segundo o seu destino. Os nenos/as escribiron as cartas nos seus cadernos a modo de borrador onde recibiron as oportunas revisións dos titores/as para que cumpran coas normas básicas de formato, presentación e emprego axeitado da lingua. Debo dicir que o alumnado de 1º ciclo realizou esta actividade no 3º trimestre, porque pensamos que serían máis autónom@s no proceso lectoescritor.

- **“A OLIMPIADA DO SABER”**

Actividade de animación á lectura e de instrución do alumnado como usuario da biblioteca realizada do **6 ao 10 de marzo**. Concurso no que os nenos/as deben adiviñar as respostas a diversas preguntas realizadas polo profesorado. O grao de dificultade delas vai diminuindo ao longo da semana xa que cada día vaise dando unha nova pista que facilita atopar a resposta, e ao mesmo tempo diminúe a posibilidade de obter todos os puntos.

Nesta actividade preténdese que poñan en práctica os seus coñecementos, o seu enxeño e o traballo das estratexias dun bo usuario da biblioteca (consulta de libros, enciclopedias). Propiciando a posibilidade de facer uso das capacidades aprendidas durante a súa escolarización, e ao mesmo tempo practicar estas mesmas capacidades nun proceso no que os/as alumnas/os aprenden a aprender e a traballar en equipo.

- **“XOGOS POPULARES”**: Como remate do segundo trimestre, a finais deste trimestre, levarase a cabo no patio do colexio, unha sesión de Xogos Populares, en forma de circuíto con diversos xogos (triquel, a rá, a chave, baile tradicional galego...) polo que van rotando os distintos alumnos/as.

## ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

- **“A LINGUA NAS ONDAS”**

Este curso realizouse a actividade con todas as aulas, pero por problemas de horarios, na emisora, só se puido emitir o programa realizado polos alumn@s de 6º de E.Primaria. Foi gravado na mesma emisora( Onda Cero) o día 16 de maio ás 10:00 horas e emitido ese mesmo día ás 13:30 horas. A temática deste programa versaba sobre a obra e vida de Carlos Casares Mouriño.

O resto de alumnado gravaron os seus programas no centro, a gravación realizouna un profesor do colexio. Montouse un vídeo coas gravacións que posteriormente se emitirá para tod@s no salón de actos do colexio e colgarase na pax web, no apartado de Normalización Lingüística.

- **“MES DAS LETRAS GALEGAS”**:

Co gallo da homenaxe ao escritor Carlos Casares Mouriño, durante todo o mes de maio, organizáronse unha serie de actividades intensivas que fomentan o coñecemento da biografía e obra da figura homenaxeada, e que estimulan o emprego oral e escrito da nosa fala nun ambiente lúdico e festivo. Actividades, que se dividen en aquelas organizadas e desenvolvidas dende o noso centro, como outras en coordinación cos E.D.L.G. dos centros públicos da localidade, coa colaboración de institucións locais como o Concello de O Barco de Valdeorras.

## ACTIVIDADES DE CENTRO

---

- **TRÁGAME TERRA”**: Edición dun novo número da revista escolar “Trágame Terra” co gallo das Letras Galegas. Cada ano nestas datas imprímese un novo exemplar que recolle, entre outros, un artigo onde se fai unha biografía adaptada do escritor homenaxeado. Fáiselle entrega dun exemplar a todo o alumnado e ao profesorado. Ten unha tirada duns 500 exemplares. Aberta á colaboración de todos os membros da comunidade educativa, e artellada na súa meirande parte coas aportacións dos alumnos e alumnas do centro.
- **“A LINGUA NAS ONDAS”**: Consistiu na emisión dun programa de radio escolar adicados ás letras galegas, deseñado polo profesorado e alumnado do centro.Foi emitido o mesmo día da gravación. O resto de alumnado do centro traballo sobre outros programas que foron gravados por un profesor do centro. Todo isto, podera-

se visionar unha montaxe audiovisual do proceso de gravación que será aloxada na web do centro na lapela destinada ao EDLG.

- **“FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS”**: Este ano consistiu nunha exaltación da figura de **CARLOS CASARES**, mediante a posta en escena de bailes, contacontos, poesías, cancións e relatos sobre a vida e obra do autor homenaxeado.

## **ACTIVIDADES EN COORDINACIÓN COS E.D.L.G. DA BISBARRA**

Como levamos facendo dende hai varios cursos, no noso obxectivo de abrir unha vía de comunicación permanente con outros centros educativos e con organismos públicos da bisbarra, así como aos cidadáns e visitantes, en coordinación cos E.D.L.G. de diferentes centros públicos da bisbarra, organizamos unha serie de actividades de fomento do emprego da lingua galega a celebrar durante o mes de maio, considerado o “mes das letras”.

Contamos coa colaboración do **Concello de O Barco de Valdeorras**, na provisión de recursos e infraestruturas, así como o apoio e colaboración da asociación de empresarios valdeorreses **CCA (Centro Comercial Aberto)**, na realización de actividades que redundan nos intereses educativos e os propios para a promoción do comercio.

Os principais implicados, foron o alumnado, profesorado e equipos de dinamización da lingua galega (EDLG) dos seguintes centros:

- **IES de O Barco de Valdeorras:**
  - IES Martaguisela.
  - IES Lauro Olmo.
- **Centros de Educación Infantil e Primaria de O Barco de Valdeorras:**
  - CEIP Xulio Gurriarán.
  - CEIP Condessa de Fenosa.
  - CEIP Otero Predrayo.
- **Centros de Educación Infantil e Primaria da bisbarra:**
  - CEIP Virxen do Camiño de Rubiá.
  - CEIP Manuel Respino( A Rúa)

✓ **TÍTULO DA ACTIVIDADE: “AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS. Na procura de CARLOS CASARES”**

✓ **OBXECTIVOS:**

- Difundir a figura e a obra de Carlos Casares autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017.
- Poñer en valor a nosa Literatura.
- Promocionar o uso da lingua galega.
- Facer partícipe a toda a sociedade valdeorresa do proxecto de dinamización da lingua galega dos diferentes centros públicos da bisbarra.
- Fomentar a creatividade dos nenos e nenas e o traballo en equipo.
- Dar a coñecer o traballo dos EDLG empregando novos formatos que sexan atractivos e impactantes.
- Implicar aos comerciantes de Valdeorras na normalización da nosa lingua e na posta en valor da nosa literatura.
- **DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:** Como todos os anos os centros educativos públicos do Barco de Valdeorras e de Rubiá e A Rúa xuntan esforzos para organizar actividades co gallo da Semana das Letras Galegas. E, tamén, unha vez máis contamos coa axuda da AEVA, para conseguir así a maior difusión das nosas iniciativas. A proposta deste ano tivo dúas vertentes:
  - **Para toda a cidadanía:** tratamos de conseguir a participación de toda a vila organizando un **roteiro literario a modo de xincana** no que se implicaron os establecementos comerciais. O procedemento foi o seguinte:

- -Os nenos e nenas dos colexios e institutos participantes elaboraron nunha esfera grande de porexpan unha laranxa para homenaxear ao autor Carlos Casares que en 1973 publicou a peza teatral “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas” para o público infantil e xuvenil. As laranxas pola súa cor, polo seu aroma, polo seu sabor e polas súas propiedades parécenos unha imaxe moi apropiada para promover a lingua galega. As nosas laranxas pretendían ser un aporte vitamínico á lingua galega. En cada laranxa aparecía o título dunha obra de calquera xénero de diversos autores e autoras de Ourense, entre eles, os títulos de Carlos Casares.
- -A AEVA proporcionou nas tendas participantes uns folletos nos que, ademais doutra información pertinente sobre a actividade, ofrecía un listado dos títulos de cada escaparate cun espazo para colocar o carimbo do local correspondente no que se podían ler ditos títulos. Xunto a cada un aparecían dous cadros, unha coa palabra SI, outra coa palabra NON.
- -A xincana consistiu en percorrer as tendas cuxos escaparates estaban decorados coas laranxas cos títulos de diversas obras de escritores e escritoras de Ourense, selar o oco co carimbo da tenda e riscar o cadro do SI ou do NON en función de se o título se correspondía ou non cunha obra de Carlos Casares. Unha vez que se tiveron todos os ocos cubertos co seu selo, depositában o folleto( xunto cos datos persoais) nunha furnas que estaban ubicadas nun dos locais escollidos pola AEVA.
- -Entre todos os participantes que completaron o percorrido fíxose un sorteo no que se escolleu o gañador ou gañadora( este ano gañadora). O premio entregouse nun acto na sede de AEVA no que participarán todos os centros de ensino público. Este mesmo día entregáronse os premios das Galiñas Azuis expostas no tendal do Malecón, cada centro participante recibiu un premio.
- **Para o alumnado dos centros de ensino público ( O Barco de Valdeorras, e de Rubiá):** o profesorado dos centros participantes guiou ao seu alumnado na confección dun **tendal xigante** que se colocou no Paseo do Malecón. O obxectivo é decorar con laranxas alusivas a Carlos Casares e á vitalidade do galego para que toda a cidadanía poida gozar da súa obra.

- **ACTIVIDADES SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN**

Esta actividade foi promovida polo Concello de O Barco en colaboración co resto de concellos da Bisbarra.

O seu obxectivo é difundir a figura e obra de Florencio Delgado Gurriarán e promover a adicación das letras galegas a este valdeorres. Esta actividade vai dirixida a toda a cidadanía valdeorresa.

Consistiu nun abano de actividades ofertadas pola coordinadora da Biblioteca Municipal, dende a realización de grafitis, versos escritos nos pasos de peóns ata ilustracións dos seus poemas, nas que participaron os nosos alumn@s.

Realizaráronse obradoiros para a confección de disfraces destinados os nen@s dos colexios da localidade. Estes mesmos disfraces foron utilizados para o desfile do martes de entroido

Tivo unha boa acollida entre o profesorado e participamos naquelas que se adaptaban a idade do noso alumnado.

Sumándonos a petición da coordinadora da Biblioteca Municipal elaboraremos os disfraces segundo a temática ofrecida. O noso disfraz estivo relacionado co viño(acios de uvas, cestos da vendima, animais da viña, camareiros, labregos, botellas de viño e toneis), unha das temáticas da obra de Florencio Delgado Gurriarán. Esta actividade está explicada anteriormente.



O alumnado do 3º ciclo participou na realización de grafitos dos pasos de peóns da localidade. Así mesmo o 2º e o 3º ciclo participaron na visita a Biblioteca Municipal para ver a exposición que se fixo sobre Florencio Delgado Gurriarán.

Todo o alumnado do centro participará nun concurso de ilustracións do poema de Florencio titulado “ O Casoiro”.

- **“MOCHILAS POLA LINGUA”**

Como a derradeira das actividades planificadas este curso é unha actividade específica de centro. Está dirixida ao alumnado de 5ºA, 5ºB, 6ºA e 6ºB de Educación Primaria. Tivo lugar a xornado do día **2 de xuño**.

Se deseña como unha visita a pé, a unha aldea ou localidade da contorna próxima, entendida como estudo de campo na que o alumnado poderá coñecer en profundidade o conxunto natural, social, artístico e cultural. Nesta ocasión o lugar elixido foi un barrio desta localidade (AS CASAS BARATAS) no que descubriron o seus maiores segredos: historia, obradoiros, paraxes, o parque arqueolóxico, Adegas Xesús Nazareno etc.

A continuación presentamos o percorrido de forma máis detallada:

- **TEMPORALIZACIÓN:**

- **Saída: 9:30h.**
- **Comezo das actividades: 10:00h.**
- **Visita ao Parque Arqueolóxico e Cemiterio civil**
- **De 11:00h a 12:00h**
- **Vista Adegas Xesús Nazareno e barrio “As Cortes”**
- **De 12:00h a 13:00 h.**
- **Obradoiro “Xelo” e Teleclub”**
- **De 13:00h a 13:30h.**
- **Visita praza do barrio**
- **Regreso: 13:30h.**

- **PUNTOS DE INTERESE:**

- PARQUE ARQUEOLÓXICO.
- CIMETERIO CIVIL
- ADEGA XESÚS NAZARENO.
- BARRIO “AS CORTES”
- TELE-CLUB.
- OBRADOIRO DE ESCULTURA. “XELO DE TREMIÑÁ”
- CHARLA INFORMATIVA SOBRE A HISTORIA DESTE BARRIO, NA PRAZA DO POBO.

- **PERCORRIDO DEFINITIVO:**

- **Parque arqueolóxico (9:30 a 10:00h. aprox.):**  
En gran grupo saímos do cole e fomos pola beirarúa ata chegar a este parque. Unha vez aló un antigo veciño continuou connosco todo o percorrido, facendo de guía, respostando a cada unha das inxerencias dos nenos e nenas. Continuamos o percorrido polo cemiterio, parando no cemiterio civil escoitando atentamente as explicacións deste veciño.
- **Visita a Adegas Xesús Nazareno e o barrio das Cortes (10 a 10:30h. aprox.):** Fixéronse dous grupos para realizar esta actividade, dado que era un grupo moi numeroso. Un grupo dirixiuse a adegas e o outro “As Cortes”. Rotando unha vez transcurrido o tempo de visita.
- **Visita ao obradoiro de “Xelo de Tremiñá”**

Neste lugar Xelo ensinoulle algunhas das súas obras e explicoulles o proceso de realización.

- **Visita ao teleclub**

Nesta ocasión o noso amigo Xosé María,coñecedor de todos os lugares deste barrio, ensinoulles as actividades que antaño realizaban naquel lugar, faloulle das aficións que eles tiñan e o ben que o pasaban.

- **A praza do barrio**

Aquí finalizaba a xornada, explicouselles a historia do barrio e o por que da súa creación. Cales eran os edificios máis representativos, as súas funcións e a importancia das industrias que alí se estableceron.

## **Avaliación e propostas de mellora:**

Rematado o curso escolar, cumpre facer unha autoavaliación de procesos e resultados, de cara a determinar as mellores achegas que poden ser mantidas e promover a mellora daqueles aspectos menos positivos. Así en primeiro lugar lembrar a cantidade e calidade das actividades novas levadas a cabo durante este período:

- TABOLEIRO DE ANIVERSARIOS.
- O APALPADOR.
- “A LINGUA NAS ONDAS”.
- “A CAIXA DO CORREO”.
- CONCURSO DE CARTACES “AS ESTACIÓNS DE MANUEL MARÍA”.
- ACTIVIDADES CONXUNTAS COS EDLG DA LOCALIDADE: “AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODSAS AS LARANXAS” e “NA PROCURA DE CARLOS CASARES”.
- ACTIVIDADES SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, EN COLABORACIÓN CO CONCELLO.
- “MOCHILAS POLA LINGUA”.

Ademáis das novas achegas, dimos un novo pulo a outras que viñan sendo traballadas dun modo distinto como “A CIENCIA EN GALEGO”, que no presente curso viuese ampliado o número de participantes, os nenos e nenas 2º ciclo animáronse a presentar os seus experimentos.

No NADAL, recollimos a tradición próxima á nosa zona da figura navideña do “APALPADOR”, e a fomos traballando de xeito diferente ao longo destes catro anos. Por unha banda a nivel de coñecemento da tradición mediante a lectura de libros sobre a súa figura e exposición por parte dos nenos no KAMISHIBAI. Logo contratamos a un contacontos para que recrease a súa figura. Máis tarde foi un pai o que representou ao Apalpador, para finalmente acudir ao centro o “axudante do Apalpador” na figura do noso excompañeiro e literato David Daniel Vázquez Álvarez e finalmente este ano un pai disfrazouse de “APALPADOR”. En todos os casos o alumnado quedou satisfeito e conseguimos dar maior protagonismo a unha figura propia sin connotacións relixiosas.

1. A FESTA DAS LETRAS GALEGAS, convertíuse no MES DAS LETRAS, no que se incardinaron moitas das nosas actividades, o cal supuxo para as necesidades de reaxustar o seu horario para atender a todas as propostas (tanto propias do noso EDLG, como outras propias do nivel ou de fóra do centro).

A FESTA DAS LETRAS GALEGAS, se convertiu en dúas GALAS para E.I e E.P. que adicamos non só ao autor homenaxeado pola real academia en cada curso académico senón que tamén quixemos lembrar a un gran escritor valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, e os encargados foron os alumnos e alumnas de terceiro que lles puxeron música a un dos seus poemas. Dende a defensa da equidade e igualdade de oportunidades para todos os nenos/as independentemente das súas características individuais, tentamos que todo tipo de alumnado tivera a súa oportunidade de participar

en todas as nosas propostas e “brilar” ante o resto, polo que escollemos a moitos/as dos presentadores/as das nosas galas entre o alumnado de apoio.

Amais destas novidosas propostas, como equipo, colaboramos na totalidade de actividades do centro e no nivel no que nos inscribimos, nas que foi precisa a nosa participación (facendo decorados, vídeos, ensaios, árbores, lazos...) e na que tentamos favorecer o emprego do galego, para facer real iso de “predicar co exemplo”.

Quedamos pois gratamente satisfeitos da nosa pequena achega ao alumnado deste centro. Agardamos que froitifique nun novo xeito de traballar a lingua por parte do profesorado e que se instalen como lembranzas felices nos corazóns do alumnado que tivo a sorte de desfrutar das nosas propostas.

Debemos sinalar como principal desvantaxe destes anos de árduo traballo que, aínda que se tentou coa planificación de actividades ao comezo do curso e coa adhesión voluntaria dos ciclos, evitar a condensación de propostas, dado que finalmente maio resulta o mes máis saturado. É por iso que para o vindeiro curso propomos ter máis precaución á hora de temporalizar as actividades.

En termos xerais, sinalar que a participación por parte de profesorado e alumnado foi altamente positiva, en todas as etapas, ciclos e niveis, incluíndo tanto persoal docente como non docente.

Agardamos que para o vindeiro o EDLG continúe a traballar como creadores de experiencias educativas, pensadas como “oportunidades” para aprender a falar, sentir e disfrutar coa nosa lingua.

O Barco, 19 de xuño de 2017  
Vº Bº Do director

A COORDINADORA

FRANCISCO PÉREZ LEMOS

AURORA DELGADO PÉREZ

## MEMORIA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### • Avaliación dos resultados

Durante este curso foron atendidos en torno a 94 alumnos/as de apoio no centro distribuídos do seguinte xeito:

- 4 alumnos/as en modalidade de escolarización combinada entre aula específica e aula ordinaria.
- 49 alumnos/as nas aulas de apoio de Audición e Linguaxe (AL)
- 41 alumnos/as de apoio de Pedagogía Terapéutica (PT), fóra e dentro da aula ordinaria.
- Hai que ter en conta que algún alumno recibe apoio de AL e PT simultaneamente

Esta listaxe de alumnado está dentro dun proceso aberto, polo que existe a posibilidade de entrar ou saír, en calquera momento do curso, segundo a evolución do alumno/a. Todos os alumnos/as atendidos con medidas de atención á diversidade son avaliados a través de informes persoais, que se achegan ás familias trimestralmente.

Nas sesións de avaliación é onde con carácter xeral se determina a valoración da medida de apoio e a toma de decisións con respecto ao alumno/a.

Creemos conveniente que se dea sistematicidade as reunións entre orientadora e profesorado de alumnos/as con apoio co fin de poder adoptar as medidas máis oportunas tan pronto sexa conveniente.

En termos xerais, a evolución que presentou o alumnado de apoio foi positiva, aínda que a maior parte deles siga a precisar atención individualizada debido ás dificultades que presenta.

Funcionaron dúas aulas específicas: unha para o alumnado con TEA e outra para o alumnado con Discapacidade Motora. A cada unha destas aulas asignouse unha profesora de apoio de PT, que cubría os horarios do alumnado asignado ás mesmas. Outra mestra de PT dedicouse ao alumnado con necesidades educativas especiais con Adaptacións Curriculares Significativas e unha cuarta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) e á aula para a atención do alumnado de altas capacidades.

Hai un grupo de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) que necesitan máis horas de apoio dentro da aula, aínda que, o feito de que a reciban, está suxeito á dispoñibilidade horaria do profesorado de apoio.

En canto ao profesorado de apoio de AL, unha mestra dedicouse ao alumnado con necesidades especiais e de escolarización combinada, mentres que a outra atendeu ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Ao longo do curso o profesorado de apoio de AL e PT levou a cabo un seguimento continuo do reforzo pedagóxico que estivo a realizar. A tal efecto cubriuse unha ficha de seguimento na que se reflectiron as áreas e obxectivos a traballar, así como os cambios no programa de reforzo a levar a cabo ou no material a utilizar. Estas fichas

servirán o vindeiro curso como punto de partida no caso daqueles alumnos nos que se mantén o apoio.

Para atender ao alumnado con neae contouse cos seguintes profesionais:

Profesorado de PT	4	<ul style="list-style-type: none"><li>• 2 con destino definitivo</li><li>• 2 con destino provisional</li></ul>
Profesorado de AL	2	<ul style="list-style-type: none"><li>• 1 con destino definitivo</li><li>• 1 con destino provisional</li></ul>
Auxiliares Técnico Educativas	2	<ul style="list-style-type: none"><li>• 1 con destino definitivo no centro</li><li>• 2 con destino provisional, unha delas compartida co CEIP “Julio Gurriarán”.</li></ul>
Orientadora	1	<ul style="list-style-type: none"><li>• Destino definitivo</li></ul>

Ademais para reforzar as aprendizaxes do alumnado de Infantil contouse con dúas profesoras de apoio e para reforzar as aprendizaxes do alumnado de Primaria que non foron obxecto de atención polo profesorado especialista de apoio, contouse cos restos horarios de titores e especialistas, unha vez atendidas as necesidades xerais do centro, así como cos desdobres.

Consideramos absolutamente imprescindible para dar unha resposta axeitada ao ACNEAE seguir contando cos mesmos recursos que no curso actual.

En canto á organización dos espazos físicos destinados á atención do alumnado con neae, debido a inundación producida polas fortes chuvias na Casiña, que causaron notables danos, houbo que reestruturar as aulas de apoio de Audición e Linguaxe, as dúas Aulas Específicas e o Departamento de Orientación. Trasladáronse ao edificio principal, ocupando diversos espazos que se compartiron entre todas as mestras de apoio e a orientadora cos problemas que iso levou en canto a organización e desenvolvemento do noso traballo.

- **Avaliación do plan propiamente dito.**

Para levar a cabo a avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) tivéronse en conta as seguintes fontes de información:

- Intercambios orais
- Avaliacións
- Conclusións das reunións realizadas
- Observacións e traballo diario.

A partir destas fontes de información podemos destacar os seguintes aspectos:

- As actuacións relativas á atención á diversidade no centro fixéronse conforme ao previsto no Plan Xeral de Atención á Diversidade, en canto aos obxectivos ,á organización dos apoios e aos tempos e actividades contemplados para atender ao alumnado, profesorado e familias.
- En termos xerais o plan partiu das necesidades reais do centro detectadas nas reunións de comezo de curso e naquelas que foron xurdindo ao longo do curso.
- O nivel de colaboración e participación dos responsables do PXAD pódese cualificar de alto, especialmente do profesorado, que amosou unha gran implicación para que se conseguiran os obxectivos plantexados. Tamén hai que resaltar o labor do Equipo Directivo, que facilitou, na medida das posibilidades, a posta en práctica das decisións tomadas.
- Valorar positivamente o nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro; EOE, Servizos Sociais, Servizos Sanitarios etc
- Levouse a cabo orientación personalizada do alumnado que o demandou, así como se deu apoio a todos os nenos que, nalgún momento do curso, así o necesitaron, aínda que houbo certa dificultade para realizar o seguimento psicopedagóxico de cada un deles debido ao elevado número de alumnos. Por ese motivo, déuselle prioridade a aqueles casos máis urxentes.
- O Departamento de Orientación contou cunha serie de horas de atención individual a alumnos que así o demandaron. Estas demandas realizounas o titor do alumno en cuestión, os pais de ditos alumnos ou ben os propios alumnos.
- En xeneral, a atención individualiza solicitada relacionouse cos seguintes aspectos: dificultades de aprendizaxe, dificultades na posta en práctica de técnicas de traballo individual, desmotivación ante os estudos; problemas persoais; orientación académica e profesional e avaliación psicopedagóxica.
- Tamén levouse a cabo orientación personalizada con todas as familias do alumnado que así o demandaron, tendo en conta as necesidades dos seus fillos.
- Mantivéronse as horas de atención a pais que foron utilizadas por moitos deles. A meirande parte das entrevistas desenvolvidas centráronse na preocupación dos pais polo proceso de aprendizaxe dos seus fillos, na petición de orientacións e pautas ante determinados problemas dos seus fillos e, en menor grao, asesoramento en problemas familiares. Atendéronse un gran número de demandas tanto de pais de educación infantil como de educación primaria.
- Coordinouse a atención ao alumnado con neae que pasa a Educación Secundaria Obrigatoria: información psicopedagóxica acumulada na etapa, información sobre situación familiar, relación de alumnos que promocionan con obxectivos sen consolidar...

- **Propostas de mellora**

- Dotar de periodicidade ás reunións da orientadora cos titores de todos os niveis. En ocasións, a falta de tempos a nivel de centro ten como consecuencia que estas non se realicen. Debemos recordar que a actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.
- Manter os criterios de atención que prioricen o alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de AL e PT.
- Substituír os boletíns trimestrais ás familias por titorías periódicas, co obxectivo de que a comunicación entre o profesorado de apoio e as familias sexa máis efectiva.
- Seguir a traballar no protocolo de detección temperá, así como nos mecanismos de detección.
- Realizar un programa de habilidades sociais e emocionais, que recolla e dea sistematizade ás actividades realizadas neste área.
- Difusión das medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) e Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA).
- Realizar unha serie de charlas enfocadas ás familias sobre acoso escolar
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Fomentar os apoios dentro da aula co mestre de apoio concibido como apoio auxiliar ao profesorado titor. Neste modelo o traballo do mestre de apoio céntrase en propiciar as estratexias e adaptacións necesarias para que todo os alumnos participen na aula traballando o mesmo currículo que os seus compañeiros.
- Dar continuidade aos programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola, facendo uso dos recursos propios do centro e daqueles outros que aproveitan alianzas co contorno.
- Deixar un tempo fixo nas Comisións Pedagóxicas para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.
- Manter o número do profesorado de apoio de AL e PT e auxiliares técnico educativas, co fin de poder ofrecer unha atención de calidade ao alumnado con necesidades de apoio.
- Reparación en condicións dos danos ocasionados na Casiña polas chuvias torrenciais co fin de poder recuperar os espazos asignados a orientación e a aulas de apoio de AL e PT.

## MEMORIA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Durante este curso volveuse a revisar o Plan de Convivencia do centro, axustando o mesmo ás disposicións requiridas no *DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*; así como ás suxestións requiridas polo Inspector da zona.

Unha vez revisado por este, procedeuse a súa difusión na páxina web do centro. Actualmente está pendente da aprobación do Claustro e do Consello Escolar do centro.

Fomentouse en todo momento a boa convivencia no centro, tratando de conseguir unhas mellores relacións.

A metodoloxía a utilizar foi a pedagogía do error, a negociación educativa do conflito, o fomento de valores, actitudes e prácticas facilitadoras do diálogo.

Durante este curso realizáronse no centro as seguintes tarefas:

- Nova revisión do documento do Plan de Convivencia.
- Elaboración de anexos: rexistro de cumprimento, protocolo de acoso, protocolo de actuación ante faltas leves e graves, entre outras.
- Difusión da constitución escolar do centro, aprobada mediante votación polo alumnado, constituíndose no documento fundamental de convivencia escolar.
- Tratamento en titoría de aspectos que afectan á convivencia e o bo clima na clase: resolución de conflitos de xeito dialogado etc.
- Caixa do correo da aula: deixar tempos e espazos que favorezan a resolución de conflitos dialogadamente.
- Recanto de escoita: boca -orella.
- Recanto da calma.
- Participación do centro en programas e actividades que fomentan a convivencia entre iguais, coas familias e coa contorna.
- Sensibilización contra o maltrato entre iguais: charlas, debates, material impreso ou virtual etc
- Sensibilización contra a violencia de xénero ou ante calquera tipo de discriminación: charlas, debates, material impreso ou virtual etc
- Alumnado acompañante e círculo de amigos: alumnado que se ocupa de apoiar aos alumnos de novo ingreso ou aos que teñen dificultades de integración.
- Patrullas verdes.
- Abordaxe de incidencias que alteraron a convivencia con alumnos/as e as súas familias.
- Atención puntual a conflitos protagonizados por algún alumno/a, así como a súa familia.



- Realización de varios contratos de conduta, implicando ás familias, con bos resultados en xeneral.
- Cara ao vindeiro curso escola, segue quedando pendente:
- Aprobación da última revisión do plan.
- Constitución da Comisión de Convivencia do centro.
- Constitución da Asemblea de Convivencia formada por representantes do alumnado de todos os cursos de Primaria.
- Revisión de documentos do centro: Normativa de Organización e Funcionamento (NOF), Plan de Acción Titorial.
- Avaliación semestral do clima da clase e análise do mesmo nas reunións de ciclo, nas sesións de avaliación ou de Comisión Pedagóxica.
- Charlas coas familias sobre acoso escolar.
- Análise trimestral na Comisión de Convivencia das accións propostas e posibles modificacións.
- Sistematización da Aula Inclusiva de Convivencia.

# MEMORIA PLAMBE CURSO 2016-2017



CEIP PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA  
COD. 32015116  
O BARCO DE VALDEORRAS  
(OURENSE)



## Táboa de contidos

Grao de cumprimento dos obxectivos.....	1
Horario do encargado da biblioteca escolar.....	2
Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos.....	4
Temporalización inicial.....	4
Desenvolvemento das actividades.....	4
Actuacións en relación coa organización e xestión.....	4
Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.....	5
Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental).....	6
Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.....	9
Outras actuacións.....	11
Grao de implicación do centro e da comunidade educativa.....	13
Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo.....	14
Produción de materiais.....	14
Avaliación.....	15
Previsións de futuro.....	20

## Grao de cumprimento dos obxectivos

Este curso escolar estivo marcado por unha serie de circunstancias que non nos deixaron traballar na nosa liña habitual, e que interromperon, nalgún sentido, o desenvolvemento normal das nosas actividades da biblioteca, circunstancias das que falaremos máis adiante nesta memoria. Aínda así de termos que valorar en que medida se cumpriron os obxectivos sinalados no noso proxecto de traballo, sen dúbida teremos que dicir que se cumpriron nun grao bastante alto.

Así por exemplo, o equipo foi quen de seguir impulsando o traballo por proxectos no centro, que xa está a tomar carta de natureza nas estratexias metodolóxicas da grande maioría das aulas; tamén os proxectos de formación amosan o influxo da biblioteca; fomos quen de rematar o proxecto sobre a convivencia e desenvolver por enteiro outro sobre a castaña; puxemos en funcionamento a actividade de conta contos para os máis pequenos cunha participación de gran calidade grazas á implicación do profesorado; mantivemos as actividades habituais...

Se mantiveron os clubs de lectura e escritura, e neste ano púxose en marcha un reading club, que se veu sumar aos clubs xa existentes, así como un club de escritura no que participou alumnado de aula específica.

Mantivemos na hora de libre disposición en 4º e 6º a materia de ALFIN, co que puidemos desenvolver actividades de coñecemento da estrutura da biblioteca, aprendemos a citar bibliografía, realizamos actividades de procura na rede, realizamos resúmenes, subliñados de textos...

En resúmen queremos incidir estamos satisfeitos cos resultados acadados, e fundamentalmente estamos moi esperanzados de que determinados cambios que se están a dar no colexio (o deseño de Unidades Didácticas desde unha perspectiva construtivista) e o desenvolvemento da aula virtual, fagan agromar un novo xeito de traballo na aula, embebido do espírito investigador da biblioteca. No tocante ao noso Proxecto Documental rematamos o proxecto



iniciado no curso pasado que atinxía aspectos relacionados coa convivencia, e que votamos e asumimos coma a nosa Constitución Escolar. Tamén desenvolvemos un traballo de investigación referido á castaña e ao castiñeiro, e no marco do proxecto de formación se están a desenvolver proxectos relacionados coa alimentación. Este proxecto, ao estar inserido nun PFPPC cunha duración de dous anos, foi temporizado con este marxe de tempo, pero xa hai determinadas partes realizadas, que nos fan presaxiar un traballo de grande interese educativo.

O programa de axudantes da biblioteca segue funcionando e consideramos que dun xeito bastante aceptable, aínda que sempre é mellorable.

Un problema que temos é a cantidade de nenos e nenas que queren participar neste programa, o que nos obriga a facer grupos moi numerosos para o espazo do que dispoñemos. Sen embargo, de cara ao curso que vén, e dentro dunha remodelación en profundidade da biblioteca, da que falaremos máis adiante, dispoñeremos de distintos currunchos que han cumprir bastantes axudantes para ter controladas as actividades que se desenvolverán.

Nas horas de acceso libre, durante os períodos de recreo, a biblioteca resulta pouco silenciosa. Neste sentido, e tamén en relación co proceso de remodelación, estamos “colonizando” espazos exteriores para crear zonas de lectura distendida, onde tamén a conversa teña cabida, pero sen que esa conversa chegue a afectar ao alumnado que queira realizar outro tipo de actividades.

Os elementos aos que faciamos referencia ao comezo desta memoria que perturbaron a marcha das nosas actividades, facendo que ás veces tiveramos que pechar algúns días a biblioteca, foron a avaría do ordenador de xestión, que obrigou a contratar un servizo de recuperación de datos xa que queimou o disco duro, obras na biblioteca dentro deste proceso de remodelación (colocación de dobre fiestra, colocación dun chan de madeira, pintado das paredes, expurgo da colección...), infección de virus no noso blogue de Blogaliza e a decisión de migrar a Drupal...

Estes traballos extras que se acumularon na última fase do curso fixeron, por exemplo, que non nos dese tempo a realizar a enquisa que habitualmente facemos en google docs ou a non empregar a ferramenta de autoavaliación que normalmente usamos, xa que dá moi boas indicacións do noso estado como biblioteca e das melloras necesarias.

Outramente, co resto dos indicadores escolmados para a avaliación do servizo da biblioteca, pensamos que poden dar igualmente unha información precisa para dar unha idea moi achegada á realidade da mesma.

## Horario do encargado da biblioteca escolar

O encargado da biblioteca foi Xoaquín C. Freixeiro Álvarez, que realiza tamén as funcións da xefatura de estudos e coordinación TIC.

Dado que o noso centro está inmerso en múltiples proxectos de innovación educativa (Abalar, Edixgal, axenda21, PFPPC...) e que todos estes requiren a intervención da xefatura de estudos, non sería posíbel que todo o peso da biblioteca descansase sobre unha única persoa, así que contamos cun equipo de apoio á biblioteca conformado por un equipo estable de profesorado, ao que todos os anos se suma algún mestre provisional con ganas de traballar e traer novas propostas á marcha da biblioteca.

Este equipo organiza os clubs, as quendas de conta-contos, de actividades como “vaille co conto ao profe”, colabora na organización da olimpiada, adorna a biblioteca no mercado de intercambio de libros e na entrega de diplomas e premios ao final do curso.

Tamén participa nas actividades de formación, que se ben este ano non tiveron un carácter específico da biblioteca, si que se tentou, como xa se comentou dar un enfoque da ALFIN aos cursos que se realizaron.

Este ano o Equipo de Apoio á Biblioteca estivo constituído por:

<b>Ensino Infantil</b>	Sonia González Mercedes Molina
<b>Primeiro Ciclo</b>	Mercedes Gallego Xoaquín Freixeiro
<b>Segundo Ciclo</b>	M <sup>a</sup> Carmen García M <sup>a</sup> Socorro Robles
<b>Terceiro Ciclo</b>	Luis Fernández
<b>Departamento Orientación</b>	Elisa Puente

A presenza de membros do equipo de biblioteca en cada un dos equipos e departamentos do centro fai que sexa doado transmitir as iniciativas da biblioteca ao resto do profesorado do centro, así como dotarnos dun potente feedback sobre a valoración de cada actividade e poder deste xeito adoptar as medidas correctoras

indicadas.

O horario de dedicación á Biblioteca é o seguinte:

- 10:00-11:00** Recollida dos empréstamos polas clases, devolución dos exemplares e colocación nos andeis.  
Catalogación de novos exemplares
- 12:05-12:35** Empréstamos, ordenadores
- 14:30-15:30** Empréstamos, ordenadores, hora dos deberes
- 17:00-18:00** Os Martes... Conto  
(Martes)

Tamén existe un horario asignado a cada aula en horario lectivo para o uso da biblioteca en tarefas de investigación.

## Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos

### Temporalización inicial

#### Cadro resumo das actividades anuais máis salientables da Biblioteca

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<b>Gestión</b>	Catalogación das novas adquisicións Formación Axudantes Capacitación Profesorado	Catalogación das novas adquisicións Formación Axudantes	Catalogación das novas adquisicións Formación Axudantes
<b>Formación Usuarios</b>	Normas de funcionamento CDU	Obras de referencia Procuras en internet Extracción informacións	Partes dun traballo documental
<b>Educación Documental</b>	Horas dos deberes Acceso a internet Proxecto documental	Horas dos deberes Acceso a internet Olimpíada do Saber	Horas dos deberes Acceso a internet Proxectos
<b>Promoción Lectura</b>	Lectura silenciosa Martes.. conto No recreo cos cativos Vaille co conto ao profe Clubs lectura e escritura Exposicións de novidades Lecturas dos venres Recomendacións lectoras Boletíns Biblioteca Bookcrossing	Lectura silenciosa Martes.. conto No recreo cos cativos Vaille co conto ao profe Clubs lectura e escritura Exposicións de novidades Lecturas dos venres Recomendacións lectoras Boletíns Biblioteca Bookcrossing	Lectura silenciosa Martes.. conto No recreo cos cativos Vaille co conto ao profe Clubs lectura e escritura Exposicións de novidades Lecturas dos venres Recomendacións lectoras Boletíns Biblioteca Bookcrossing Mercado de intercambio

## Desenvolvemento das actividades

### Actuacións en relación coa organización e xestión.

Se no curso pasado houbo unha renovación de cadeiras e mesas da sala de estudo, as actuacións que se promoveron no que vai de ano son a colocación de fiestras dobres. No momento de redactar esta memoria estamos preparando a biblioteca para colocar un chan de madeira que substitúa ás baldosas actuais e o pintado das paredes. Estas actuacións se enmarcan nun ambicioso proxecto de renovación da biblioteca dentro do plan LIA2.

Este plan contempla o uso de espazos externos á biblioteca como xa se comentou e unha remodelación dos espazos interiores para crear distintos currunchos de actividades. Xunto a isto se desenvolverá un programa de adquisición de materiais informáticos (pantallas multitouch, tablets, PDI, Wifi, ordenadores fixos) á par dun traballo de redistribución dos fondos, sinalización e renovación de mobiliario.

O groso deste traballo se realizará durante as vacacións de verán, pero dado que dependemos da dispoñibilidade de horarios do Concello do Barco, unha parte del se terá que facer durante o mes de Xuño, o que obrigará a manter pechada a biblioteca nese período, xa que haberá que mover toda a colección e os andeis.

Esta importante obra tomámola coma unha oportunidade de reordenar a nosa colección, acometer un expurgo en profundidade e, tras el, analizar a súa colocación e as liñas que se deberán seguir para recompoñer unha colección eficiente e pragmática.

Xunto a estas tarefas o novo deseño deberá atopar espazos diáfanos, lugares para as novas achegas (curruncho creativo, robótica...), lugares para o traballo colectivo e para a lectura distendida.

Nesta liña varias das reunións do equipo de biblioteca serviron para achegar ideas, novas propostas de actuacións, suxestións de distribución de espazos... que están plasmadas nun plano xeral do que será a nova Biblioteca, entregado xa na asesoría de Bibliotecas.

Os **axudantes da biblioteca** seguiron realizando actividades relacionadas coa xestión. Neste curso foron moitos os nenos e nenas que solicitaron ser axudantes e que realizaron estes labores. As quendas realízanse coa participación de encargados (alumnos dos cursos superiores) e axudantes (alumnado dos cursos inferiores, de 3º ou 4º), sendo os encargados os que se dedican a formar nas cuestións básicas da xestión aos axudantes, modelo que



segue dando uns froitos altamente positivos, e que, polo tanto, seguiremos empregando.


Como xa comentamos no comezo da memoria, o alto número de axudantes fai que moitas veces a zona de xestión estea ateigada deles, dificultando o bo funcionamento dos servizos. Estamos convencidos de que o novo deseño da biblioteca, a creación de distintos espazos de traballo e creatividade, facilitará a distribución de funcións e a mellora dun elemento importante na participación do alumnado, que consideramos un dos eixos do éxito da biblioteca.

No que atinxe á **senalización**, tentaremos mellorar o que temos na actualidade, consistente en sinalar os libros coas cores da CDU, traballo que estivemos a completar xa que había títulos que perderan a súa etiqueta e outros, os novos, que nunca a tiveran. Nos encontros do Plambe chamounos a atención a iconografía da CDU para nenos e nenas con dificultades de lectura presentada por Susana Peix, o que a fai moito máis inclusiva. Nesta liña vai ser na que traballemos no próximo curso.

A idea que temos en mente é xunto á cor da CDU en cada libro poñer unha icona que identifique as subdivisións da mesma.

Xunto a esta actuación sobre os fondos tamén pensamos na impresión de vinilos coa táboa da CDU e cos distintos valores para que o alumnado identifique doadamente os andeis do seu interese. Para realizar esta remodelación da


senalización preparamos un documento en pdf preparado para a impresión das etiquetas necesarias, dispoñible en [http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/cdu\\_simplificado.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/cdu_simplificado.pdf)



## Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Como todos os anos mantemos o sistema de **empréstamos** nos períodos de recreo, tanto na sesión da mañá como ao mediodía, e a recollida das devolucións nas propias aulas durante as primeiras horas da mañá. Os nenos e nenas que collen libros en empréstamo dispoñen dunhas caixas para o seu curso onde deixan os libros, e así poden saír ao recreo sen ter que levar o libro ao patio.

Ao remate do recreo da tarde o encargado da clase pasa pola biblioteca e leva a caixa á clase onde se reparten os libros emprestados. A rutina da mañá é deixar os libros devolvidos na caixa, que é recollida polo encargado co carro dos libros. Nesta visita sempre se fai algún comentario co que se tenta incentivar ao alumnado para que faga uso do servizo de empréstamo.



**O BARQUIÑO DE PAPEL**  
BOLETÍN DA BIBLIOTECA  
DO CEIP CONDOSA DE FENOSA  
Abril 2017

### Semana do Libro

24 ao 28 de abril

Como todos os anos imos celebrar por todo o alto a semana do libro.

A nosa actividade estrela vai ser o mercadinho de intercambio de libros que se desenvolverá nos días 26 mércores (para infantil), 27 xoves (para 1º, 2º e 3º de primaria) e 28 venres (para o alumnado de 4º, 5º e 6º).

Como saberedes, para participar neste mercadinho teremos que traer algún libro axeitado á nosa idade, que estea nun bo estado de conservación, e entregárllo ao nos@ profe, que nolo trocará por un dólar do mercadinho, este ano adicado a Carlos Casares, o autor homenaxeado nas Letras Galegas.

O día que nos corresponda participar no mercadinho, co noso billete (ou billetes, se trouxemos máis dun libro) iremos á biblio e colleremos o libro do mercadinho que máis nos guste, pagándoo cos nosos cartos do mercadinho.

Desfrutade das novas lecturas!

“O Barquiño de Papel” é o boletín da biblioteca (realizado en papel pero tamén normalmente con edición dixital) que ten un carácter trimestral e onde se dá conta das novidades en relación coa biblioteca, actividades postas en marcha e, como non, recomendacións lectoras. Este ano tivemos problemas dado que o noso ordenador tivo unha avaría de importancia e houbo que cambialo por un novo e mandar o disco duro antigo a recuperar a información, polo que perdemos a posibilidade de facer a edición dixital do barquiño na páxina da biblioteca, xa que as claves de acceso ao servidor estaban no disco duro deteriorado.

No exterior da biblioteca, no corredor que lle dá acceso temos un espazo para as **exposicións** de novidades e outras de carácter

temático, relacionadas coas celebracións anuais, e que actúa coma un potente reclamo para o empréstamo e para familiarizar, no caso

das novidades, cos novos fondos que se van adquirindo ao longo do ano.

Como elemento fundamental para a lectura silenciosa, da que falaremos máis adiante, a biblioteca aporta fondos axeitados a cada idade e nivel lector ás diferentes aulas que constitúen así unha **biblioteca de aula** actualizada e adaptada ao seu alumnado. Estas bibliotecas renóvanse unha vez por trimestre cando menos, asegurando así lecturas novas e motivadoras.

Tamén as bibliotecas de aula se dotan de materiais específicos (o corpo humano, zooloxía, máquinas...) segundo os temas tratados no temario de sociais e naturais, servindo de apoio ás investigacións que sobre temas curriculares se desenvolven nas clases.

O **blogue** (<http://biblogtecacondasa.blogaliza.org>) que durante varios anos serviu de voceiro das actividades da biblioteca foi abandonado debido a que recibiu un ataque informático e as novas directrices de seguridade facían moi difícil traballar nel. Decidimos daquela pasar a facer o noso blogue dentro do espazo Drupal do noso centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/taxonomy/term/15>), e que se ben aínda está en cueiros polo recente da migración, xa se está conformando para achegar novas das actividades da biblioteca, recomendacións lectoras, as enquisas de satisfacción e as producións dos clubs de escritores e dando difusión aos documentos elaborados no PDI.

Sabemos que a forza dun blogue reside, fundamentalmente, na interacción que se crea grazas aos comentarios dos lectores, cousa que neste novo formato aínda non temos explorado, pero aínda así pensamos que é unha mellor solución que manter un blogue externo que nestes momentos nos causa dificultades á hora de escribir nel.

## **Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental)**

Na aula virtual do centro contamos cunha serie de actividades relacionadas coa biblioteca, dispoñendo xa nestes momentos de 5 cursos dentro do apartado da biblioteca: A guerra que mudou o mundo (secuencia de actividades en eXelearning, traducida do CeDeC no marco dun curso de PLATEGA sobre recursos dixitais), ALFIN (materiais para o traballo da materia de Alfabetización en Información), Procuras do Tesouro das Letras Galegas (contribucións da Biblioteca á celebración do día das letras

galegas), Proxecto Documental Convivimos (no que se recollen os materiais elaborados ao longo do proceso de investigación do Proxecto Documental) e Materiais para a Formación de Usuarios (que se corresponde co primeiro curso que elaboramos en anos pasados). Como todos os anos realizáronse actividades de formación de usuarios con este material, e, esperamos que o vindeiro curso poidamos ofrecer non só estas actividades senón unha chea de posibilidades cun formato ben estruturado, atractivo e interesante.

No día da **ciencia en galego** tamén, como en anos anteriores, a biblioteca axudou cos seus recursos a atopar experimentos científicos para a súa realización durante a celebración desta cita anual coa ciencia e co idioma.

Dispoñemos na nosa web dun **mapa interactivo** da Biblioteca que usamos para mostrar os distintos contidos que teñen os nosos fondos e a súa localización no espazo da biblioteca. Este recurso está xa obsoleto dados os cambios operados na distribución da biblioteca, e tendo en marcha unha nova reforma que cambiará totalmente a súa estrutura decidimos adiar a súa actualización ata o momento en que estes cambios estean realizados. Cando isto suceda queremos cambiar o formato do mapa e tentar facer unha panorámica interactiva para posibilitar unha visita virtual en toda regra.

O proxecto **“Convivimos”**, que en cursos pasados centrouse na investigación dos diferentes tipos de sociedades que o home foi desenvolvendo ao longo da súa historia, facendo especial fincapé nos elementos de lexislación e nas declaracións de dereitos das persoas, pasou a debater nas clases no curso pasado sobre determinados conceptos (empatía, igualdade, equidade, non discriminación, solidariedade, respecto á diferenza...) nas distintas aulas, que se traduciron en propostas de dereitos e deberes elaboradas en cada aula. O proceso continuou cunha posta en común das propostas das distintas aulas e na elaboración dun documento de síntese que se presentou ao alumnado para a súa aprobación en referendo, para o que se pretende sexa o documento que sirva de referencia na convivencia do centro. Esta constitución escolar está dispoñíbel en:

([http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/NORMAS\\_COLE.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/NORMAS_COLE.pdf))

Durante este curso tamén se traballou nun **proxecto sobre a castaña e o castiñeiro** que recolleu informacións sobre a árbore e o seu froito, as súas enfermidades, as tradicións a ela asociada, o folclore oral relacionado e a cociña da mesma. O resultado, empregando un formato de exe-learning está dispoñíbel en:

([http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/o\\_castiñeiro\\_e\\_a\\_castanha/index.html](http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/o_castiñeiro_e_a_castanha/index.html)).

Seguindo na liña de proxectos e dentro dun PFPPC no que en varios niveis traballamos distintos aspectos da alimentación humana, subliñar un traballo, aínda inconcluso, sobre **a longa viaxe dun gran de trigo**. Este traballo está sendo desenvolvido polos cursos de 1º e 2º de primaria, e a xeito dun conto viaxeiro, vai pasando entre as clases destes niveis. A primeira parte do conto recolle a sementeira, medre e seitura do trigo, a segunda o seu paso polo muiño, a terceira a súa transformación en pan nos fornos e como remate o seu paso polo sistema dixestivo dunha persoa. Cada parte do conto contén unha serie de conceptos sobre o que os nenos e nenas das distintas clases van investigar e elaborar con distintos formatos as súas explicacións. A primeira parte do conto está xa investigada, e arestora é a segunda parte do conto a que está sendo investigada na segunda aula de segundo curso. O vindeiro ano as investigacións pasarán aos nenos e nenas de 1º (daquela en 2º curso) co que se completará o traballo do proxecto.

O traballo xa realizado pódese ver, aínda que non rematado en: (<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/proxectos/pan/index.html>)

Tamén en moitas aulas se realizan traballos de investigación cos que colabora a biblioteca proporcionando documentos para a investigación, como podemos ver, por exemplo, nestes vídeos (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/taxonomy/term/4>).

No mesmo ámbito da educación documental está o concurso da **“Olimpíada do Saber”**, concurso de enigmas cunha moi grande participación do alumnado (practicamente o 100% do alumnado de primaria) e que este ano foi adicado aos animais.

Un papel importante na educación documental téñeno tamén os **computadores** da biblioteca, nos que as distintas aulas que baixan a biblioteca a realizar traballos de investigación poden facer as súas procuras, ao tempo que nos recreos e na hora dos deberes permiten o acceso á aula virtual ou un uso máis lúdico. Tamén o computador de audiovisuais ofrece a posibilidade de proxectar os fondos de DVDs do catálogo.

Dentro do proxecto de reforma da Biblioteca está a de dotar dunha cantidade apreciable de tablets ás aulas que acudan alí a traballar, dotar ao espazo dunha rede wifi e ver de incluír



software que facilite o traballo colaborativo. En todo caso aínda estamos a estudar cal será esa dotación, xa que a día de hoxe estamos realizando traballos previos de preparación do espazo.

Pero sen lugar ás dúbidas o elemento que máis valoramos neste apartado é a continuidade como materia de libre disposición da **Alfabetización en Información**, que seguindo as liñas de IneIN, permite ao alumnado de 4º e 6º dispoñer dunha hora semanal para o coñecemento da biblioteca e para desenvolver capacidades de investigación.

Durante o primeiro trimestre traballamos fundamentalmente a CDU, a colocación dos libros na biblioteca, a procura na OPAC e a localización dos fondos atopados. No segundo trimestre traballamos sobre textos extraendo informacións, elaborando sínteses, esquemas, cadros sinópticos e reelaborando textos. Por último no terceiro trimestre o traballo centrouse no desenvolvemento de habilidades de procura da información, tanto a nivel de documentos impresos como dixitais, mediante a realización de proxectos de investigación por grupos que se han plasmar en informes nestes últimos días do curso.

Somos conscientes de que esta materia ten aínda moito marxe de mellora no seu deseño, pero aínda así somos extraordinariamente optimistas co seu futuro, xa que o alumnado e o resto do profesorado valoraron positivamente os traballos realizados na mesma. O vindeiro curso xa teremos ao alumnado de 6º que xa cursou a materia en 4º, polo que temos previsto que o traballo neste curso poida avanzar moito máis que ata o de hoxe, xa que a bagaxe de coñecementos que terá este alumnado permitirá adicar un pequeno tempo ao repaso dos conceptos básicos que sinalamos anteriormente, e centrarnos no desenvolvemento de proxectos específicos cos que poñer en práctica a teoría.

No tema da formación de usuarios deixamos para o final ao nutrido grupo de **voluntari@s** que desenvolven as tarefas de empréstamo nos recreos, control das quendas de computadores e da orde na biblioteca. Xa temos comentado o moito que teñen mellorado e a notable autonomía con que se desenvolven no manexo do programa de xestión, mais aínda así teremos que facer un esforzo para mellorar de cara aos próximos cursos.

As críticas que se poden facer, e que xa indicamos anteriormente, refírense aos moitos nenos e nenas que queren colaborar, e que non teñen asignadas funcións diferenciadas, por mor da estrutura que ten neste momento a Biblioteca. Coa reestruturación que temos en marcha e a instalación de distintos currunchos, pensamos que poderemos satisfacer as ganas de colaborar do alumnado proporcionando actividades diversas que deban supervisar, evitando

a saturación xunto á mesa de xestión.

Queremos valorar especificamente o feito de que os axudantes con maior experiencia van ensinando moitos aspectos das súas tarefas aos máis novos, sendo o papel do encargado da biblioteca só de supervisor e unicamente en determinados momentos realizar algunha explicación puntual cando se presenta un problema que non saben resolver.

## **Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.**

Como todos os anos, e coa mesma valoración positiva por parte do profesorado e do alumnado, realizamos a **lectura silenciosa**, un anaco de tempo específico e así sinalado no horario do centro, co que comezamos a nosa xornada, adicado a unha lectura libre, silenciosa e xeral, na que participa tamén o profesorado.

Dentro deste espazo para a lectura, os venres presentan un carácter especial, xa que o alumnado dunha aula se distribúe polo resto das aulas do colexio para facer unha lectura en voz alta, que previamente prepararon na súa clase, na actividade que chamabamos “os nosos autores en voz alta”, pero que agora xa denominamos simplemente **“a lectura do venres”**.

A lectura do venres non anula a lectura silenciosa, só a interrompe uns minutos, xa que os textos escolmados para a actividade son pequenos poemas, narracións curtas, anacos de obras...

Esta actividade motiva moito aos nenos e nenas, non só aos que len senón que tamén aos que escoitan. Supón un traballo previo de prosodia, dicción, control dos tempos e dos nervios que tan importantes son na lectura, e que o alumnado asume con moita motivación xa que lles interesa demostrar que ben o fan diante dos nenos e nenas das outras clases. A lectura do venres remata sempre con aplausos ao lector, e non poucas veces, cun pequeno agasallo da clase (un debuxo, un marcador ou unha galleta).

Outras actividades que se manteñen, e nas que non vamos a deternos moito tempo por ser xa vellas coñecidas, son **“Vaille co conto ao profe”**, e **“Os martes... conto”**. A primeira delas consiste en situar a un mestre voluntario do centro en situación de dispoñibilidade na biblioteca para que calquera nen@ poida ir lerlle un libro ou un fragmento que queira.

Na segunda os pais e nais do alumnado de infantil que non acode autonomamente nos recreos a facer empréstamos, ao tempo que acoden á biblioteca para realizar o empréstamo semanal cóntanlle contos aos nenos que acoden a esta actividade, que se realiza fóra do horario escolar. Para facilitarlle o traballo adquirimos contos troquelados, e libros obxecto que fan que cos seus contos deixen abraiados aos nenos participantes.



Unha actividade que tamén temos realizado en anos pasados, pero que este ano tivo unha periodicidade semanal, foi a de **contacontos dos maiores** para os pequenos de infantil durante o horario do recreo da mañá. Un día á semana, os mércores, alumnado de primaria preparou contos para narrarllos aos nenos e nenas de infantil que acoden á biblioteca a emprestar libros. A actividade ten unha dobre utilidade, xa que por unha parte supón un aliciente para os máis cativos de acudir á biblioteca para facer os seus empréstamos, pero tamén serve para que os maiores afonden na técnica de contar historias, melloren a súa lectura e a súa expresión oral. Podemos ver algúns destes contos aquí:

[Carrapuchiña vermella](#) e [O Xastreño valente](#).



Tamén funcionaron, cunha alta participación durante todo o curso, os **clubs de lectura e escritura**. Funcionaron 6 clubs de lectura e 3 de escritura, realizando semanalmente reunións cos seus case 100 participantes. É de destacar que en varios destes clubs se desenvolveron actividades de lectura en dispositivos dixitais, cos recursos propios do centro e con tablets propias do alumnado nas que se cargaron

os libros elixidos para a lectura do club.

Decatámonos de que moitos destes dispositivos non tiñan instalado ningún xestor de lecturas e, en moitos casos nin sequera un lector de PDFs.



Temos que sinalar que a carga de libros para a lectura se realizan en base a libros sen dereitos de autor editorial Weeble, traducidos por nós mesmos nun marco de colaboración coa devandita editorial. Aínda así as diferencias entre dispositivos, con distintos portos de entrada, con distintos programas de xestión, e a carencia dunha wifi aberta no centro dificulta o proceso de carga dos mesmos, pero cun pouco de voluntarismo vamos levando adiante o reto de ter dispoñibles estes dispositivos para a lectura dentro duns prazos razoables.

Actividades dos clubs de escritura son poesías, narracións colectivas, guións para curtas, etc...

Queremos destacar a creación dun **reading-club**, grazas á colaboración da nosa lectora de inglés, actividade que tivo tal demanda que houbo que facer varias quendas de alumnado, reducindo o número de lecturas, pero abranguendo a un número moito maior de nenos e nenas que querían participar da experiencia dunha lectura compartida en inglés. Esperamos que poidamos repetir a experiencia no vindeiro curso, aínda que para iso teñamos que esperar a ver a dispoñibilidade da nova lectora.



O **Kamishibai** foi empregado polo alumnado de 1º e 2º de primaria para a creación dos seus propios contos, cun resultado valorado moi positivamente polo alumnado. Tamén, como non podía ser doutro xeito, tivemos distintas **visitas de autores** promovidos dende distintas editoriais, entre as que destacamos a do autor e músico Paco Nogueiras que acudiu ao noso centro o día 5 de xuño

dentro das campañas de promoción da lectura de Kalandraka.

## Outras actuacións

A parte dos traballos realizados na aula virtual a páxina da biblioteca tamén volveu retomar a súa actividades, fundamentalmente a sección de proxectos, onde volvemos colgar distintos recursos elaborados polo equipo da biblioteca, destacando os realizados sobre a figura de Carlos Casares, sobre o que realizamos unha liña do tempo tomando como base a

investigación sobre a súa biografía que se realizou nas distintas clases, coa fin de participar no concurso de carteis convocado pola Consellería de Educación. [A nosa liña do tempo está dispoñíbel aquí.](#)

Tamén celebramos, como todos os anos, cunha participación que se achega á totalidade do centro, o **mercadiño de intercambio de libros**, o noso xeito de celebrar o día do libro, e que se realizou seguindo as mesmas liñas mestras que en anos anteriores.

O **punto de intercambio de libros** no exterior do colexio, ten xa unha dinámica propia moi interesante, con xente que dende a rúa mete libros na casa para o seu intercambio e manténdose, a pesares de que ninguén cría na posibilidade da súa permanencia, sen maiores estragos.

Non queremos pechar esta memoria de actividades sen subliñar unha das actividades que vimos facendo dende hai anos e que case nunca reflectimos nesta memoria, e é a **entrega de premios da biblioteca** que realizamos durante o festival de peche do mes das letras galegas. Nesta entrega de premios (en realidade a penas uns diplomas acreditativos da súa participación) galardóase aos gañadores da olimpiada do saber, aos nenos que máis libros colleron en empréstamo, aos participantes nos clubs de lectura e escritura, aos axudantes da biblioteca, aos que len contos en “Vaille co conto ao profe”... ata un total de 200 premios, o que dá unha idea do nivel de participación do alumnado nas propostas da biblioteca.

Por último queremos insistir no xa sinalado na memoria do ano pasado sobre a **lei de protección de datos** que afecta a moitas das actividades da biblioteca, como poden ser a realización de vídeos, fotografías das actividades, etc... Resulta unha mágoa que actuacións educativas, sen interese lucrativo, se vexan afectadas por unha lei que supoñemos terá importancia noutras facetas da vida pero que se encontra fóra de lugar no noso ámbito de traballo. As directrices fálannos de planos xerais, autorizacións específicas, escapar de servidores aloxados no estranxeiro e toda unha chea de indicacións que fan moi pouco doado dar visibilidade aos traballos do noso alumnado. Seguimos manifestando a nosa mágoa por unha lei que no que respecta á educación deixa ao profesorado nunha especie de indefinición legal que desanima a moitos a poñer en marcha proxectos innovadores.

## Grao de implicación do centro e da comunidade educativa

Como todos os anos temos que subliñar a **grande implicación do profesorado** do centro á hora de colaborar participando como coordinadores de clubs de lectura, acudindo á mesa de braseiro a escoitar contos en “Vaille co conto ao profe”, a renovar as bibliotecas de aula, a participar nos PDI e a animar constantemente aos nenos e nenas a participar nas distintas actividades propostas dende a biblioteca.

Unha grande parte desta implicación só se pode atribuír ao labor dos mestres do Equipo de Apoio, sempre buscando voluntarios, organizando os horarios para que sexan o máis cómodos e efectivos posibles... Non hai dúbida de que a nosa biblioteca non sería a mesma sen esta participación entusiasta do equipo.

Outro punto importante é o dos **alumnos voluntarios** que desempeñan os labores de empréstamo, control das quendas de computadores e control do comportamento na biblioteca, que supera o número de 30 voluntarios repartidos en 10 quendas correspondentes cos 10 períodos de recreo da semana.

Tamén as **familias** xogan un papel importante como se puido ver na memoria, acudindo a facer os empréstamos e a contar contos en “Os martes... conto”, e mesmo participando coas obras de teatro do grupo de nais.

Tamén son aos pais e nais a quen vai dirixido principalmente o punto de intercambio de libros, e de feito son eles os maiores usuarios desta iniciativa.

Tamén procuramos manter unhas boas relacións coa **Biblioteca Pública Municipal**, e de feito unha das actividades do alumnado de primeiro curso é acudir á biblioteca do concello e recibir alí o seu carné de usuario, xestionado dende o propio colexio.

## Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo

A biblioteca ten un importante papel polas achegas que fai para a adquisición de determinadas competencias básicas que permiten unha mellor aprendizaxe de distintas áreas do currículo.

Non vamos incidir no importante papel na adquisición das

**competencias lectoras e escritoras** que as actividades desenvolvidas dende a biblioteca teñen, así que imos centrarnos nas competencias de aprender a aprender e na competencia dixital, que se desenvolven grazas ás actividades **ALFIN** que, ben no propio espazo físico da Biblioteca como na aula de computadores, do que xa se falou en apartados anteriores, axudan a adquirir bos hábitos para a selección de información, a súa estruturación e a súa expresión en diferentes soportes.

A parte destas actividades específicas a biblioteca **colabora coas distintas aulas** facilitando materiais e fondos para as investigacións dos distintos proxectos de infantil e primaria, así como o proxecto documental integrado que atinxe a todo o centro.

## Producción de materiais

1.- Do Barquiño de Papel editáronse dous números, un que fixo as veces de boletín de participación da olimpiada do Saber, e outro adicado ao mercadiño de intercambio de libros co gallo do día do libro. Temos en preparación para a entrega nos últimos días do curso un número no que se farán recomendacións lectoras de cara ao verán.

2.- Elaboráronse unha serie de materiais relacionados cos proxectos de investigación: unha web sobre [a viaxe dun gran de trigo](#), incompleto pois a temporización das actividades, tal e como se sinalou anteriormente, en forma de conto viaxeiro entre as aulas de 1º e 2º, fixo que neste momento só estea rematada a primeira etapa da viaxe; un ExElearning no que se recollen os traballos realizados sobre [a castaña e o castiñeiro](#); un documento que reflicte as nosas reflexións finais sobre [a convivencia escolar](#), proxecto rematado no curso pasado.

4.- Publicamos un [conto de entroido](#) elaborado polo club de escritura de 6º curso, tamén editado no blogue en formato dixital.

5.- Neste curso publicamos, como todos os anos, a nosa revista escolar, [Trágame Terra](#), adicada este ano a Carlos Casares, e onde se poden observar multitude de

BLOGUES POLA LINGUA

BLOGUES POLA LINGUA

A WEB DA BIBLIOTECA NO TEU MÓBIL

BIBLIOTECAS ESCOLARES GALEGAS

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

Un conto de entroido

22 de Febrero de 2017

As chicas e o chico do club de escritura de sexto fixeron este texto que espero que vos guste:

entroido by quint on Scribd

O BOMBO FLUXATIVO

CAP1: O FOLGÓN

Encontárame estar no meu pobo. Nos finais de setecena viamos A Viana toda a noite a bailar. En canto chego vou xogar cos meus amigos, e logo, todos xuntos vivemos a ensaio no barrio do Toño con todo o folgón. Francisco toca a alada pero o resto toca o escavo. É divertido andar toaños a todo meter, o xarame sente un fermamento, e nos escotan ata E.ritava. Todos estamos deseando que chegue o entroido para saír a bailar pola rúa de Viana. Será fenomenal!

CAP2: O ENTROIDO

Mañás, despertoume as escolas e saí de cama Vestíme

Show me more about this topic -

SCRIBD 1 of 4


Posted in: club de lectura: creación literaria letras galegas | Comments (0)

traballos realizados polo alumnado no que se reflicten os seus traballos de investigación, actividades de creación literaria, etc...

## Avaliación

Para avaliar o noso labor neste curso seguiremos os indicadores que marcamos no proxecto do ano pasado, sempre coa intención de tirar proveito deles no senso de atopar novas liñas de mellora.

Nun primeiro lugar queremos sinalar que o nivel de empréstamos ven sendo similar ao de anos anteriores, se ben non podemos acceder a estatísticas certas dos empréstamos pola perda de datos causada pola avaría do ordenador, e ter que traballar case un mes cunha copia de seguridade desfasada ata acadar a recuperación total dos datos.




Seguimos notando un maior número de empréstamos nos niveles máis baixos e unha redución progresiva segundo aumenta a idade do alumnado.

Tamén observamos pola duración dos empréstamos a preponderancia do uso entre os alumnos máis pequenos do colexio, lóxico xa que os maiores tardan máis en ler os seus libros, e, xa que logo, len menos exemplares. Pero aínda así a diferenza é moi

grande, polo que tentaremos estimular (vía recomendacións lectoras, vía clubs) un maior uso dos servizos da biblioteca.


Por último o empréstamo lector das rapazas supera amplamente o dos rapaces, máis interesados no fútbol ca na lectura. Velaí outro reto que teremos que encarar.

Este ano non puidemos facer as enquisas que habitualmente realizamos en google-docs, debido a que neste final de curso estamos



inmersos en obras na biblioteca e non houbo tempo material para a súa elaboración e rexistro.

Aínda así preguntados oralmente o alumnado de ALFIN de 4º e 6º sobre a súa valoración persoal do servizo, continúa sendo altamente satisfactoria.



A pesares desta avaliación positiva por parte do alumnado somos conscientes de determinados problemas que teremos que mellorar, como a renovación dos ordenadores do alumnado, a instalación dunha wifi, tablets para traballo

colaborativo, servizo de impresión...

Tampouco fixemos unha análise, empregando a ferramenta de avaliación de Inés Miret, Mónica Baró, Teresa Mañá e Inmaculada Velloso como realizamos en anos anteriores, polas mesmas razóns expostas con anterioridade.

Como **centro participante en LIA-2** estamos nun proceso de reforma integral da biblioteca, o que trae de seu unha serie de obras que se solicitaron a diversas institucións, e que houbo que facer atendendo ás súas esixencias de calendario, o que nos levou a esta circunstancia de non dispoñer de tempo, nin espazo físico, nesta última fase do curso, para realizar estas actividades de avaliación.

## Previsións de futuro

As previsións de futuro da nosa biblioteca están polo tanto, determinados pola nosa participación en LIA-2:

- Renovación do chan, do illamento das fiestras, pintado das paredes.
- Adquisición de tablets, pantalla multi-touch para o traballo colaborativo.
- Creación de recunchos dentro da biblioteca (recuncho creativo, robótica)
- Instalación dunha pizarra dixital interactiva

- Crear espazos de lectura distendida no exterior da biblioteca como medio de reducir o ruído nos recreos
- Renovación de parte do mobiliario
- Instalación dun servizo de impresión
- Expurgo de materiais de máis de 20 anos, e aqueles deteriorados, tanto en fondos como en xogos educativos.
- Fomento do uso didáctico do espazo da biblioteca para os proxectos de investigación das distintas aulas.
- Instalación de novas iconas identificativas das materias dos libros e dos andeis

Seguiremos tamén desenvolvendo ALFIN en 4º e 6º, e poñendo en marcha iniciativas de innovación educativa, como por exemplo os escornabots.

Queremos que a nosa biblioteca se instale definitivamente no século XXI, aproveitando os recursos tecnolóxicos máis novos, sen renunciar ao mundo analóxico. Queremos que a nosa biblioteca sexa inclusiva, que facilite a participación de todos e todas, e que entre nunha dinámica de renovación constante, de participación en proxectos innovadores explorando novos xeitos de acadar uns usuarios críticos que sexan quen de extraer coñecemento dos recursos que lles ofrezamos.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDEACIÓN UNIVERSITARIA

Ceip. Condessa de Fenosa

Tlf. 988.32 10 60. Fax. 988 32 59 69 E-mail: ceip.condessa.fenosa@edu.xunta.es  
Rúa Coruña nº 24.- 32.300.- O BARCO DE VALDEORRAS

**LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2017/2018**

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua	PGLT
3 anos	L.Inglesa	Daisy, Robin and me. Green. CB. PK Starter	9780194806626	I	Non
4 anos	Proxecto	Malvados de Cuentos. Ed. Edelvives	978-84-263-9187-2	C	Non
4 anos	L.Inglesa	Daisy, Robin and me. Green. CB. PK CDA	9780194806435	I	Non
4 anos	Matemáticas	A aventura dos números 3. Ed. Paraninfo	978-84-103-1242-6	G	Non
4 anos	Matemáticas	A aventura dos números 4. Ed. Paraninfo	978-84-103-1243-3	G	Non
5 anos	Proxecto	O horto. Ed. Edelvives	978-84-9046-193-8	G	Non
5 anos	L.Inglesa	Daisy, Robin and me. Green. CB. PK CDB	9780194806534	I	Non
5 anos	Grafomotricidade	Caderno de grafomotricidade 4. Ed. Edelvives	978-84-263-8018-0	G	Non
5 anos	Matemáticas	A aventura dos números 5. Ed. Paraninfo	978-84-403-1244-0	G	Non
5 anos	Matemáticas	A aventura dos números 6. Ed. Paraninfo	978-84-403-1245-7	G	Non
1ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 1º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467847284	G	Si
1ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 2º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467847291	G	Si
1ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 3º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467847307	G	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1. Caderniño 1. Aprender es crecer. Ed. Anaya	9788467845280	C	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1. Caderniño 2. Aprender es crecer. Ed. Anaya	9788467845297	C	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1. Caderniño 3. Aprender es crecer. Ed. Anaya	9788467845303	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 1º T. Ed. Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 2º T. Ed. Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 3º T. Ed. Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	L.Inglesa	Quest 1. Pupil's book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478978	I	Si
1ºEP	L.Inglesa	Quest 1. Activity book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477711	I	Non
1ºEP	Relixión	Relixión. María A. Andrés. Ed. Anaya	9788467876048	C	Si
2ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 1º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467877175	G	Si
2ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 2º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467877182	G	Si
2ºEP	Ling. nat., soc	Xuntos. 3º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed. Anaya	9788467877199	G	Si
2ºEP	L. Castelá	Non haberá libro de texto nin caderniños			
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Emma Pérez M. 1º T. Ed. Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Emma Pérez M. 2º T. Ed. Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Emma Pérez M. 3º T. Ed. Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	L.Inglesa	Quest 2. Pupil's book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478985	I	Si
2ºEP	L.Inglesa	Quest 2. Activity book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477728	I	Non
2ºEP	Relixión	Relixión. María A. Andrés. Ed. Anaya	9788467876062	C	Si
3ºEP	Matemáticas	Matemáticas 3 Aula Activa. J. Fraile. Ed. Vicens Vives	9788468220505	C	Si
3ºEP	Sociais	Sociais 3 Aula Activa. M. García, C. Gatell. Ed. Vicens Vives	9788468237893	G	Si
3ºEP	Naturais	Naturais 3 Aula Activa. Mª J. Mtez, J. Serra. Ed. Vicens Vives	9788468234588	G	Si
3ºEP	L. Galega	Lingua 3 Aula Activa. M. Dávila, M.C Mtez. Ed. Vicens Vives	9788468221083	G	Si
3ºEP	L. Castelá	Lengua 3 Aula Activa. P. Celis, J. Canto. Ed. Vicens Vives	9788468220529	C	Si
3ºEP	L.Inglesa	Quest 3. Pupil's book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477735	I	Si
3ºEP	L.Inglesa	Quest 3. Activity book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478695	I	Non
3ºEP	Relixión	Relixión. María A. Andrés. Ed. Anaya	9788467818994	C	Si
4ºEP	Matemáticas	Matemáticas 4 Aula Activa. J. Fraile. Ed. Vicens Vives	9788468228815	C	Si
4ºEP	Sociais	Sociais 4 Aula Activa. M. García, C. Gatell. Ed. Vicens Vives	9788468228983	G	Si
4ºEP	Naturais	Naturais 4 Aula Activa. M. García, C. Gatell. Ed. Vicens Vives	9788468228433	G	Si
4ºEP	L. Galega	Lingua 4 Aula Activa. M. Dávila, M.C Mtez. Ed. Vicens Vives	9788468228679	G	Si
4ºEP	L. Castelá	Lengua 4 Aula Activa. P. Celis, J. Canto. Ed. Vicens Vives	9788468228358	C	Si
4ºEP	L.Inglesa	Quest 4. Pupil's book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477742	I	Si
4ºEP	L.Inglesa	Quest 4. Activity book. J. Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478701	I	Non
4ºEP	Relixión	Relixión. María A. Andrés. Ed. Anaya	9788467819038	C	Si





CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDEACIÓN UNIVERSITARIA

**Ceip. Condasa de Fenosa**

Tlf. 988.32 10 60. Fax. 988 32 59 69 E-mail: ceip.condasa.fenosa@edu.xunta.es  
Rúa Coruña nº 24.- 32.300.- O BARCO DE VALDEORRAS

---

Para os cursos de **5º e 6º de Educación Primaria** NON É PRECISO mercar libros de texto xa que se traballará de forma dixital.

O material que o alumnado necesite no seu momento, será solicitado polos titores / titoras correspondentes.

En O Barco de Valdeorras a 27 de xuño de 2017.

O DIRECTOR

Asdo : Francisco Pérez Lemos